2013

Memoria de actividades de **cultura**
da Xunta de Galicia **2013**

CULTURA

XUNTA DE GALICIA

Memoria de actividades de **cultura** da Xunta de Galicia **2013**

XUNTA DE GALICIA

EDITA:
XUNTA DE GALICIA
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Secretaría Xeral de Cultura

DESEÑO: Trisquelia
IMPRESIÓN: Tórculo
DEPÓSITO LEGAL: C 436-2014

Contido

Presentación 9
Introdución xeral á Memoria 11

01
LIBRO, LECTURA E REDE BIBLIOTECARIA DE GALICIA 13

1.1 Promoción do libro e publicacións: programas de apoio aos axentes do libro 14
1.2 Melloras no sistema bibliotecario de Galicia 16
1.3 Biblioteca de Galicia 18
1.4 Galiciana, a biblioteca dixital de Galicia 21
1.5 Dinamización da lectura e do espazo bibliotecario 22
1.6 Formación sectorial 27
1.7 Bibliotecas escolares e fomento da lectura no ámbito educativo 27
1.8 Rexistro da Propiedade Intelectual e Depósito Legal 31

02
ARQUIVOS 35

2.1 Anteproxecto para unha nova lei de arquivos e documentos de Galicia 36
2.2 Sistema arquivístico de Galicia 37
2.3 Arquivo de Galicia 42
2.4 Proxecto ARPAD: Arquivo Dixital de Galicia 42

03
PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL GALEGO 45

3.1 Protección do patrimonio cultural 46
3.2 Intervencións arqueolóxicas 50
3.3 Intervencións para a conservación do patrimonio arquitectónico e artístico 52
3.4 Museos e centros de difusión do patrimonio dependentes da consellería 58
3.5 Programas de dinamización en espazos do patrimonio cultural galego 65
3.6 Colaboración con outras entidades culturais para a difusión do patrimonio cultural 68
3.7 Formación especializada 70

04
CULTURA PARA TODAS E TODOS **73**

4.1 Apoio á rede cultural galega 74
4.2 Programación na Fundación Camilo José Cela 76
4.3 Cultura na internet 78
4.4 Formación de novos públicos. Disciplinas en diálogo 79
4.5 Integración da diversidade de actores culturais e de públicos 80
4.6 Premios e certames para fomentar e recoñecer a creatividade 83
4.7 Difusión e coordinación das efemérides culturais 2013 89
4.8 Promoción do turismo cultural 97

05
APOIO Á CREACIÓN E DIFUSIÓN DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS **103**

5.1 Difusión da música 104
5.2 Proxección das artes escénicas 107
5.3 Cultura + Educación: formación artística e difusión cultural 108
5.4 Música e actividade escénica para dinamizar a lingua galega 110

06
DIFUSIÓN DAS ARTES PLÁSTICAS **113**

6.1 Programación expositiva do Centro Galego de Arte Contemporánea 114
6.2 Programación artística no Museo de Belas Artes da Coruña 119
6.3 Exposicións da Casa da Parra 121
6.4 Colaboración co MARCO, de Vigo 122

07
INDUSTRIAS CULTURAIS. ACTUACIÓNS DA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS (AGADIC) **125**

7.1 Convocatorias de subvencións ás industrias culturais 127
7.2 Políticas de fomento da programación musical e escénica 127
7.3 Colaboracións con outras entidades para a difusión da actividade escénica e musical 130
7.4 Apoio á Feira Galega das Industrias Culturais. Culturgal 2013 131
7.5 Programación do Centro Dramático Galego 132
7.6 Programación do Centro Coreográfico Galego 137
7.7 Actuacións do Grupo de Música Tradicional da Agadic 139
7.8 Políticas dirixidas ao sector audiovisual galego 139
7.9 Actividade do Centro Galego de Artes da Imaxe 142
7.10 Formación sectorial e *coworking* 144

08
ILLA DE SAN SIMÓN, UN ESPAZO PARA A CREACIÓN **149**

8.1 Programa de visitas culturais á illa 150
8.2 #NeThinking 2013, comunicación e redes sociais 151
8.3 Apoio ao desenvolvemento de actividades de formación 152
8.4 Outras actividades culturais en San Simón 154

09
A CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, POLO DE DESENVOLVEMENTO CULTURAL **157**

9.1 Música e escena 158
9.2 Exposicións 161
9.3 Intercambio 165
9.4 Visitas guiadas 167
9.5 En familia 168
9.6 Aula Gaiás 170
9.7 Letras e pensamento 170

10
INTERNACIONALIZACIÓN E PROXECCIÓN EXTERIOR DA CULTURA GALEGA **175**

10.1 Apoio á internacionalización do libro e da literatura 176
10.2 Centros de estudo da lingua e da cultura galegas en universidades de todo o mundo 178
10.3 Apoio á internacionalización das industrias culturais 179
10.4 Proxectos de cooperación transfronteiriza 183

Anexo 1
ÁREA DE CULTURA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA **184**

Anexo 2
PRINCIPAIS CONVOCATORIAS DE AXUDAS PÚBLICAS DA ÁREA DE CULTURA DA XUNTA DE GALICIA EN 2013 **186**

Créditos fotográficos 190

Presentación

A Cultura e a Educación son dous piares básicos para o noso desenvolvemento social, para o crecemento persoal e colectivo, e para medrar como pobo con identidade e con capacidade creativa.

Desde 2012 a estruturación das competencias da Xunta de Galicia determinou a unificación nunha mesma consellería dos ámbitos da promoción e difusión da cultura, da lingua galega, da protección do patrimonio cultural, da regulación e administración do ensino regrado e mais da coordinación do sistema universitario. Esta decisión, sustentada en criterios de racionalización das estruturas, favoreceu a creación de sinerxías entre os ámbitos culturais e educativos que xa están a dar froitos positivos, tanto para os sectores profesionais e do ensino como para o conxunto da sociedade.

As escolas, as bibliotecas, os museos, as universidades, os arquivos, os conservatorios ou os centros de linguas son espazos de formación e de desenvolvemento cultural. O investimento neles e o establecemento de políticas públicas positivas resultan valores fundamentais para a construción dun futuro colectivo próspero. Porque a cultura é identidade, espazo simbólico compartido, pero é tamén capital creativo, capacidade de innovación, información, coñecemento, intercambio, proxección internacional, transformación... En resumo, futuro.

Se calquera actuación social debe pretendelo, o espazo cultural debe representar con excelencia o eido aberto no que poidan ter cabida todas as sensibilidades e perspectivas, sen exclusións. Galicia é un fervedoiro de propostas artísticas, no plano musical, no audiovisual, no teatral..., tanto no campo profesional como na actividade afeccionada, cunha enorme variedade de estéticas e de modelos. Este 2013 foi especialmente vizoso no recoñecemento dos nosos creadores fóra de Galicia, nomeadamente no ámbito literario. Desde os poderes públicos e desde o conxunto da sociedade temos a obriga de alentar e promover toda esa capacidade. Os recursos económicos limitados obrigan a establecer prioridades, pero deben dirixirse a políticas integradoras e capaces de impulsar o noso desenvolvemento comunitario.

Con esta perspectiva, a Xunta de Galicia vén realizando unha aposta decidida pola difusión e a promoción dos distintos ámbitos do traballo cultural no noso país, como apoio a un sector económico que achega riqueza e valor simbólico, pois a cultura transmite o que somos como comunidade humana e o que queremos ser, o herdo que nos singulariza e o que debemos transmitirlles ás xeracións vindeiras.

Xesús Vázquez Abad
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Introdución xeral á Memoria

Presentamos nesta publicación o resumo das actuacións en materia de Cultura promovidas en 2013 polo Goberno galego. A elaboración desta Memoria 2013 é un exercicio de transparencia e de exposición pública da actividade e das liñas políticas abordadas no último ano, nun momento económico e social no que se fai máis necesaria ca nunca unha xestión planificada e explicada.

O relato das liñas da actuación da Xunta de Galicia no ámbito cultural estrutúrase en dez capítulos, nos que se abordan as estratexias e intervencións máis importantes do último ano no ámbito do libro e da lectura, do sistema arquivístico, da protección e conservación do noso patrimonio cultural, das políticas de apoio á creatividade no conxunto da sociedade galega, das novas liñas de traballo conxunto entre os espazos formativos e os centros de produción cultural, do apoio á creación e á difusión dos distintos sectores profesionais das artes, así como as políticas dirixidas ás industrias culturais e á súa internacionalización, outorgándolles un lugar destacado aos principais centros públicos de programación e xestión dependentes da Consellería de Cultura e Educación (Cidade da Cultura, centros expositivos, Agadic, Illa de San Simón etc.). Por último, anéxase a relación das convocatorias realizadas pola consellería con cargo aos orzamentos de 2013, para unha perspectiva global das liñas de axuda pública no ámbito cultural da Xunta de Galicia.

Ademais do papel imprescindible da xestión pública da cultura para contribuír ao benestar da cidadanía e ao desenvolvemento do conxunto da sociedade, na actual situación de crise económica as medidas de aproveitamento máximo dos recursos colectivos, de fomento da colaboración transversal con outras entidades, a implicación de capitais privados nas programacións e a cesión dos espazos públicos para favorecer a actividade cultural do conxunto da sociedade son imprescindibles para transitar cara a un futuro mellor e como un investimento indispensable para a permanente transformación creativa da realidade.

Anxo M. Lorenzo Suárez
Secretario xeral de Cultura

01

LIBRO, LECTURA E REDE BIBLIOTECARIA DE GALICIA

O libro e a lectura constitúen dous piares básicos para o desenvolvemento sociocultural das comunidades e dos individuos, xa que na práctica lectora, ademais do propio pracer de ler, concéntrase unha fonte esencial da difusión do coñecemento, da formación e do desenvolvemento do pensamento crítico das persoas.

Favorecer o incremento dos índices de lectura na poboación de Galicia, a mellora dos servizos bibliotecarios, unha creación literaria viva e rica, así como un mercado do libro forte e sustentable e adaptado aos desafíos tecnolóxicos actuais son algunhas das prioridades da actuación da Xunta de Galicia neste ámbito.

1.1
Promoción do libro e publicacións: programas de apoio aos axentes do libro

Na liña de **apoio á edición**, a Secretaría Xeral de Cultura destinou en 2013 á adquisición de títulos publicados en galego no ano anterior un total de 349.643,07 euros. Esta compra ás editoriais con produción en lingua galega establécese a partir da oferta elaborada polo sector do libro, cunha selección baseada na demanda dos lectores e no obxectivo de completar as coleccións de fondos das bibliotecas públicas da Rede de Bibliotecas de Galicia. Compráronse e distribuíronse este ano 30.533 exemplares correspondentes a 163 títulos editados por 33 editoriais galegas.

No impulso á **comercialización e promoción de autores e obras**, e en colaboración coa Federación de Libreiros de Galicia, a Xunta de Galicia promove a celebración de citas anuais co libro nas rúas das principais vilas de Galicia. En 2013 celebráronse feiras do libro na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago de Compostela, Rianxo, Monforte, Viveiro, Foz e Vigo, cun investimento de 121.500 euros. Estes puntos de mostra e venda de títulos, dinamizados con numerosas actividades dirixidas á cidadanía (sinatura de libros, encontros cos autores e ilustradores, obradoiros infantís, charlas, contacontos etc.), permiten un achegamento aos libros mediante a exhibición, difusión e comercialización das publicacións, e a promoción da lectura entre a sociedade galega.

A Consellería de Cultura e Educación, na liña de **apoio aos creadores literarios**, asinou este ano un convenio de colaboración coa Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega para a realización de actividades de promoción do libro e da lectura, vinculadas aos seus asociados. Así mesmo, a Secretaría Xeral de Cultura subscribiu, un ano máis, a súa colaboración co Centro Pen de Galicia, para favorecer o desenvolvemento de actividades de creación e de difusión literaria.

100% ILUSTRACIÓN, UN CATÁLOGO PARA COÑECER OS ILUSTRADORES GALEGOS

A editorial Bululú editou este ano o catálogo *100% Ilustración*, no que reúne cen dos mellores ilustradores, publicado co apoio da Consellería de Cultura e Educación. O catálogo, do que se publicaron 400 unidades en galego e 1.100 en castelán, foi prologado por Siro López e é o primeiro destas características que se edita en Galicia.

CALENDARIO DO LIBRO E DA LECTURA 2013

En colaboración coa Federación de Libreiros de Galicia, a Secretaría Xeral de Cultura enviou con motivo do Día das Librerías unha lámina para difundir as principais datas arredor do libro do ano vindeiro, co fin de animar a realización de actividades vinculadas a esas celebracións, tal como establece o artigo 24.1 da Lei do libro e da lectura de Galicia.

Outra das estratexias de actuación na promoción de autores e das súas obras é o apoio á **convocatoria de premios literarios** (*vid.* CAPÍTULO 4), adoito en colaboración con outras institucións e entidades, así como as accións de internacionalización vinculadas á dinamización das feiras do libro no exterior e as actuacións de difusión literaria na rede, tratadas no capítulo de promoción exterior da cultura (*vid.* CAPÍTULO 10).

Pontes entre culturas. Promoción da tradución

Favorecer a difusión da produción intelectual e creativa de Galicia noutros territorios e, ao mesmo tempo, facilitar o acceso da cidadanía galega aos textos producidos noutras linguas son os obxectivos principais do programa de axudas á tradución convocado cada ano pola Secretaría Xeral de Cultura. En 2013 o investimento nesta acción de intercambio cultural e de enriquecemento da sociedade foi de 200.000 euros, mediante convocatoria de axudas ás editoriais en concorrencia competitiva. En total apoiáronse 34 proxectos de tradución; 13 deles son traducións de obras orixinalmente en galego para outras linguas e 21 son traducións ao galego de obras escritas orixinalmente noutros idiomas.

No mes de outubro celebrouse, ademais, a segunda edición do obradoiro internacional de tradución poética ***Con barqueira e remador***, que permitiu que oito poetas de diversas nacionalidades e linguas convivisen ao longo dunha semana na Illa de San Simón, nun intercambio creativo e cultural que dará lugar a unha publicación.

Simposio anual sobre o libro e a lectura

Máis de 90 profesionais bibliotecarios, profesores e editores participaron este ano na décima edición do simposio anual do libro e da lectura, unha xornada promovida pola Asociación Galega de Editores, que se centrou este ano no futuro da biblioteca no entorno dixital. O simposio celebrouse o 14 de novembro no Consello da Cultura Galega e contou co apoio da Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia.

1.2 Melloras no sistema bibliotecario de Galicia

A Rede de Bibliotecas de Galicia está composta polas bibliotecas de titularidade pública, estatal, autonómica ou local, así como as de titularidade privada abertas ao público e integradas nesta rede, situadas dentro do territorio de Galicia.

A fotografía do estado do servizo bibliotecario de Galicia realízase anualmente a través da **elaboración da estatística da Rede de Bibliotecas de Galicia**, presentada desde a Subdirección Xeral de Bibliotecas, a partir dos datos achegados por cada unha das bibliotecas públicas. Das 388 bibliotecas públicas que forman parte da rede de bibliotecas públicas de Ga-

licia, cubriron a enquisa 307. Segundo se desprende dese balance, elaborado cos datos do 2012, rexistráronse preto de 2.450.000 préstamos, o que supuxo un incremento do 7,5% respecto do 2011. O tipo de documentación que maioritariamente collen en préstamo os usuarios é o libro, aínda que cada vez máis se acode á biblioteca para buscar produtos e información noutros soportes, como o audiovisual. En canto aos usuarios da Rede de Bibliotecas de Galicia, os datos apuntan xa preto de 700.000 usuarios. No último ano analizado (2012), o total de novos usuarios que fixeron o seu carné nas bibliotecas participantes no estudo foi de 53.429 persoas, o que supón un incremento de altas de máis dun 15% desde 2010.

Actualización do servizo das bibliotecas nodais

Para ofrecer un axeitado servizo corrente nas principais bibliotecas de Galicia, a Secretaría Xeral de Cultura planifica cada ano un conxunto de actuacións de mellora para estes centros nodais. Este ano destináronse 200.000 euros ás obras, reparacións e compras de equipamentos nas sedes das seis bibliotecas nodais da comunidade autónoma. Ademais das reparacións de humidades, melloras das instalacións eléctricas ou adquisición de mobiliario, este ano fíxose un especial esforzo na mellora das condicións de seguridade das persoas usuarias.

Estes investimentos completáronse coas actuacións de mellora financiadas desde o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, que en 2013 supuxeron un custo total contra os orzamentos do Estado nas bibliotecas de titularidade estatal e xestión transferida á Xunta de Galicia de 145.287,71 euros.

Programación de dinamización nas bibliotecas nodais

Potenciar o papel da biblioteca pública como centro de referencia cultural, máis alá do servizo estrito de préstamo de libros e publicacións, é a finalidade da ampla programación ofrecida polas bibliotecas nodais da Rede de Bibliotecas de Galicia. As actividades son de natureza diversa (presentación de obras, charlas de divulgación científica ou literaria, exposicións didácticas etc.) e responden a unha vocación universal para crear o interese do maior número de cidadáns posible. Á realización destas actividades desenvolvidas nas bibliotecas nodais da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo destináronse este ano algo máis de 78.000 euros.

Máis libros para ler. Dotación de novos fondos

En 2013 destináronse 276.000 euros á **adquisición de novos libros e fondos bibliográficos** de diversa índole para as bibliotecas nodais galegas,

que permitiron poñer á disposición dos usuarios novos títulos, ademais de atender suxestións de compras trasladadas polos lectores, así como a substitución de fondos deteriorados ou perdidos. Estas actuacións converten as colecções nun recurso dinámico, enriquecido anualmente coa chegada de materiais novos e o descarte de materiais antigos, para adaptarse ás necesidades e ofrecer un servizo de calidade. En 2013 adquiríronse máis de 20.000 documentos, o que supuxo un incremento dun 4,5% de media da colección das bibliotecas nodais.

Este programa de mellora das colecções ten unha vertente dirixida ás bibliotecas municipais de Galicia. Trátase da adquisición de fondos bibliográficos con destino ás bibliotecas ou axencias de lectura públicas integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia, co fin de que dispoñan tamén dunha colección actualizada e de calidade. Con este investimento, que este ano ascendeu a 150.000 euros, conséguese un incremento progresivo do número de documentos por habitante no conxunto do territorio, ademais de mellorar as colecções e satisfacer as demandas xerais dos usuarios.

As adquisicións editoriais da Secretaría Xeral de Cultura, centradas no libro en galego que este departamento distribúe ás bibliotecas, completan esta alimentación anual das colecções bibliotecarias.

1.3
Biblioteca de Galicia

A sede da Biblioteca de Galicia, situada na Cidade da Cultura de Galicia, é un espazo de recente creación que, ademais de albergar e conservar as publicacións en calquera soporte editadas ou vinculadas con Galicia,

acolle numerosas actividades destinadas á dinamización deste centro de referencia bibliotecaria, para favorecer un maior coñecemento e achegamento da sociedade.

Nesa intención de atraer a cidadanía de todas as franxas de idade, ao longo de 2013 a Biblioteca de Galicia programou na súa sede diversas mostras arredor das dúas grandes citas literarias galegas este ano. A exposición *150 anos de Cantares gallegos*, aberta ao público do 3 de maio ao 30 de xuño na entrada da Biblioteca e Arquivo de Galicia, ofreceu un percorrido pola evolución das edicións do poemario, desde a publicación primeira en 1863 ata os nosos días, publicacións, manuscritos, adaptacións infantís, gravacións musicais etc. A Biblioteca de Galicia organizou tamén unha mostra bibliográfica sobre o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, Roberto Vidal Bolaño.

No último período do ano, a exposición *Técnicas e Artes do gravado*, aberta do 28 de novembro ata o 27 de marzo de 2014, propuña un percorrido didáctico polas técnicas históricas do gravado (xilografía e gravado en relevo, gravado en oco e litografía) a través dos orixinais de grandes creadores como Rembrandt, Goya, Picasso, Manet ou Laxeiro. De forma paralela á exposición, a Biblioteca de Galicia puxo en marcha obradoiros de técnicas de gravado e estampación para xente nova no Nadal con distintas sesións en decembro e xaneiro para rapaces e rapazas entre 8 e 12 anos, e dos 13 aos 15.

Ademais destas, en colaboración coa Fundación Camilo José Cela, exhibiuse no segundo semestre unha selección de exemplares destacados da biblioteca de Cela relacionados con Galicia, pertencentes á colección do autor albergada na Biblioteca de Galicia.

Para o público máis novo, desenvolvéronse nesta sede ao longo do ano distintos encontros e actuacións lúdicas vinculadas aos ciclos programados pola Cidade da Cultura. E no último trimestre realizáronse seis obradoiros destinados a nenos e nenas de 8 a 12 anos, dentro do programa *Da tábula ao tablet: os libros e as bibliotecas a través do tempo*.

Nova web da Biblioteca de Galicia

Con motivo do Día da Biblioteca presentouse no mes de outubro a nova web da Biblioteca de Galicia, a través da que se lle ofrece á cidadanía información actualizada e de interese sobre os catálogos e coleccións, as actividades desenvolvidas e as publicacións vinculadas co ámbito bibliotecario, entre outros servizos.

A través da súa páxina web, http://bibliotecadegalicia.xunta.es/, tamén se pode acceder a Galiciana, a biblioteca dixital de Galicia.

Mellora da colección de fondos bibliográficos da Biblioteca de Galicia

En 2013 realizáronse adquisicións de fondos para mellorar as coleccións da biblioteca, especialmente da sección de referencia e consulta. Os

principais obxectivos fixados este ano foron contar cunha sala de referencia especializada, de calidade e de utilidade para todo o sistema bibliotecario e incrementar os fondos destinados aos clubs de lectura. Con ese fin investíronse 40.000 euros na adquisición de novos fondos, dos que se beneficia o conxunto do sistema bibliotecario galego que pode acceder a eles polo sistema de préstamo centralizado.

Novas cesións en comodato

A Consellería de Cultura e Educación e Novagalicia acordaron a cesión do fondo bibliográfico do banco á Biblioteca de Galicia, abrindo así o acceso aos 3.214 volumes que a compoñen, por un período renovable de 5 anos en réxime de comodato, que permitirá a realización dunha mostra temporal en 2014 cos 66 incunables presentes na colección. Ademais, a consellería realizará un tratamento técnico dos fondos para a súa catalogación, dixitalización e acceso a datos electronicamente.

A colección procedente da biblioteca de Basilio Losada completouse este ano con novos 4.000 volumes con diversos eixes temáticos, que amplían así os máis de 11.000 volumes que en 2001 lle foran adquiridos ao docente e investigador galego asentado en Barcelona. Entre estes libros atópase unha colección de poesía, principalmente en castelán, así como literatura portuguesa e crítica literaria sobre obras portuguesas.

Froito do comodato acordado entre a familia do desaparecido intelectual galego e a Consellería de Cultura, Educación e O.U., este ano púxose ao dispor da cidadanía galega a biblioteca e arquivo do doutor Agustín Sixto Seco. A biblioteca de Sixto Seco, formada por máis de 4.000 volumes, abrangue desde importantes edicións dos primeiros tempos da edición galega de posguerra fondos americanos, procedentes da emigración galega, abundantes obras sobre Galicia, sobre medicina e sobre temas históricos, relixiosos, políticos, literarios, educativos etc. Entre os documentos destacan a correspondencia, manuscritos, tanto propios como de intelectuais como Otero Pedrayo ou Castelao, documentación da súa intensa relación con multitude de institucións, e compendios documentais sobre innumerables temas e iniciativas culturais.

A Biblioteca de Galicia incorporou tamén este ano os fondos da Asociación da Prensa da Coruña, unha colección de 1.588 volumes de exemplares de *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego* e *La Hoja del Lunes*, de entre 1961 e 2009, correspondentes aos fondos da Asociación da Prensa da Coruña (APC).

No mes de agosto incorporáronse á biblioteca máis de 17.700 documentos procedentes do legado do xornalista vimiancés Celso Collazo: 6.700 monografías, 3.600 revistas e 24 caixas que conteñen 5.520 exemplares de *The New York Times Book Review*, suplemento semanal do xornal do mesmo nome. A colección inclúe 830 DVD, 238 vinilos, 74 CD, 364 cintas VHS, 150 casetes, 19 bobinas de películas e dúas caixas de diapositivas cedidas por este xornalista, que exerceu como correspondente na Segunda Guerra

Mundial que traballou para a axencia EFE boa parte da súa carreira, como correspondente en Washington, Londres, Moscova ou Nova York.

Outros fondos cos que se comezou a traballar no ano 2013, parte dos cales xa se trasladaron á Biblioteca de Galicia, son os de José Luis Basanta (unha extraordinaria colección de obras, esencialmente científicas, desde o século XV ata a actualidade), a biblioteca de Alejandro Armesto (director de *El Progreso de Lugo*, *Faro de Vigo*, do diario *Arriba* e da axencia EFE) e a biblioteca de Xan González Millán.

1.4
Galiciana, a biblioteca dixital de Galicia

Galicia conta cunha biblioteca dixital de referencia, Galiciana, inserida na gran enciclopedia construída entre todos os Estados membros da Unión Europea (Europeana). Este proxecto, aberto e accesible en www.galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es, asúmese desde a Biblioteca de Galicia, e é o encargado de dixitalizar e visibilizar o patrimonio bibliográfico galego co fin de difundilo, conservalo e incorporalo aos proxectos nacionais e internacionais de dixitalización bibliotecaria.

Durante o 2013 Galiciana abordou a dixitalización de fondos procedentes da Biblioteca de Galicia, das bibliotecas nodais e doutras entidades de especial interese, como o Museo Massó ou o Museo das Peregrinacións. Tamén se incorporaron a Galiciana outros fondos dixitalizados por outras institucións, como a Real Academia Galega (da que se incorporaron máis de 700 rexistros dixitalizados) ou a biblioteca do Seminario de Mondoñedo (que dixitalizou 200 rexistros). Destináronse a estes procesos preto de 56.000 euros.

A través de Galiciana están ao dispor da cidadanía 4.751 rexistros bibliográficos e 155.783 grupos multimedia. No ano 2013 a web de Galiciana tivo un total de 106.344 visitas.

Para incrementar a proxección destes contidos, coincidindo coa celebración do quinto aniversario da súa creación, comezouse este ano o desenvolvemento de micrositios en internet que permiten mellorar a difusión de documentos de especial relevancia para a investigación social sobre Galicia. No ano 2013 procedeuse, así mesmo, á adaptación do repositorio dixital ás novas estruturas de datos da Europeana Data Model, que permitirá no futuro integrar en Galiciana tanto bibliotecas como arquivos, museos e coleccións audiovisuais.

1.5 Dinamización da lectura e do espazo bibliotecario

Ler conta moito. Novo programa de animación á lectura nas bibliotecas

Ler conta moito é o novo programa de dinamización da lectura a través da Rede de Bibliotecas de Galicia, para achegar a cidadanía aos libros e á información dunha maneira lúdica, no conxunto do territorio.

En 2013 realizáronse dentro deste programa 606 actividades en 155 bibliotecas públicas. Obradoiros creativos, actividades de narración oral, divulgación do coñecemento, proxeccións audiovisuais na biblioteca,

ler conta moito

OBXECTIVOS DO PROGRAMA LER CONTA MOITO**:**

- Fomentar o hábito da lectura no conxunto da poboación.
- Fortalecer o papel das bibliotecas como espazo de relación, aberto e participativo, e como axente facilitador da aprendizaxe permanente e da descuberta de novos temas e inquedanzas sociais.
- Consolidar a programación compartida da Rede de Bibliotecas de Galicia, coa renovación permanente de propostas atractivas e de calidade.
- Promover o desenvolvemento cultural como vehículo para o crecemento persoal e colectivo.
- Valorar o libro e a lectura como elemento de transmisión de coñecemento e de reflexión

actividades de dinamización con música, teatro e danza, exposicións e itinerarios guiados foron as principais actividades programadas, dirixidas a diferentes públicos: bebés, nenos e nenas, mocidade, adultos e colectivos con necesidades especiais. Participaron nas actividades de Ler conta moito 12.120 persoas ao longo de 2013. A Secretaría Xeral de Cultura destinou ao financiamento destas actividades 140.000 euros, asumindo os concellos implicados o 25% do custo da súa programación. Todas estas actividades foron relatadas polas bibliotecas no blog http://blogs.xunta.es/lercontamoito/.

Nova guía para achegarlles aos pequenos a poesía galega

Para facilitar e acompañar a tarefa dos mediadores de animar e formar na lectura os primeiros lectores, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia iniciou este ano o desenvolvemento dunha serie de materiais de referencia metodolóxica. Froito dun convenio asinado coa Asociación Elos-Galicia realizouse a ***Guía de poesía galega (3-8 anos)***, con propostas para os mediadores prepararen a lectura, con actividades didácticas, recomendacións e bibliografía.

Voluntariado nas bibliotecas

En 2013 púxose en marcha, en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, o programa **Voluntariado cultural nas bibliotecas**, desenvolvido nas seis bibliotecas nodais de Galicia. Grazas a esta acción solidaria nacida do interese de persoas por ofrecer o seu coñecemento e habilidades ao servizo bibliotecario, as bibliotecas contan cun reforzo para a súa función de formar, informar e facilitar o acceso á cultura e ao lecer da cidadanía en igualdade de oportunidades. Estas persoas voluntarias

Voluntariado
CULTURAL

reciben unha formación inicial para poderen abordar tarefas acordes aos seus perfís: apoio na información aos usuarios da biblioteca, colaboración en actividades de dinamización da lectura, lecturas en hospitais, apoio a grupos de aprendizaxe doutras linguas, apoio no acceso á información dixital etc.

Un total de 33 persoas voluntarias viñeron colaborando de maneira estable nas bibliotecas nodais de Galicia.

Na Biblioteca nodal de Santiago de Compostela Ánxel Casal, o programa de voluntariado púxose en marcha no mes de febreiro e contou este ano con 19 persoas voluntarias en activo de perfil variado (xubilados, estudantes, adultos...) que ofreceron cursos e charlas de diversas temáticas.

Na Biblioteca nodal de Lugo tres persoas voluntarias colaboran activamente de maneira estable ao longo do ano cos servizos da biblioteca, coas actividades *Conversas en francés e inglés* (todos os martes e mércores), *Coñeces a…* para potenciar aqueles autores, temas e estilos menos lidos, *Conversas en portugués* e *A biblioteca na túa casa*, un servizo aos usuarios que, por problemas de saúde ou de mobilidade, non poden achegarse á biblioteca. Ademais destas colaboracións estables, o programa de voluntariado permitiu ofrecerlles aos usuarios dous obradoiros de música para nenos e nenas de 4 a 10 anos (10 prazas cada obradoiro), un cursiño de iniciación á informática para nenos e nenas de 6 a 12 anos (15 prazas no mes de xullo e 15 prazas no mes de agosto) e un obradoiro de Nadal para 15 nenos e nenas de 5 a 9 anos.

Na Biblioteca nodal de Ourense o comezo efectivo das actividades estables de voluntariado produciuse en outubro, cun total de cinco voluntarios que desenvolveron tres clubs de lectura, un obradoiro de maquetación de libro electrónico e un labor de colaboración co mantemento das redes sociais da biblioteca.

Na Biblioteca nodal de Pontevedra Antonio Odriozola dous voluntarios veñen atendendo de maneira permanente os clubs de lectura de francés e castelán da biblioteca, cunha alta participación e valoración do labor desenvolvido.

Na Biblioteca nodal de Vigo Juan Compañel contan este ano cunha persoa voluntaria que no mes de xullo, en sesións semanais, realizou actividades en inglés para nenos e nenas de 6 a 9 anos.

Na Biblioteca nodal da Coruña Miguel González Garcés iniciouse no mes de novembro, dentro do programa de Voluntariado Cultural nas Bibliotecas, o obradoiro *Lecturas para a memoria*, cun total de sete sesións dirixidas a axudar a manter activa a mente a través da lectura (12 prazas). Aos venres veuse desenvolvendo na biblioteca o *Obradoiro semanal de español*, que ten como obxectivo axudar persoas estranxeiras a integrarse e a aprender o idioma castelán, valéndose dos recursos da biblioteca (libros, audiovisuais, dicionarios etc.). Asisten a este obradoiro persoas de nacionalidades diversas (Xapón, Estados Unidos, Polonia ou Brasil). Os sábados pola mañá, cunha periodicidade quincenal, unha persoa voluntaria desenvolve o club de lectura *Compartindo lecturas, compartindo culturas*, con 15 participantes adultos e unha ampla lista de agarda, que se mergullan en diferentes realidades e matices nos xeitos de vivir descubertos nas páxinas dos libros propostos.

Os labores desenvolvidos por estas persoas foron, en xeral, valorados moi satisfactoriamente nas enquisas de avaliación dos usuarios, e tamén por parte dos voluntarios e voluntarias, que cualificaron a experiencia como altamente enriquecedora no plano humano e profesional.

Clubs de lectura

A creación de hábitos estables de lectura é unha das funcións esenciais da biblioteca pública. De entre todas as actividades culturais e de animación á lectura que se realizan nas bibliotecas públicas, os clubs de lectura son unha das accións que logran unha maior fidelización do hábito lector, con resultados moi positivos.

Trátase dunha agrupación de persoas que len ao mesmo tempo un libro e establecen reunións periódicas, en día e hora fixos, para comentar o lido. Nestas reunións debátese sobre a obra desde un punto de vista literario, e expóñense as reflexións e sentimentos que suscita a trama, os personaxes ou o tema do libro nos lectores. De maneira que o club de lectura reúne os alicientes da lectura persoal e íntima coa posibilidade de compartir esa lectura con outras persoas, fomentando o hábito da lectura e o diálogo. Ao mesmo tempo, fai da biblioteca un espazo central do tempo libre, favorece o achegamento crítico aos libros e amplía o abano de lecturas para as persoas interesadas.

Co fin de servir de apoio e de coordinación aos clubs de lectura existentes nas bibliotecas públicas galegas púxose en marcha o **Club de Lectura de Galicia** para ofrecer asesoramento, material (libros, películas etc.) para

o seu desenvolvemento e para organizar actividades que complementen a animación á lectura no ámbito do propio club ou que fomenten as relacións e vínculos entre clubs. Así, a Rede de Bibliotecas de Galicia está a construír unha verdadeira rede comunitaria, con fondos compartidos e accesibles para clubs de lectura (celebráronse máis de 1.100 sesións de clubs de lectura en Galicia en 2012, segundo as estatísticas publicadas este ano, nas que participaron preto de 18.000 persoas). A Biblioteca de Galicia, a través do Club de Lectura de Galicia, abriu este ano unha canle fundamental de participación para favorecer a proliferación dos clubs de lectura: o **Servizo central de préstamo para clubs de lectura**.

Club de lectura de Galicia. Servizo central de préstamo para clubs de lectura en 2013

	N.º de títulos prestados	N.º de exemplares prestados
Préstamo aos clubs das bibliotecas municipais	76	1.264
Préstamo aos clubs das bibliotecas escolares	22	340
Préstamo aos clubs das bibliotecas nodais	106	1.605
Total	**204**	**3.209**

Clubs de lectura nas bibliotecas nodais en 2013

	N.º de clubs	N.º de sesións	N.º de títulos	Linguas dos clubs	N.º de participantes
Biblioteca nodal da Coruña	4	85	33	Español e galego	77
Biblioteca nodal de Santiago de Compostela	6	93	46	Inglés, francés, portugués, galego e español	171
Biblioteca nodal de Lugo	3 (1 infantil)	51	34	Inglés e español	55
Biblioteca nodal de Ourense	3 (1 infantil)	15	13	Inglés, galego e español	171
Biblioteca nodal de Pontevedra	5	120	26	Inglés, francés, portugués, galego e español	90
Biblioteca nodal de Vigo	9	92	28	Español, galego, inglés, francés, italiano, portugués e alemán	180

1.6
Formación sectorial

No marco competencial de mellora e modernización da Rede de Bibliotecas de Galicia, a Secretaría Xeral de Cultura conta cun plan de formación do persoal da Rede de Bibliotecas de Galicia orientados á adquisición de competencias no manexo das colecciónsbibliográficas, á promoción da lectura e ás novas tecnoloxías, atendendo os novos retos que se presentan coa incorporación do libro electrónico e da web 2.0. Realizáronse este ano oito cursos, aos que asistiron un total de 200 técnicos bibliotecarios.

Bolsas para os estudantes de biblioteconomía

Mediante a colaboración titorizada en diversas bibliotecas públicas, a convocatoria de bolsas de formación en biblioteconomía potencia a formación inicial do persoal bibliotecario coa realización de prácticas en bibliotecas. En 2013, cun investimento de preto de 239.000 euros, un total de 33 persoas licenciadas ou diplomadas en Biblioteconomía e Documentación, Filoloxía, Historia ou Humanidades preparáronse na práctica do servizo bibliotecario, cun contacto directo e prolongado cos problemas e demandas reais dunha biblioteca, e coa guía e seguimento dos técnicos das bibliotecas.

1.7
Bibliotecas escolares e fomento da lectura no ámbito educativo

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través do Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, desenvolve un conxunto de liñas de actuación enfocadas ao fomento da lectura no ámbito da educación.

En 2013 puxéronse en marcha diferentes medidas para a renovación das bibliotecas escolares e para dinamizar a lectura nos centros educativos, a través do actual **Plan LÍA 2010/2015 de bibliotecas escolares** (Lectura, Información, Aprendizaxe). Este plan integra varios programas específicos e, no seu conxunto, pretende adaptar os recursos informativos dos centros ás novas necesidades da sociedade da información propia do século XXI, favorecer a adquisición de competencias clave, mellorar a lectura comprensiva, a escrita e as habilidades no uso da información da poboación escolar, incentivar o uso das bibliotecas escolares e esti-

mular a experiencia lectora entre os distintos sectores da comunidade escolar.

Plan de mellora de bibliotecas escolares

Nunha sociedade da información que xera gran cantidade de datos diariamente e que ofrece múltiples oportunidades para a construción de coñecemento, a biblioteca escolar defínese como un instrumento esencialmente útil para a formación do alumnado como lector competente de todo tipo de textos e como usuario de ferramentas que lle permitan construír o seu propio coñecemento, a través de fontes variadas e seleccionadas con criterios de calidade, así como de actividades guiadas e orientadas á adquisición das competencias básicas recoñecidas nos currículos actuais. Isto fai necesaria a renovación do espazo bibliotecario escolar, con equipamentos e fondos actualizados, e con servizos e funcións diferentes.

A renovación das bibliotecas lévase a cabo, fundamentalmente, a través do Plan de mellora de bibliotecas escolares (PLAMBE), que vén desenvolvéndose desde 2005. Na convocatoria do ano 2013 (curso 2013/2014) investíronse un total de 795.000 euros neste programa, dos cales 524.000

Plan de mellora das bibliotecas escolares 2013-2014.
Tipoloxía de centros (514)

euros foron destinados á actualización dos fondos da biblioteca, en formato impreso ou electrónico, e as contías restantes á renovación de mobiliario e outros equipamentos necesarios para a prestación dos servizos propios da biblioteca escolar.

No curso 2013/2014 o Plan de mellora de bibliotecas escolares integra un total de 524 centros de distintos niveis non universitarios e beneficia directamente a un total de 175.000 alumnos e as súas familias.

O Plan de mellora de bibliotecas escolares, ademais, ofrece asesoramento específico e seguimento a través da Asesoría de bibliotecas escolares, conta cun foro de colaboración no que se integra o profesorado responsable destas bibliotecas e realiza actividades formativas específicas. Os **Encontros dos centros do Plan de mellora de bibliotecas escolares**, celebrado en abril de 2013, reuniron 504 profesores e profesoras, nunhas xornadas destinadas a mellorar a súa formación en aspectos como a lectura, a xestión organizativa, a alfabetización mediática e informacional ou as metodoloxías de aprendizaxe baseada en proxectos. Esta actividade favorece o intercambio de propostas, materiais e informacións, ao tempo que axuda á creación de vínculos profesionais entre o profesorado que dan lugar á creación de micro-redes da rede de bibliotecas escolares.

Por outra parte, a consellería apoia con asignacións extraordinarias aqueles centros que presentan un proxecto de renovación pero que non son seleccionados para entrar na rede, co fin de recoñecer os esforzos organizativos e de impulsar a súa continuidade. En 2013 destináronse 120.800 euros a esta finalidade, para 128 centros educativos aspirantes a entrar na rede de bibliotecas escolares.

Orientacións e materiais para a organización das bibliotecas nos centros educativos

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos publicou, con data 2 de setembro, unhas *Instrucións en relación coa organización e funcionamento das bibliotecas escolares para o curso 2013/2014*, co obxectivo de que todos os centros educativos de niveis non universitarios tomasen medidas que garantisen o seu funcionamento como centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe. Este documento serve de guía a profesorado, equipos directivos e Servizo de Inspección á hora de tomar medidas para un correcto funcionamento das bibliotecas dos centros.

Unha das actuacións anuais da consellería para reforzar un modelo de biblioteca escolar actualizado é a distribución anual dun cartel e materiais divulgativos para lembrar as potencialidades da biblioteca escolar. No curso 2012/2013 o lema foi *Biblioteca escolar, acelerador da innovación* e neste 2013/2014 foi *Ler ciencia na biblioteca escolar*, para impulsar a lectura de textos de divulgación científica e facer unha chamada de atención sobre a importancia de incluír textos de contidos científicos nas actividades de fomento da lectura.

Lectura en novos formatos: libros electrónicos

En 2013 a consellería puxo en marcha o **Proxecto E-LBE** para a incorporación de lectores electrónicos nas bibliotecas escolares. En 2013 un total de 115 centros educativos do ámbito rural recibiron directamente lectores electrónicos ou asignacións para poder adquirilos, con destino á biblioteca escolar. Estes lectores permiten que profesorado e alumnado se inicien no uso de dispositivos de lectura electrónica e que poidan vivir novas experiencias de lectura no contorno educativo.

Hora de ler

Hora de ler é o programa, integrado no Plan LÍA de bibliotecas escolares, que acubilla todas as actuacións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinadas a fomentar a lectura no contexto educativo e apoiar o profesorado no seu labor de formación de lectores competentes e de creación de ambientes proclives á lectura nos centros.

Unha das actuacións máis importantes deste programa son os **clubs de lectura**. A consellería realiza unha convocatoria anual para incentivar o funcionamento de clubs de lectura, fóra do horario lectivo, en centros de ensino secundario, bacharelato, formación profesional ou ensinanzas de réxime especial (conservatorios, escolas oficiais de idiomas ou ensinanzas de persoas adultas).

Na convocatoria realizada en 2012, para o curso 2012-2013, investíronse 200.000 euros para o funcionamento dun total de 222 clubs de lectura durante o curso 2012/2013; e en 2013 o investimento foi de 165.000 euros para 209 centros solicitantes. A meirande parte destes clubs de lectura están formados por varios grupos de lectura e un 25% deles inclúe un grupo de lectura de adultos (formados por ex alumnos, pais, nais, profesorado e persoal non docente).

En conxunto, nestes momentos participan nesta iniciativa unhas 7.000 persoas en toda Galicia, cuns elevados índices de lectura e cun importante número de actividades (lectura e debate sobre os libros, visualización de películas, asistencia a representacións teatrais, encontros entre clubs, rutas literarias etc.). A avaliación anual pon de manifesto o valor dos clubs e están a observarse melloras nos resultados académicos do alumnado participante. O profesorado valora a potencialidade dos clubs de incorporar á lectura alumnado que, en principio, non é especialmente lector, mesmo aquel con dificultades de aprendizaxe de distinto tipo.

Coma en anos anteriores, o profesorado que coordina estes clubs de lectura participou nunha actividade formativa, no mes de maio, a **VI Xornada dos clubs de lectura**, con conferencias, reunións de debate e intercambio de experiencias.

Dentro do programa Hora de ler subminístraselle ao profesorado material diverso co fin de impulsar actividades que favorezan os hábitos de lectura: *mochilas viaxeiras* para implicar as familias na formación lectora,

mochilas dos libros que van e veñen para o alumnado de infantil ou marcapáxinas polo Día do Libro, entre outros.

Así mesmo, a Consellería de Cultura e Educación mantén varios sitios web con informacións e recursos en relación coas bibliotecas escolares e a lectura. A páxina de Bibliotecas Escolares de Galicia congrega os micrositios *Hora de ler, Ler en mancomún, Libros a eito* e preto de 400 blogs de bibliotecas escolares galegas que poden consultarse en www.edu.xunta.es/biblioteca/blog.

Posta en marcha do Voluntariado de lectura nos centros educativos

En outubro de 2013 a Consellería de Cultura e Educación tamén puxo en marcha unha nova iniciativa destinada a impulsar o voluntariado de lectura nos centros educativos. **Voluntariado de lectura –A** é unha convocatoria dirixida ao alumnado de 3.º ciclo de primaria, que procura a súa implicación como colaboradores da biblioteca escolar e como participantes no deseño e organización de actividades de lectura compartida, dentro e fóra do centro. Nestas actividades o alumnado que participa fórmase no coidado dos bens comúns, neste caso dos recursos da biblioteca, e nas actividades de atención ao outro como son as lecturas compartidas (nas que os maiores len para os pequenos ou participan en lecturas públicas, por exemplo).

1.8 Rexistro da Propiedade Intelectual e Depósito Legal

O Servizo do Depósito Legal xestiona as competencias da comunidade autónoma na recompilación e publicación de todo tipo de publicacións coa finalidade de preservar o patrimonio bibliográfico, sonoro, visual, audiovisual e dixital de Galicia. Trátase dun servizo clave para garantir a conservación de toda a produción galega pero tamén para o acceso á cultura, á información e á investigación. Nas oficinas de Depósito Legal existentes nas catro delegacións provinciais e en Vigo, rexistráronse en 2013 preto de 4.000 solicitudes de D.L.

Por outra parte, dependente da Subdirección Xeral de Bibliotecas, o Servizo do Rexistro da Propiedade Intelectual encárgase da tramitación e resolución dos procedementos de inscrición e anotación das obras e producións que son obxecto de protección pola normativa na materia (TRLPI, aprobado polo Real Decreto lexislativo 1/1996, de 12 de abril), así como da certificación e publicidade dos dereitos, actos e contratos inscritos por parte do Rexistro Territorial de Galicia. A través dunha atención presencial

nas sete oficinas do rexistro e tamén vía telemática, durante este ano tramitáronse un total de 1.757 solicitudes, o que supuxo un incremento dun 4,83% en comparación coas solicitudes do 2012. O importe recadado por estas actuacións, sumadas as de inscrición e as de publicidade, ascende a un total de 22.366,61 euros. Por outra banda, as oficinas do rexistro desenvolven un labor informativo xeral sobre cuestións de propiedade intelectual.

02
ARQUIVOS

Os traballos desenvolvidos nos arquivos son escasamente coñecidos polo común da sociedade, se ben se trata dun labor fundamental para a preservación do noso patrimonio cultural. Nos arquivos reúnense os documentos que as institucións e entidades públicas e privadas producen no desenvolvemento das súas funcións e actividades (normas, procedementos, actos etc.), conformando o patrimonio documental. Benefícianse a diario desa organización a propia Administración, a comunidade académica e investigadores especializados, e tamén calquera cidadán que precisa datos sobre os seus dereitos.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria xestiona de maneira directa algúns dos principais arquivos galegos e establece liñas de actuación e soporte para os centros arquivísticos integrados no Sistema de Arquivos de Galicia, co fin de velar pola súa conservación e garantir o acceso de todos a esa documentación.

2.1
Anteproxecto para unha nova lei de arquivos e documentos de Galicia

A transcendencia e o interese de desenvolver políticas públicas en materia de documentación e arquivos, así como o contexto actual de evolución da produción e arquivo de documentación, fan imprescindible unha revisión do marco normativo que os regule de acordo coas necesidades de hoxe en día.

Por iso, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria promoveu en 2013 a redacción dun anteproxecto, que previsiblemente se debaterá no Parlamento de Galicia en 2014, que ten como obxectivos organizar e impulsar o sistema arquivístico galego, adaptándoo á nova realidade e aos cambios que se están a producir no ámbito dos documentos e arquivos públicos. Este anteproxecto busca outorgarlle a Galicia un marco normativo axeitado para que a Comunidade Autónoma desenvolva as competencias asumidas en materia de arquivos e dotala da súa primeira lei específica nesta materia, co obxectivo de articular unha xestión documental eficaz e eficiente, garantindo o acceso, a conservación e a difusión do patrimonio documental galego.

A nova norma lexislará por vez primeira o papel dos arquivos no medio electrónico, para o que abordará os novos retos derivados do desenvolvemento da administración electrónica e da dixitalización de documentos, actualizando as normas nesta materia incluídas na Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, que foi a primeira norma galega que lle dedicou unha atención singular aos arquivos e ao patrimonio documental.

Estruturación do Sistema de Arquivos de Galicia

O novo marco delimitará o que se considera documento público no ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia e nel inclúense todas as administracións e institucións públicas con participación pública de interese para a comunidade galega. O texto regulará a organización, o funcionamento e a finalidade dos arquivos e definirá os dereitos e obrigas relativos aos arquivos públicos que deben contar con persoal e os recursos materiais necesarios para garantir o servizo aos usuarios, así como os requisitos para a súa integración no Sistema de Arquivos de Galicia. Pola súa banda, o Arquivo de Galicia, como cabeceira deste sistema, será o encargado do desenvolvemento de normas técnicas e da coordinación de programas de reprodución para a conservación do patrimonio documental de Galicia. Nel quedará integrado o arquivo electrónico da Xunta de Galicia.

Xestión documental e acceso público á documentación

Especial relevancia ten no anteproxecto de lei a función dos arquivos dentro da xestión documental como parte da xestión administrativa, o cal supón unha participación activa no deseño dos documentos, de forma que se garanta a autenticidade, integridade, fiabilidade, dispoñibilidade e interoperabilidade, especialmente importantes no ámbito de xestión dixital.

A avaliación configúrase como unha das funcións arquivísticas determinantes dentro da xestión documental. O seu protagonismo reflíctese na proposta de creación do Consello de Avaliación Documental de Galicia, un órgano colexiado multidisciplinar que ditaminará sobre a obriga de conservar os documentos que teñan valor histórico ou informativo e sobre a eliminación daqueles documentos que, cumprida a súa finalidade, poidan ser destruídos.

No que atinxe ao dereito de acceso aos documentos e á información administrativa, a norma establecerá os principios que deben rexer este dereito, para lles facilitar ás institucións e ás persoas cantos datos necesiten e o acceso ao seu soporte documental. Como novidade o anteproxecto propón acurtar o prazo establecido con carácter xeral para a libre consulta, que se fixa en trinta anos desde a produción do documento.

2.2
Sistema arquivístico de Galicia

O conxunto dos arquivos de Galicia, cos seus órganos de ordenación e os correspondentes servizos técnicos, conforman o Sistema de Arquivos de Galicia, que ten como cabeceira o Arquivo de Galicia, situado na Cidade da Cultura. Esta estrutura permite un funcionamento eficaz dos arquivos e da propia Administración, para asegurar a longo prazo a conservación e acceso da cidadanía ao patrimonio documental que custodian.

Novos ingresos de fondos documentais

Un dos principais servizos dos arquivos é a acollida de documentación para a súa custodia e servizo. O ingreso de documentos realízase xeralmente pola transferencia desde os organismos administrativos, pero tamén de maneira menos frecuente por depósitos, doazóns e compras, fundamentalmente. En 2013 ingresaron 1.016 metros de documentación nos arquivos xestionados por esta consellería. Son 10.826 caixas de tamaño normalizado de arquivo.

Entre as adquisicións, o Arquivo de Galicia fíxose co arquivo da familia Regueral Losada (1519-1955) e co arquivo do Pazo Valiñas (Familia Cervela Lira, 1539-1949); o Arquivo do Reino de Galicia adquiriu o facsimilar do *Atlas de Lázaro Luis* (1563) e un conxunto de documentos sobre a historia postal en Galicia (1709-1899); e o Arquivo Histórico Provincial de Lugo, o *Libro de notas da Casa de Trebolle* (1834-1842). O Arquivo do Reino de Galicia recibiu a doazón do arquivo profesional de Vicenta Cortés, e o Arquivo de Galicia iniciou a tramitación do depósito en comodato do arquivo da Asociación Galega de Compositores.

Melloras nos arquivos dependentes da Xunta de Galicia

Nos labores cotiáns dos arquivos públicos autonómicos abordáronse, ao longo de 2013, traballos de reparación nos edificios dos arquivos históricos, adquiríronse novos equipamentos para os laboratorios de restauración que permiten recuperar documentación antiga, dotouse estes centros de novos fondos documentais, restauráronse novos documentos e asumiuse tamén a dixitalización de fondos. Trátase de tarefas permanentes dos arquivos, fundamentais para a conservación e a organización do patrimonio documental de Galicia.

O investimento nestas tarefas do Arquivo de Galicia, do Arquivo do Reino de Galicia, dos arquivos históricos provinciais de Lugo, de Ourense e de Pontevedra e dos arquivos territoriais da Xunta de Galicia en Lugo, en Pontevedra e en Vigo foi este ano de 255.000 euros.

Ademais de atender as **consultas** presenciais da documentación, que en 2013 foron preto de 20.000, e as preguntas vía web, dous obxectivos fundamentais marcados este ano pola Subdirección Xeral de Arquivos foron dar resposta ás demandas reducindo os tempos de resposta e prestar un servizo exhaustivo que favoreza a realización de exposicións cun control rigoroso das saídas de documentos. As cifras de **préstamo de documentos** en 2013 foron de 13.426 documentos. Os usuarios solicitaron nos arquivos un total de 66.624 reprodución de documentos, o que supuxo un ingreso económico de 37.094,20 euros polo servizo de reprodución.

Para a identificación e control da documentación, os técnicos extraen datos descritivos dos documentos que se fan accesibles a través do portal de arquivos de Galicia. En 2013 incorporáronse 201.624 rexistros descritivos, á disposición de todos os usuarios neste portal.

Convocatoria de prazas de novos técnicos

No mes de xuño, a Xunta de Galicia convocou un proceso selectivo para o ingreso na escala de Arquivos, Bibliotecas e Museos, especialidade de arquivos, con 4 prazas de promoción interna, 3 de acceso libre e 1 para persoas con discapacidade.

GUÍA DOS ARQUIVOS DA XUNTA DE GALICIA

No mes de xuño viu a luz a *Guía dos arquivos da Xunta de Galicia*, un novo instrumento para mellorar a accesibilidade aos arquivos de Galicia e aos fondos que custodian. Foi editada en galego e en español. A guía presentouse durante o desenvolvemento dunha xornada técnica sobre administración electrónica e arquivos, organizada pola Consellería de Cultura e Educación co obxectivo de informar sobre o novo modelo de xestión os arquiveiros e os técnicos que participan na súa implantación en Galicia.

Restauración de documentos

Unha das tarefas imprescindibles para asegurar a preservación da documentación son as medidas preventivas para asegurar a autenticidade, integridade, fiabilidade, accesibilidade e a súa plena eficacia xurídica; pero tamén as intervencións de restauración. O Arquivo do Reino de Galicia e o Arquivo Histórico Provincial de Lugo dispoñen de laboratorios para abordar este traballo de restauración documental. En 2013 realizaron 3.528 intervencións en documentos para a súa conservación preventiva e restauración.

Axudas para a conservación e acceso ao patrimonio dos arquivos

Para garantir a conservación e acceso ao patrimonio documental do conxunto dos centros do Sistema de Arquivos de Galicia, a Xunta de Galicia conta cunha liña de axudas para subvencionar, ata un máximo do 80% do investimento total do custe do proxecto solicitado, a organización dos fondos documentais, mellora das instalacións e equipamentos e para a restauración e dixitalización de documentos. Trátase dunha subvención bianual (2013/2014), da que se benefician os arquivos de entidades locais (principalmente, concellos), entidades sen fin de lucro (eclesiásticas, culturais, sindicais) e arquivos universitarios galegos. O investimento en 2013 foi de 77.440 euros, dos 225.440 euros do programa bianual.

En convenio coa Universidade de Vigo, dentro da planificación de conservación e dixitalización de documentación, abordouse a conversión a formato dixital dos documentos das Comisións Provinciais de Incautación e Tribunais de Responsabilidades Políticas custodiados nos arquivos adscritos ao departamento de Cultura, con 56 unidades de instalación dixitalizadas e 104.024 imaxes.

Organización e formación nos arquivos públicos

En 2013 a Consellería de Cultura, Educación e O.U. convocou 20 bolsas de formación en materia de arquivos para organización, descrición e tratamento técnico dos fondos custodiados nos arquivos municipais de Galicia e outros arquivos de interese galego, todas elas tuteladas polos técnicos dos arquivos xestionados pola Xunta de Galicia. Este programa de formación, ademais de completar o coñecemento e currículo das persoas bolseiras e de facilitar a súa posterior inserción laboral, permite contar cun apoio para o coidado, promoción e difusión dos arquivos galegos.

A convocatoria, de carácter bianual (4 meses en 2012 e 5 meses e 22 días no 2013) requiriu un investimento total de 188.929 euros, dos cales 111.660 euros pertencen ao orzamento de 2013.

Os traballos abordados neste programa formativo polos licenciados universitarios con formación en Historia e/ou Arquivística acollidos ao programa permitiron a organización dos arquivos municipais de Bergondo, de Tordoia, de Cambre, de Arteixo, de Vilasantar, de Xunqueira de Espadañedo, de San Xoán de Río, de Toques, de Triacastela, de Sobrado, de Santiso, de Aranga, de Castroverde, de Vilamartín, de Larouco, de Petín, de Xermade, de Burela e de Folgoso do Courel. Informatizáronse 38 inventarios de arquivos municipais e identificáronse e valoráronse diversas series documentais.

AS VIAXES DO CAPITÁN GARDADOR

En decembro presentouse esta viaxe pola historia de Galicia a través do patrimonio documental, cunha serie de curtametraxes do Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Da man dun personaxe dun documento notarial de 1774, Xan de Baldriz, preséntase a riqueza dos arquivos e o valor do patrimonio documental como vía de coñecemento do pasado.

Divulgación e formación cidadá en materia de arquivos

En 2013 os arquivos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria desenvolveron un total de 79 eventos (cursos, charlas, conferencias etc.) relacionados cos seus fondos ou con materias afíns, boa parte deles en colaboración con centros educativos.

Ademais, os principais arquivos, na intención de colaborar e facer partícipe a cidadanía do seu labor, realizaron diferentes experiencias de colaboración con eventos sociais das cidades. O Arquivo do Reino de Galicia, no mes de xullo, coincidindo coa Feira das Marabillas celebrada na Coruña, realizou unha mostra de códices e documentos medievais, para enriquecer a actividade lúdica cunha programación cultural que achegase os visitantes aos fondos históricos deste centro. No mes de marzo, na conmemoración anual do aniversario da arribada da carabela Pinta ao porto de Baiona, dezaseis documentos custodiados no Arquivo Histórico Provin-

cial de Pontevedra mostráronse na exposición *O final dos códices*. E o Arquivo Histórico Provincial de Lugo inaugurou no mes de novembro a mostra *Mulleres século XX. Luces e sombras*, que recolle 65 fotografías de mulleres que viviron, traballaron e participaron entre os anos 30 e os anos 80 do pasado século na sociedade luguesa, así como unha pequena escolma de documentos vinculados con distintas mulleres custodiados no arquivo, e que permanecerá aberta ata o Día da Muller 2014.

Os arquivos en internet

A través do portal de Arquivos de Galicia e das páxinas web individuais de cada un dos arquivos que nel se integran ofrecéuselle á cidadanía acceso aos instrumentos de descrición documental dos fondos que custodian, así como información detallada sobre a actividade desenvolvida ao longo do ano. Cun total de 37.418 visitas (máis de 133.000 páxinas vistas) os arquivos dependentes da Xunta de Galicia actualizaron as súas webs con novidades referentes á actualidade, novas fichas de arquivos, novos rexistros normativos etc. En total, ofreceron este ano 11 novas publicacións a través da rede e 49 novos recursos dixitais de acceso libre. Ademais, as webs do Arquivo de Galicia e do Arquivo Histórico Provincial de Lugo realizaron exposicións virtuais dos seus fondos.

NOVO ACHADO DE POESÍA MEDIEVAL EN LUGO

No mes de abril presentouse o libro *En cadea sen prijon: cancioneiro de Afonso Paez. Poesía galega postrobadoresca (1380-1430 ca.)*, unha publicación da Xunta de Galicia nacida a partir da descuberta destes poemas por parte de arquiveiros do Arquivo de Galicia e do Arquivo Histórico Provincial de Lugo en xaneiro de 2010 no arquivo familiar de Pilar López Osorio, asociados a un caderno de notas do escribán ferrolán Lopo García de Toar dos anos 1433 e 1434. O profesor Henrique Monteagudo, que é o autor da transcrición, edición e estudo destes poemas, valora a transcendencia deste achado para a cultura galega como «un raio de luz nun recanto ata agora descoñecido da traxectoria cultivada do noso idioma».

2.3
Arquivo de Galicia

Durante este ano o Arquivo de Galicia proseguiu co desenvolvemento da súa tarefa corrente de estudos de identificación, valoración e selección de series documentais da Xunta de Galicia, que permiten a planificación das transferencias desde as oficinas aos arquivos correspondentes e a elaboración de propostas de eliminación ou conservación dos documentos producidos pola administración autonómica, baseadas en criterios científicos que teñan en conta o seu valor administrativo, xurídico e legal. En concreto, foron analizadas 76 series da área funcional de Industria, Innovación e Promoción Económica, relacionadas cos programas xerais e sectoriais de apoio á investigación.

Programa de difusión: exposición *Patrimonio documentado*

Na Biblioteca e Arquivo de Galicia na Cidade da Cultura, de xuño a outubro de 2013 estivo aberta, con entrada libre, a exposición *Patrimonio documentado: a protección e intervención nos bens culturais a través dos documentos dos arquivos*, promovida pola Secretaría Xeral de Cultura, para mostrar o valor dun patrimonio ben menos visible ca o patrimonio monumental, pero fundamental para coñecer a intervención dos poderes públicos para a salvagarda e protección desoutros bens culturais durante máis de 150 anos, e para comprender a formación e a evolución da sensibilidade social cara a eles.

2.4
Proxecto ARPAD: Arquivo Dixital de Galicia

A comezos de novembro produciuse o lanzamento do Proxecto ARPAD, que ten como obxectivos a creación do Arquivo Dixital de Galicia, a conservación e difusión do patrimonio documental conxunto, a habilitación de servizos dixitais e a eliminación do papel nas relacións administrativas na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. É unha iniciativa de cooperación transfronteiriza, liderada pola Xunta de Galicia, na que participan o CIM Alto Minho de Portugal, a Deputación de Pontevedra e o Concello de Tui, e que prevé a creación do Arquivo Dixital Integrado no CPDI do Gaiás para albergar o patrimonio histórico documental e ofrecer máis de 200 procedementos administrativos electrónicos. Este proxecto europeo está dotado con 4,7 millóns de euros, financiados nun 75% con Fondos Feder.

03

PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL GALEGO

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o departamento ao que lle corresponde a coordinación das actuacións en materia de patrimonio histórico, arqueolóxico, paleontolóxico, artístico, arquitectónico e etnolóxico en todas as súas manifestacións, así como en materia de museos.

A través dos seus departamentos, encárgase da protección, conservación e recuperación dos Camiños de Santiago, da promoción e xestión de actuacións arqueolóxicas, da conservación e difusión das coleccións museográficas e das obras de conservación e restauración do patrimonio histórico promovidas pola Xunta de Galicia. Ademais, a dirección xeral é responsable dos procedementos vinculados co réxime xurídico de protección do patrimonio cultural, da xestión para as declaracións de bens de interese cultural, do catálogo e inventario do patrimonio e dos informes sobre o mesmo que poidan ser requiridos polas autoridades competentes.

En 2013 a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural tramitou 6.972 expedientes que fan referencia aos múltiples asuntos que son da súa competencia, nomeadamente no ámbito da protección e conservación do patrimonio cultural, tanto nos Camiños de Santiago, os que afectan a bens inventariados e declarados BIC e os seus contornos, os que teñen relación cos bens da Igrexa Católica en Galicia ou os informes en relación co desenvolvemento do planeamento urbanístico, a ordenación do territorio, o impacto ambiental e as infraestruturas de transporte, de enerxía e outros expedientes complexos, nos que o informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural ten por obxecto garantir que se eviten os riscos de perda, deterioro ou destrución dos valores culturais do patrimonio cultural de Galicia.

3.1
Protección do patrimonio cultural

Delimitacións dos Camiños de Santiago

En aplicación do mandato legal derivado da Lei 3/96 de protección dos Camiños de Santiago, e co obxectivo de garantir a identificación do patrimonio cultural de Galicia, é tarefa da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural a realización de expedientes de declaración de todos os camiños recollidos nesa lei, cun calendario previsto ata 2015. Esta tarefa detallada, ademais de afectar a descrición das propias vías históricas, ten repercusión na ordenación local e nos sectores económicos, principalmente hostalería e empresas vinculadas ao turismo.

En 2013 foi aprobada a delimitación dos tramos do Camiño de Santiago do Norte, Camiño Portugués, Ruta da Prata e Camiño de Fisterra ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela. Incoouse tamén a delimitación do Camiño de Santiago Norte, Ruta da Costa, e abordouse o estudo da historicidade das rutas tradicionais do Camiño de Inverno e Portugués pola Costa. Tamén se finalizou a documentación previa á aprobación da delimitación do Camiño Inglés, cun investimento global de 73.065,52 euros.

Para o recoñecemento das tarefas de posta en valor da protección dos Camiños, a Consellería de Cultura e Educación convocou, por orde do 10 de xullo, o **Premio Elías Valiña ao esforzo revitalizador e promocional dos Camiños de Santiago**, dotado de 10.000 euros, para reforzar o labor realizado por asociacións e entidades sen fin lucrativo na protección dos Camiños, tanto no aspecto de conservación e recuperación material, como na difusión e no fomento do coñecemento e dos valores asociados a estas vías, e que nesta edición o xurado acordou deixar deserto.

Ademais, para difundir o Camiño, a Consellería de Cultura e Educación apoiou a publicación de *La Gran Obra de los Caminos de Santiago*, editada por Hércules de Ediciones, unha colección que achega os lectores ao Camiño dun modo completo e rigoroso, cun tratamento histórico que non prescinde da análise da vitalidade das rutas xacobeas na actualidade.

Inventariado xeral do Patrimonio Cultural de Galicia dixitalizado

Contar cunha ferramenta informática axeitada para a difusión e xestión do patrimonio cultural en Galicia é un dos obxectivos fundamentais nos que vén traballando a dirección xeral, en colaboración coa Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia. En 2013 realizouse o Catálogo patrimonial cultural da conca hidrográfica do Eume, o Catálogo patrimonial cultural de Terras de Soneira e Muros, a declaración como Ben de Interese Cultural do Castro de San Cibrao de Las e a revisión e dixitalización das fichas dos BICs eclesiásticos da provincia de Lugo. Estas bases de datos

estarán dispoñibles en 2014, integradas nas plataformas institucionais da Xunta de Galicia, para maior alcance e difusión.

Manual de boas prácticas

Co obxecto de colaborar coas asociacións e entidades involucradas nas intervencións e xestión do patrimonio, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural desenvolve unha serie de materiais para dar a coñecer os criterios e fundamentos das actividades de protección e ofrecer pautas de actuación axeitadas. En 2013 centráronse na *Guía de boas prácticas para as actuacións nos Camiños de Santiago*.

Protección do patrimonio inmaterial

En aplicación da Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial, e das competencias na materia, a Consellería de Cultura e Educación traballa na estruturación e organización da sistematización do patrimonio cultural galego. En 2013 púxose en marcha o **proxecto de elaboración dun censo de documentadores** planificado en coordinación co Plan Nacional de Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial do Ministerio de Educación e Cultura 2013-2016.

En 2013 tamén se desenvolveu o proxecto europeo **Voz da Travesía**, coa tradición oral como nexo de unión dos pobos. A iniciativa, que se centra na creación artística e nos intercambios culturais, percorreu Galicia e as rexións de Bruxelas (Bélxica) e de Aquitania (Francia), tres territorios conectados polo Camiño de Santiago. Coorganizada entre a Xunta de Galicia, a Association Attention Chantier Vocal e a Maison du Conte de Bruxelles, ademais doutras entidades colaboradoras, Voz da Travesía desenvolveu múltiples accións, que van desde a recollida de testemuños de vida, residencias de artistas, espectáculos, seráns abertos, accións no ámbito escolar, formación nas artes da oralidade, sesións estivais de creación para adolescentes, exposición sonora etc.

A posta en marcha destas iniciativas ten entre os seus obxectivos desenvolver, compartir e difundir os saberes vinculados coa memoria colectiva

en Europa e no exterior, compartir entre xeracións, realizar prácticas artísticas creativas e interdisciplinares, mesturar prácticas profesionais e afeccionadas a través de creacións colectivas, así como empregar o relato oral e a tradición popular falada e cantada como instrumentos de coñecemento do propio e do outro.

Liderado pola Agadic, outro dos proxectos europeos no ámbito da posta en valor da conservación e difusión do patrimonio é o **European Acoustic Heritage-Patrimonio Acústico Europeo**, nunha liña novidosa de consideración da paisaxe sonora como parte do noso patrimonio acústico e cultural. Desde 2011 ata abril de 2013 a Illa de San Simón, a Secretaría Xeral de Cultura, a Agadic, a Fundación Galicia Europa, a Fundación Cidade da Cultura, a Universidade de Ciencias Aplicadas de Tampere, o Centro de Investigación sobre o Espazo Sonoro e o Medio Urbano, a Academia de Ciencias de Austria e a Universidade de Tesalónica colaboraron neste proxecto do programa Cultura da Unión Europea con diferentes actividades de difusión arredor do patrimonio sonoro do continente. En 2013 desenvolveuse a exposición itinerante sobre paisaxes sonoras en Grenoble (xaneiro), Bruxelas (marzo) e en Volos (marzo), acompañada de accións pedagóxicas, para finalizar a itinerancia en Galicia, no mes de abril, na Cidade da Cultura.

No proxecto participaron centos de profesionais e afeccionados, e 1.400 persoas asistiron ás exposicións, ademais dos visitantes da web do proxecto (www.europeanacousticheritage.org). Os colectivos implicados nestas actividades foron Escoitar.org, Turkukuuntelee.fi, Freesound Europe, Klang Karte, Madridsoundscape, Fonoteca Nacional de México, Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Vigo, Facultade de Belas Artes de Pontevedra, IES Audiovisual de Vigo, Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro, Museo do Mar de Galicia, CPI da Picota (Mazaricos), IES Vilar Ponte, CEIP Plurilingüe da Pontenova, CEIP A Solaina (Narón) e o IES N.º 1 de Ribeira.

Patrimonio galego, patrimonio mundial

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural está a traballar na concreción técnica dun marco de protección e salvagarda do patrimonio cultural in-

material, dentro das liñas que indica a Convención para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial da Unesco de 2003, que España ratificou no 2006, que permita, por unha banda, a correcta identificación do patrimonio cultural, pero que asemade dispoña dos mecanismos de salvagarda necesarios, coa implicación principalmente dos propios portadores do patrimonio inmaterial.

Durante o ano 2013, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural elaborou a documentación técnica necesaria para manter os bens galegos na lista da Unesco e trazar as futuras inclusións dos Camiños do Norte de España a Santiago de Compostela, en 2015, e da Ribeira Sacra, en colaboración co Consello de Patrimonio Histórico Español, nun marco temporal máis amplo e que pode desenvolverse ata 2017.

A Lista do patrimonio mundial da Unesco é unha figura de dignificación da máxima relevancia internacional para os bens do patrimonio cultural. Galicia conta con catro bens incluídos nela: o Camiño de Santiago (Camiño Francés), o conxunto histórico de Santiago de Compostela, a muralla romana de Lugo e a torre de Hércules da Coruña. A Unesco require periodicamente información sobre as condicións dos bens e principalmente a súa xestión e conservación. Dentro do seu ámbito de competencias, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural elabora os documentos de seguimento da muralla de Lugo e colabora no Consello Xacobeo (órgano de cooperación entre o Estado e as Comunidades Autónomas) na elaboración da documentación para o Camiño Francés.

Así mesmo, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural preparou, en conxunto coas comunidades autónomas de Asturias, Cantabria, A Rioxa e o País Vasco a documentación para a ampliación do Camiño Francés ás Rutas do Norte do Camiño. Tras o remate deste expediente en 2013, está previsto que esta candidatura sexa avaliada en 2015 no Comité do Patrimonio Mundial da Unesco.

No relativo á Ribeira Sacra, déronse os primeiros pasos para activar esta candidatura. A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural prestou asesoramento técnico e práctico nesta fase inicial, que terá continuidade no resto da tramitación do expediente.

Na mesma liña, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural colaborou na elaboración da candidatura á Lista Indicativa Nacional, en conxunto coa Junta de Extremadura, denominada Paisaxes simbólicas do occidente peninsular: a arte rupestre esquemática como unidade cultural. En 2013 a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural trazou as liñas básicas que permitirán xustificar o seu valor universal excepcional, coa conseguinte representación das catro provincias galegas na Lista do patrimonio mundial.

Novos Bens de Interese Cultural (BIC)

Durante 2013 a actividade da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural relativa á identificación e recoñecemento do patrimonio cultural galego centrouse nas incoacións de BIC das coleccións artísticas das extintas

caixas de aforros, así como da colección de ourivería prerromana de Álvaro Gil Varela. Esta actividade ten unha gran transcendencia pola representatividade de todas elas na cultura galega e a súa implicación social. Tamén se realizaron diversos estudos tipolóxicos e comparativos da realidade das declaracións monumentais en Galicia, que se remontan a finais do século XIX, para establecer en vindeiras anualidades unha política de identificación, recoñecemento e declaracións de patrimonio cultural galego pouco representado, e acadar así unha protección máis global e representativa dos valores culturais e que incentive estes elementos como motores de futuros recursos económicos sustentables.

3.2
Intervencións arqueolóxicas

Ademais da liña de axudas a promotores particulares para intervencións arqueolóxicas, dotada en 2013 de 50.000 euros, ao longo deste ano, o Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural realizou un conxunto de intervencións de recuperación arqueolóxica. En colaboración co concello de Muíños realizou traballos de escavación arqueolóxica no **xacemento megalítico da Casola do Foxo**, en Muíños (Ourense), para mellorar as súas condicións de conservación, particularmente as do seu dolmen, e facilitar a súa visita.

No **castro de Viladonga** (Castro de Rei, Lugo), dentro do xacemento xestionado pola Xunta de Galicia, abordáronse traballos de acondicionamento e consolidación do xacemento arqueolóxico co obxecto de facilitar a súa visita e aproveitamento sociocultural. Cuns 22.000 visitantes anuais, este xacemento requiriu labores de roza, sinalización e seguridade, cun investimento de 105.430 euros cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 70%.

O **castro de Castromaior**, localizado en Portomarín (Lugo), ten á súa beira o trazado do Camiño de Santiago, Camiño Francés, o que o converte nun recurso cultural e turístico de primeira magnitude. En 2013, a Xunta de Galicia, en colaboración co concello de Portomarín, abordou traballos de acondicionamento, limpeza e sinalización do xacemento arqueolóxico, co obxecto de mellorar as súas condicións de conservación e de facilitar a súa visita.

Dentro das actuacións encamiñadas á conservación e posta en valor dos restos arqueolóxicos atopados ao carón da muralla romana de Lugo, onda a Porta de Santiago e baixo a sede do Vicerreitorado do Campus de Lugo (no que tamén se adaptou o edificio cultural para facilitar o acceso e visita pública aos restos arqueolóxicos), finalizouse este ano o proxecto museográfico e a execución da proposta de musealización dos restos aparecidos, e editáronse materiais divulgativos, cun investimento en 2013 da Xunta de Galicia 173.227 euros. Estas actuacións realizáronse ao abeiro dun convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e O.U., o Concello de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela. No mes de xullo tivo lugar o acto de inauguración do centro arqueolóxico, denominado **Domus do Mitreo**, propiedade da USC e integrado na Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico.

O campamento romano de **Cidadela** (en Sobrado dos Monxes, A Coruña), cunha superficie de 2,8 hectáreas, propiedade da Xunta de Galicia, foi obxecto de varias campañas de escavación arqueolóxica. Este ano abordáronse nel actuacións encamiñadas a mellorar as condicións de conservación do xacemento arqueolóxico, coa limpeza e acondicionamento dos restos arqueolóxicos escavados en anteriores campañas para a súa visita e contemplación, e coa protección e tapado dos fornos exhumados a carón da muralla.

No concello de Val do Dubra, a través dun convenio de colaboración entre o Goberno local e a Xunta de Galicia, realizáronse traballos para a posta en valor do xacemento arqueolóxico de **sartegos de Pedra do Home** ao longo dos meses de verán.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Concello de Cangas (Pontevedra) asinaron un conve-

nio para a posta en valor do xacemento arqueolóxico do **Castro do Facho de Donón**, declarado Ben de Interese Cultural (BIC). Realizáronse este ano no castro tarefas de limpeza do xacemento, de consolidación e conservación dalgunhas estruturas, así como a reposición do peche de postes de madeira e corda, e a construción de pasarelas de madeira para a circulación e visualización da área escavada.

Na necrópole medieval de **San Víctor de Barxacova**, en Parada de Sil (Ourense), a Xunta de Galicia en colaboración co concello, realizou este ano traballos de escavación, acondicionamento e posta en valor do xacemento arqueolóxico. Con tumbas escavadas na rocha e restos dunha capela, este xacemento localizado na Ribeira Sacra é un recurso cultural e turístico de grande importancia nesta área.

3.3
Intervencións para a conservación do patrimonio arquitectónico e artístico

Co fin de garantir a conservación, manter en bo estado e restaurar o patrimonio cultural inmoble de Galicia, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural abordou en 2013 unha serie de actuacións en diferentes espazos, cun investimento de 3.452.195,54 euros:

Na provincia da Coruña, na **igrexa do mosteiro de San Pedro de Soandres**, da Laracha, tramitáronse as obras complementarias da segunda fase da restauración: eliminación de humidades e filtracións da cuberta e limpeza de muros exteriores e consolidación das paredes estruturais.

Na **torre Bermúdez**, no Museo Valle-Inclán da Pobra do Caramiñal, abordáronse reparacións das carpinterías de madeira, na cuberta e os encintados interiores, ademais da instalación dun sistema de seguridade.

No **santuario da Angustia**, en Betanzos, picáronse os morteiros interiores para substituílos por outros de cal e proceder ao seu pintado posterior. Ademais disto, substituíuse o falso teito da sancristía. Este proxecto e os traballos de execución das obras, cofinanciados con Fondos Feder, contaron cun investimento da Xunta de Galicia de 165.831,64 euros.

As obras financiadas este ano na **igrexa de Santa María das Areas**, en Fisterra, permitiron restaurar a fachada, renovar a cuberta do adro e acondicionar o conxunto exterior.

Desde a Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais abordouse tamén este ano a segunda fase da restauración da **torre do reloxo da catedral de Santiago de Compostela**. Realizáronse os estudos dos restos das policromías dos reloxos, o enlousado da terraza principal e das cornixas, executáronse carpinterías de madeira e aplicouse un tratamento biocida e hidrofugante, cun investimento total de 80.287,61 euros. No conxunto catedralicio compostelán abordáronse desde a Xunta de Galicia outras actuacións importantes, como a obra de acondicionamento para sala de exposicións da sala de armas e anexos do pazo arcebispal, no pazo de Xelmírez, cunha achega da axencia Turismo de Galicia de 149.829 euros, en convenio coa Fundación Catedral de Santiago.

Cofinanciada con cargo ao 1% Cultural do Ministerio de Fomento, abordouse a restauración e posta en valor do **Camiño Francés en San Paio**, en Santiago de Compostela, cun orzamento de 131.678,86 euros. A ordenación do contorno, o soterramento das instalacións, a renovación de pavimentos, a dotación de mobiliario urbano e a substitución da marquesiña existente foron as principais actuacións acometidas. Tamén en Santiago de Compostela adxudicouse este ano a contratación da restauración da cuberta do Museo do Pobo Galego, que se realizará a comezos de 2014.

Na **concatedral de Ferrol**, este ano aplicouse un tratamento preventivo contra o caruncho na estrutura da cuberta. Na mesma provincia, na **igrexa de San Cosme de Antes**, no concello de Mazaricos, efectuáronse actuacións de restauración no presbiterio para o saneamento e impermeabilización dos paramentos exteriores e a incorporación dun sagrario no altar maior restaurado.

En Curtis, na **capela de San Roque de Xabriño**, realizáronse obras de substitución da cuberta existente e colocáronse canelóns, baixantes e unha reixa co fin de asegurar a conservación deste ben patrimonial.

En Lourenzá (Lugo) acondicionouse este ano a **fortaleza de Tovar**, para atallar o seu estado de ruína. Cun investimento de 222.718,88 euros, recuperouse a cuberta, limpáronse os muros, reparáronse os pavimentos, acometeuse unha instalación eléctrica e tamén se fixeron obras de acondicionamento do contorno e dos accesos.

No **castelo de Pambre**, o convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a axencia Turismo de Galicia, o Concello de Palas de Rei e a entidade Hermanos Misioneros Enfermos Pobres, permitiu iniciar as obras de limpeza, consolidación e rehabilitación deste inmoble histórico. Este acordo completouse cun programa para regular as visitas a este ben.

Na cidade de Lugo abordáronse obras de restauración e mantemento da **muralla romana**, así como a iluminación do adarve (o corredor sobre a muralla que é hoxe lugar de paseo), e a restauración do cubo XIII. Estas actuacións son parte dun plan de mantemento a catro anos que inclúe tamén a reposición de cachotería en lenzos, labores de impermeabilización do adarve, retirada de vexetación na campaña semestral, tratamentos fitosanitarios etc. O orzamento dedicado este ano a estas tarefas foi de 600.293 euros.

No **Centro Arqueolóxico de San Roque** foi preciso abordar este ano a eliminación de humidades. As obras realizáronse a través dun convenio de colaboración co Concello de Lugo, achegando a Xunta o 50% do orzamento. Na mesma cidade, tras a aparición de diverso material arqueolóxico nas escavacións da rúa Aquilino Iglesia Alvariño, preparouse o acondicionamento dun local para a almacenaxe destas pezas en condicións axeitadas.

En **Santa María de Nogueira de Miño** acometeuse a segunda fase da restauración das pinturas murais da igrexa no muro norte (tratamento nos morteiros e limpeza en superficie). No testeiro do presbiterio desmontouse parcialmente o retablo maior para a súa análise.

A renovación da cuberta da **Casa das Donas do mosteiro de Ferreira de Pantón** foi outra das actuacións de conservación, mantemento e restauración do patrimonio cultural inmoble da provincia de Lugo. O investimento da consellería nesta reparación foi de 95.589,36 euros.

Este ano rematáronse as obras, iniciadas en 2012, de restauración e posta en valor do **Camiño Francés** ao seu paso por **Gonzar** (Portomarín, Lugo): renovación do pavimento actual, creación de zonas de estar na

praza, colocación dunha barreira verde para romper a visión das granxas, soterramento das instalacións e substitución das luminarias existentes. Tamén no Camiño Francés, o teitado das pallozas do **Museo Etnográfico do Cebreiro** con técnicas tradicionais requiriu a intervención da consellería.

En Sarria realizáronse traballos de reparación das bóvedas interiores de barrote da **igrexa do convento da Magdalena**. Restaurouse tamén o retablo lateral do Salvador da **igrexa de San Salvador de Vilar de Donas**, en Palas de Rei. Procedeuse á reintegración das policromías, a través dun proceso de desmontaxe, desinsectación, consolidación e limpeza, para posteriormente montalo de novo, reintegralo e recuperar as policromías. Ademais diso, realizouse un estudo das pinturas murais.

Na **igrexa de Santiago de Rubiás dos Mixtos**, en Calvos de Randín (Ourense), restauráronse este ano as pinturas murais da sancristía, coa consolidación de morteiros, eliminación de cales, limpeza da superficie, tratamentos contra o seu deterioro, fixación, reintegración de soporte e da policromía etc., ademais de substituír a cuberta deste espazo.

A partir deste ano **o mosteiro de Santa María de Melón** pode visitarse nunhas mellores condicións de seguridade. Cun investimento de 116.001,70 euros en 2013, realizáronse estes meses obras de consolidación estrutural do espazo en ruínas e adecuouse de xeito que o visitante poida completar, de maneira segura, un percorrido polo conxunto e entender a súa funcionalidade histórica. En 2013 iniciouse tamén a redacción do Plan director do **santuario da Nosa Señora das Ermidas**, do Bolo, que terá continuidade en 2014.

Na cidade de Ourense abordouse a primeira fase das obras de reparación das cubertas e a restauración do grupo escultórico do Pórtico do Paraíso da **catedral de San Martiño**. Ademais disto, redactouse a proposta de intervención na portada norte e o proxecto de acondicionamento do patio entre a nave e o edificio de cóengos. O investimento global para estas melloras da catedral ourensá ascendeu a 289.329,17 euros en 2013. En breve, serán adxudicadas as obras da capela de San Xoán que permitirán a súa restauración e rematarase a redacción do proxecto da segunda fase de reparación das cubertas.

En convenio de colaboración coa Diocese de Ourense, coa Deputación de Ourense e co Concello de Ourense, desenvolveuse este ano, cun investimento

da Xunta de Galicia de 87.000 euros, a primeira fase da rehabilitación da **ermida santuario da Nosa Señora dos Remedios**.

No **Museo Arqueolóxico de Ourense** realizáronse obras de carpintería, en concreto, colocáronse e acristaláronse fiestras e portas deterioradas, co fin de mellorar o illamento e a seguridade do local.

En Pontedeva acondicionouse este ano a **capela da Magdalena**, de Freáns. Abordáronse nela traballos de rehabilitación integral: substitución da cuberta, renovación de carpinterías, restauración de recubrimentos interiores e exteriores, así como a recuperación do pavimento.

Na **igrexa de San Pedro de Moreiras** (Toén), restaurouse o retablo lateral esquerdo (limpeza e eliminación de repintes, fixación e consolidación, reintegración matérica, tratamento de elementos metálicos, estucado, reintegración cromática e vernizado de protección final).

Abordouse tamén a rehabilitación das cubertas do ciborio da **igrexa de Santa María de Parada de Outeiro**, en Vilar de Santos, levantouse a estrutura, asentáronse as cornixas e colocouse unha cuberta nova.

O labor de restauración da **igrexa de Santa Cruz de Terroso**, de Vilardevós, cun investimento de 80.063,72 euros, cofinanciado con fondos Feder, completou os traballos iniciados en 2012: a substitución da cuberta e da estrutura de madeira do coro, a colocación dunha varanda, a substitución do pavimento e carpinterías, a renovación da instalación eléctrica e o acondicionamento dos accesos.

En Cenlle recuperáronse as pinturas do muro norte e os muros da sancristía de **San Miguel de Osmo**, cun proceso coidadoso de delimitación da superficie polícroma, desencalado, saneamento dos morteiros, consolidación do soporte e fixación, limpeza superficial e reintegración das policromías. E na mesma provincia, co fin de protexer a **colexiata de Xunqueira de Ambía**, este ano redactouse o plan director para determinar as tarefas de conservación e restauración, que inclúen o axeitamento da praza no contorno da colexiata.

Unha das principais intervencións en arquitectura civil abordadas foi a segunda fase dos traballos de rehabilitación do **castelo de Santa Cruz**, da Guarda (Pontevedra). As obras realizadas no ano 2013, en convenio co concello e cun investimento de 89.481,96 euros, cofinanciado con cargo ao 1% Cultural do Ministerio de Fomento, son a continuación dun proxecto de reforma do castelo como Centro de Interpretación das Fortalezas do

Baixo Miño, desenvolvido en anualidades anteriores. Estas reconstrucións teñen por obxecto posibilitar o uso público da fortaleza, como xardín botánico no espazo público e como centro de interpretación do sistema defensivo da comarca, que será completado nos vindeiros anos.

Na sede do **Museo Massó**, de Bueu, antiga fábrica conserveira, acometéronse este ano importantes obras de mellora. Ademais da reparación das cubertas, acondicionouse a nave de salgadura, o taller e a sala de exposición temporal, ampliando así a superficie expositiva deste centro de referencia para a divulgación da historia local e da cultura e da industria pesqueira galega.

Cunha contía de 320.212,15 euros (cofinanciado con fondos Feder e en convenio coa Deputación de Pontevedra) acometeuse a restauración da **igrexa do mosteiro de Armenteira**, en Meis. Executáronse as obras de consolidación estrutural do muro do peche da entrada ao mosteiro e de restauración das fachadas exteriores e do adro da igrexa.

Noutro templo de referencia arquitectónica da provincia, a **catedral da Nosa Señora da Asunción, de Tui**, executáronse este ano as obras máis urxentes diagnosticadas no seu plan director: cubertas das torres do reloxo e de San Andrés e da fachada oeste, así como canles e encontros das cubertas no transepto norte e sur. Os honorarios pola redacción do proxecto e execución da obra sumaron 81.275,00 euros. Actualmente está en redacción o proxecto de acondicionamento de varias dependencias no conxunto catedralicio, para usos culturais.

Máis alá destas intervencións, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria subscribiu este ano un convenio de colaboración co Arcebispado de Santiago de Compostela, cun investimento autonómico de 97.428,87 euros para intervencións en distintos bens do patrimonio artístico de titularidade eclesiástica.

3.4
Museos e centros de difusión do patrimonio dependentes da consellería

A Secretaría Xeral de Cultura xestiona unha rede de museos e centros expositivos a través dos cales se realiza un importante labor de difusión do patrimonio cultural. Ademais do servizo de visitas e da actividade investigadora cotiá destes centros expositivos, apóstase neles por unha programación que permita ampliar o coñecemento social dos seus fondos e abrirse cada vez máis ao conxunto da cidadanía.

Cultura castrexa en San Cibrao de Las

A Xunta de Galicia, en colaboración cos concellos de San Amaro e de Punxín (Ourense), vén desenvolvendo desde 2004 a creación do **Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa de San Cibrao de Las**, que conta cun Centro de Interpretación da Cultura Castrexa e a área arqueolóxica visitable do castro. Este ano adquiriuse desde o Servizo de Arqueoloxía o mobiliario para o centro, fixéronse obras de urbanización e peche, instalacións eléctricas soterradas, e rematouse a montaxe expositiva, cun investimento, parcialmente cofinanciado con fondos europeos, de 287.325 euros. Por outra parte, a Xunta de Galicia realizou un investimento de 60.000 euros nos labores de limpeza e vixilancia deste espazo.

Castro de Viladonga

No castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo) desenvólvense de maneira continuada novos traballos de escavación e consolidación do castro. Para poñelos en valor e dalos a coñecer, o **Museo do Castro de Viladonga** achégalles aos visitantes os resultados desas intervencións e a súa evolución no tempo a través dunha exposición permanente que se vai actualizando con cada campaña.

Dentro da programación de dinamización das visitas, unha das principais celebracións foi a **Noite dos Museos**, en colaboración coa Asociación de Amigos do Museo, no Día Internacional dos Museos, na que recrean a vida dos castrexos e romanos de hai 2.000 anos, cun percorrido nocturno polo castro. Completaron a actividade con conferencias, concertos de música tradicional, xogos populares e tradicionais e cunha exposición conmemorativa da historia desta celebración, viva desde 2005.

A impresión e edición este ano do número 23 do ***Boletín anual CROA***, órgano de expresión científica e de difusión cultural do museo e da súa asociación de amigos desde 1991, contribúe, por unha banda, a mostrar o traballo de investigación que se desenvolve no museo xunto coas achegas no ámbito da etnografía e da cultura popular de expertos vinculados ao centro e, por outra, á difusión e ao intercambio bibliográfico con outros museos, entidades ou asociacións culturais e científicas.

Este ano editouse tamén a ***Guía do Museo do Castro de Viladonga***. Precedida dun intenso traballo de selección e elaboración de textos e imaxes, constitúe un proxecto fundamental para o museo, para a súa relación e intercambio científico con outros centros, e para ofrecerlle ao visitante un recurso de interese para a visita.

Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro

O Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro (Pontevedra) desenvolve unha oferta cultural educativa, lúdica e de sensibilización social arredor dos petróglifos e dos modos de vida das persoas que os crearon na Idade do Bronce. Ofrece un percorrido que integra a visita á exposición permanente, o paseo pola área arqueolóxica anexa e o acceso á recreación dun poboado da época. Ao longo de 2013 desenvolveuse un programa de visitas guiadas, visitas nocturnas e celebracións (Noite das Bágoas de san Lourenzo, Día internacional dos Museos, II aniversario do parque etc.) que atraeron máis de 22.000 visitantes. Organizáronse,

ademais, os obradoiros *Do gran ao pan*; *Do barro ao tarro*; *Tes ouro, tesouro?*; *Pequenos artistas, grandes obras*; *Á busca da mensaxe perdida*; *Cazadores de cervos*; *Lume, lume!* e *Descubrindo os enigmas das pedras*.

Do 17 de abril a 31 de maio de 2013, e cun total de 4.600 visitantes, o parque acolleu a exposición *Petróglifos de Terras de Pontevedra*, unha exposición fotográfica producida pola Mancomunidade Terras de Pontevedra para dar a coñecer a importancia da arte rupestre da zona.

Dentro no proxecto Gestart (Artistic Gestures revisiting European Artistic diversity and convergence), financiado con fondos da Unión Europea, sobre a arte rupestre e o patrimonio cultural, o 25 e 26 de outubro tiveron lugar no parque de Campo Lameiro as **Xornadas sobre arqueoloxía experimental**: **transformando materiais**, unha aproximación interdisciplinar á produción de obxectos de bronce, cunha asistencia de 250 persoas. Son socios deste proxecto a Cámara Municipal de Mação (Portugal), coordinadora do mesmo, a Xunta de Galicia, o Instituto Terra e Memória (Portugal), o Centro Universitario Europeo per i Beni Culturali (Italia), a Welsh Rock Art Organisation (Reino Unido) e a Dirección General de Patrimonio Cultural da Junta de Extremadura (España).

Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

Este museo, nacido en 1875 e actualmente en proceso de remodelación, mostra na sala de exposicións permanente en San Francisco parte da súa colección principal. Ademais da súa programación anual de actividades, o museo mantén un labor constante no laboratorio de restauración, recollida de materiais procedentes de escavacións arqueolóxicas na provincia, actividade bibliotecaria, asistencia a persoal investigador etc.

Entre as actividades cotiás de difusión dos seus fondos, o segundo mércores de cada mes o museo presenta unha peza escollida (*Peza do mes*),

cunha pequena charla ao serán por parte dun especialista sobre o significado da peza e o seu contexto, que se acompaña da publicación electrónica dun díptico informativo.

No último trimestre de 2013 o museo centrou a súa programación expositiva nunha mostra, ***A restauración no museo. Criterios e intervencións***, que difunde a propia historia deste centro e dos seus fondos: o estado das obras á súa chegada, as analíticas e informes que permitiron determinar os materiais constitutivos, patoloxías e procesos de deterioración; as diferentes técnicas e procesos de restauración que se emprenderon e os resultados finais visibles.

Ese achegamento da cidadanía ao museo tivo tamén este ano unha vertente nova: a **recreación en 3D da sede do museo**, unha maqueta virtual do edificio da parte románica e unha animación en alta definición adaptada a diferentes soportes, que mostra as reformas e ampliacións producidos no edificio ao longo da historia.

O museo colaborou con diversos proxectos do ámbito da arqueoloxía. En colaboración co Grupo Marcelo Macías e coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e financiado pola Fundación Barrié, completouse ese ano o proxecto *Catalogación do patrimonio cultural. Discurso histórico e ordenación do territorio. A Limia Alta*, cun web específico no que participaron un gran número de investigadores.

O Museo Etnolóxico de Ribadavia

O Museo Etnolóxico de Ribadavia conta cunha ampla colección de obxectos dun ámbito cronolóxico que abrangue desde finais do s. XIX ata hoxe (cerámica de produción autóctona, produción téxtil artesanal, aveños de labranza e de pesca fluvial, obxectos para coidado da vide e produción e almacenaxe do viño etc.). Conta, así mesmo, cun interesante fondo fotográfico formado por aproximadamente 340.000 negativos e positivos de temáticas moi variadas, ademais dun interesante fondo oral e documental froito das doazóns e legado, entre outros, da Asociación Abrente, da Familia Meruéndano, de Xesús Sánchez Orriols e Rubén García Álvarez. Con motivo do 40.º aniversario do colectivo Abrente, promotor da Mostra de Teatro de Ribadavia, foron publicados pola Secretaría Xeral de Cultura algúns textos inéditos procedentes destes fondos.

Este ano preto de 5.000 persoas visitaron as súas exposicións ***Lembrar no museo (2005-2011)***, ***A mirada dos espazos***, ***50 aniversario das feiras do viño*** e ***Museo no cárcere***. O museo programou tamén numerosas actividades, entre as que destacaron as do Día Internacional dos Museos, un curso de bibliotecas especializadas, ciclos de cine, concertos e presentacións de libros.

Unha das actividades de maior participación social é o **Ciclo de Cine de Outono**, dedicado ao ámbito etnográfico, con documentais e películas, que permite divulgar as últimas investigacións nesta materia e que constitúe, ao mesmo tempo, unha oferta cultural imprescindible na vila.

Museo das Peregrinacións e de Santiago

Este museo de xestión autonómica, situado no edificio compostelán coñecido como Casa Gótica, recolle nas súas oito salas expositivas a transcendencia que tiveron a peregrinación e o culto a Santiago na cultura europea e americana.

O museo desenvolveu ao longo de 2013 numerosas actividades de difusión social do patrimonio cultural, entre as que destaca a exposición da fotógrafa Olga Seoane Paulus dedicada á ***Peregrinación a Saintes Maries de la Mer***, unha pequena localidade no delta do Ródano entre o mar e a lendaria Camargue que recibe dúas veces ao ano, desde a Idade Media, milleiros de peregrinos. Preto de 17.000 persoas visitaron esta exposición.

Para conmemorar o Día Internacional dos Museos o 18 de maio, co lema ***Museos (memoria + creatividade = progreso social)***, celebráronse no museo actividades e visitas teatralizadas e dirixidas a público escolar de diferentes niveis educativos.

Museo Massó

O Museo Massó ten a súa sede no edificio máis antigo da fábrica de conservas Massó Hermanos, que albergara a súa primeira fábrica de salgadura, e nel conviven o patrimonio marítimo e industrial co espírito erudito do coleccionismo da época.

Entre as actividades programadas en 2013 neste centro museográfico situado na antiga conserveira de Bueu (Pontevedra) destaca a exposición ***Antonio Massó***, que, ademais de acrecentar a colección do museo, logrou unha dinamización do tráfico de visitas incrementándoas ata un 60%.

Outra das actividades destacadas deste ano foi a realización dunha **maqueta da fábrica de salgadura romana de Pescadoira**, dentro do proceso de contextualización dos fondos arqueolóxicos cerámicos procedentes desta escavación, que amplía a identidade marítima do museo para abranguer dun modo máis xeral a historia de Bueu.

Para a posta en valor da rica cultura dos vellos e novos trobeiros, o museo realizou este ano actividades arredor da **zanfona** que se conserva

nos seus fondos, destacando o papel deste instrumento na transmisión e conservación de coñecementos para as futuras xeracións.

Museo do Mar de Galicia

Para facilitarlles aos visitantes do museo a comprensión da diversidade dos ecosistemas mariños das rías galegas e os fundamentos biolóxicos das especies que os integran, e contribuír á sensibilización social na necesidade de preservar esta riqueza, o Museo do Mar de Galicia, situado na vella fábrica de conservas Alcabre-Molino de Viento (1887) de Vigo, conta cun programa de xestión integral de dinamización do seu **Acuario**, incluído o coidado e renovación das especies, así como o mantemento destas instalacións.

En 2013 este centro de referencia do patrimonio marítimo ampliou a súa exposición permanente con pezas que contribuíron a ofrecer novos elementos de interese aos visitantes e dinamizar o propio museo. Este foi o caso, grazas á colaboración co concello de Sanxenxo, do esqueleto dun cachalote atopado na praia de Montalvo, arredor do cal se programaron charlas a cargo da Coordinadora para o Estudo de Mamíferos Mariños e xornadas de portas abertas e visitas guiadas. Tamén se abordou a produción da exposición, prevista para o 2014, de elementos singulares de faros históricos de Galicia, depositados no museo por cesión do Porto de Vigo.

Pertencente ao Museo do Mar de Galicia, **O Centro Arqueolóxico do Areal Salinae** permite coñecer unha salina mariña de evaporación solar en perfecto estado de conservación e musealizada, e entender o funcionamento dunha instalación salineira e o seu aproveitamento na etapa romana. O centro de interpretación ofrece, ademais, un percorrido polo mundo do sal, a súa historia, os distintos sistemas empregados para a súa obtención e os usos históricos que se fixeron deste produto.

Unha das principais liñas de programación permanente do Museo do Mar de Galicia, que tamén se estende ao centro Salinae, é a **actividade didáctica** deseñada para dar a coñecer de xeito experiencial o centro de interpretación e o museo e para estimular e potenciar o hábito de uso frecuente

e aproveitable dos seus recursos vinculados co patrimonio e coa cultura marítima. Este servizo, importante para os profesionais do ensino, xa que lles achega ferramentas de calidade para completar o proceso educativo, tamén se estende á sociedade xeral.

Ademais da actividade arredor dos seus fondos, o Museo do Mar de Galicia acolleu este ano numerosas exposicións temporais, como a exposición ***Unha marea de ondas lúdicas***, de xogos e xoguetes antigos vinculados ao mundo do mar. Esta mostra, coas visitas guiadas para público escolar e familiar, que permanecerá ata marzo de 2014, desenvolveuse coa colaboración da Deputación de Pontevedra e da Fundación Raquel Chaves.

Do mes de maio ata primeiros de agosto puido visitarse tamén a ***VII Mostra de Modelismo Naval. Amonaga 2013***, unha exposición temporal froito da colaboración coa Deputación de Pontevedra e co Consorcio da Zona Franca de Vigo, con maquetas desta asociación de modelistas, que contou tamén cunha programación de visitas guiadas.

En colaboración co Centro Oceanográfico de Vigo programouse a exposición temporal ***Mesh Atlantic. Mapeo dos hábitats bentónicos do arco atlántico para mellorar a xestión do medio mariño***, sobre este importante proxecto de mapas dos organismos que viven nas augas do fondo na zona costeira e na plataforma continental do atlántico nordeste, para contribuír ao desenvolvemento de plans de xestión sustentable.

No mes de abril, e ata finais de ano, programouse ***O pecio de Xove***, unha exposición de pezas arqueolóxicas pertencentes ás intervencións realizadas no barco afundido na localidade de Xove (Lugo), co obxectivo de difundir a arqueoloxía submarina. Arredor desta mostra realizouse tamén un ciclo de conferencias sobre arqueoloxía submarina en Galicia.

De xuño a setembro puido visitarse neste espazo a exposición temporal ***Mil ríos***, unha mostra fotográfica arredor dun percorrido polas augas do Verdugo e a súa chegada ao mar, obra dos artistas Fran Herbello e Manuel Sendón. A Xunta de Galicia abordou este proxecto en colaboración coa Deputación de Pontevedra.

Outras mostras que acolleu o Museo do Mar de Galicia foi *Anxo Rial. Luces do Mundo*, con fotografías de paisaxes, xentes e espazos realizadas por este artista nas súas viaxes por países diversos, e a mostra *Roberto Vidal Bolaño*, autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2013.

Museos para a difusión das artes plásticas e novas tendencias artísticas

O Museo de Belas Artes da Coruña, o Centro Galego de Arte Contemporánea e a Casa da Parra son os tres centros de divulgación das artes plásticas dependentes da Xunta de Galicia, cunha actividade permanente de difusión entre todo tipo de públicos das colecções que custodian e de proxectos temporais, ademais de seren activas plataformas de dinamización cultural dentro da cidade. O resumo da súa actividade expositiva detállase no CAPÍTULO 6 desta memoria.

Índice de visitas dos museos dependentes da Consellería de Cultura e Educación en 2013

Museo	Visitantes 2012	Visitantes 2013
Castro de Viladonga	16.756	17.288
Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense	2.840	4.763
Museo das Peregrinacións e de Santiago	20.186	23.304
Museo de Belas Artes da Coruña	32.122	30.742
Museo do Castro de Viladonga	15.395	15.301
Museo Etnolóxico de Ribadavia	4.780	6.210
Museo Massó	13.124	15.960
Parque Etnográfico do Cebreiro	11.265	12.004
Parque Arqueolóxico de Campo Lameiro	20.007	22.370
Centro Galego de Arte Contemporánea	83.712	68.623
Museo do Mar de Galicia	31.786* **non inclúe Salinae*	35.912
Total	**251.973**	**252.477**

3.5
Programas de dinamización en espazos do patrimonio cultural galego

Un aspecto básico para a conservación e a transmisión a futuras xeracións do patrimonio cultural é que o conxunto da sociedade teña consciencia do valor colectivo destes bens, que os aprecie e que se implique na súa preservación. Con este fin, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén programando unha liña de actividades arredor de espazos destacados do patrimonio, para promover un achegamento e maior coñecemento dos mesmos e dos procesos de conservación e restauración abordados neles recentemente.

Espazos sonoros

Espazos Sonoros é o ciclo de referencia de programación musical e escénica da Xunta de Galicia en lugares destacados do noso patrimonio cultural. A singularidade desta programación permite participar nun conxunto de experiencias únicas de descuberta de propostas artísticas moi diversas en bens arquitectónicos de distintas localidades de Galicia, con concertos, obradoiros, visitas guiadas e roldas polo patrimonio organístico.

Nesta sexta edición, o ciclo promovido pola Secretaría Xeral de Cultura contou cun programa de grupos e artistas de contrastada calidade: música de órgano, música antiga ou de cámara, fusións de flamenco ou as percusións máis contemporáneas foron algunhas das propostas do cartel deste ano, que convidaba a un percorrido sonoro por toda Galicia, en igrexas, unha fábrica, museos, muíños e mesmo un castro.

O estilo medieval e barroco abriu e pechou esta edición coas formacións Il Combattimento, o 8 de setembro na igrexa de San Salvador de Camanzo, en Vila de Cruces, e Música Acordada, o 27 de outubro no mosteiro de San Rosendo de Celanova. Tamén contou co recoñecido grupo inglés Ghotic Voices, cun repertorio de música medieval europea ofrecido o 6 de outubro na igrexa de Santa María de Armenteira, en Meis.

O flamenco veu da man do guitarrista galego Marcos Teira, que presentou o seu novo traballo, *Flamenco Translations,* no Museo Etnolóxico de Ribadavia. Odaiko Percussion Group achegou os ritmos contemporáneos ao Museo do Castro de Viladonga, en Castro de Rei. O órgano, acompañado doutros instrumentos de vento, foi o protagonista do concerto de Marisol Mendive e Andrés Díaz na igrexa de Xunqueira de Ambía, o 22 de setembro, con pezas do repertorio de órgano de destacados compositores ibéricos dos séculos XVI e XVII.

O cartel de Espazos Sonoros 2013 completárono o novo proxecto de Caxade, nas Salgadeiras de Moreiras, no Grove; DandyLady, cun recital teatral sobre o desasosego, no IES Lucus Augusti de Lugo; a danza contemporánea da Cía. trasPediante, na fábrica de Sargadelos, en Cervo; e The Delightful Companion, que ofreceu un concerto de improvisación libre no Museo Massó de Bueu.

Para contribuír a captar e formar novos públicos, Espazos Sonoros incorporou, un ano máis, unha oferta de iniciativas complementarias, como obradoiros de achegamento á musica antiga e de organería para público infantil, sesións didácticas, espazos de conversa e música, visitas guiadas a muíños e castros e roldas polo patrimonio dos órganos.

Monumenta, difusión do patrimonio restaurado

Este ano, nun formato de colaboración entre a Agadic e a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, iniciouse o programa Monumenta, consistente na realización de obradoiros e actividades de participación social, protagonizadas pola veciñanza e colectivos do lugar, e dirixido á posta en valor

de espazos arquitectónicos situados maioritariamente en áreas rurais nos que se están a realizar intervencións de restauración.

Con este programa trátase de conseguir unha maior implicación da propia cidadanía da zona na conservación e aprecio dos seus bens patrimoniais, a través de obradoiros sobre restauración e manifestacións lúdicas ás que se une a celebración de eventos musicais. O concerto inaugural correu a cargo de Rosa Cedrón, no claustro da catedral de Tui, como colofón a unha tarde de obradoiros para familias baixo o título *Conservamos e restauramos: pintura, retablos e cubertas*, unha actividade lúdica e de aprendizaxe para coñecer como son os procesos de restauración dos bens patrimoniais. En novembro o ciclo chegou tamén ao santuario da Angustia en Betanzos, á igrexa de San Miguel de Osmo en Cenlle, á igrexa de Santa María de Nogueira de Miño en Chantada, á igrexa do mosteiro de Santa María de Armenteira, en Meis, e ao mosteiro de San Xusto de Toxos Outos, en Lousame. En decembro, as actividades desenvolvéronse na igrexa do mosteiro de San Salvador de Vilanova de Lorenzá, na igrexa do mosteiro de San Clodio en Leiro, na igrexa de Santa Cruz de Terroso en Vilardevós e na igrexa de San Pedro de Moreiras en Toén.

Ademais das charlas, percorridos musicais e obradoiros vinculados aos procesos de restauración, Monumenta ofreceu actuacións de recoñecidos artistas como Pedro Lamas e Xosé Lois Romero, María do Ceo, Grupo 1500, S@X21, a Rondalla Alfaia de Cenlle, a Coral Polifónica de Chantada e o cuarteto de corda do Conservatorio de Vigo nun concerto de homenaxe a Ángel Barja Iglesias.

Ademais destes ciclos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, desde a área de Cultura tamén se colaborou con outros ciclos de carácter local de programación musical en edificios do patrimonio, como as novas programacións **Concertos de Outono na Ribeira Sacra**, en colaboración co Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, con dous concertos de música vocal de Vox Stellae e Vox Organalis; ou o **Ciclo de Música Relixiosa no Templo de San Martín de Barcia de Mera** (Pontevedra). A quinta edición deste ciclo deu comezo o 27 de abril co concerto inaugural *As sete palabras de Cristo na Cruz*, de Joseph Haydn. O Grupo Instrumental Siglo XX, a soprano galega Laura Alonso, o Quinteto Pentafonia, Kiril Maximov e Alina Pociute (violín e piano), Vox Stellae e o quinteto de vento e madeira Airas Ensemble completaron o cartel desta programación.

No final do ano, o 15 de decembro, a Consellería de Cultura e Educación programou un recital de Rosa Cedrón na catedral ourensá, coa intención de difundir e achegar, a través dunha oferta de interese musical, as restauracións realizadas neste templo.

Recuperación do patrimonio musical

Por outra parte, este ano viu a luz un valioso proxecto de recuperación do patrimonio musical da catedral de Tui. Trátase da publicación dun volume con algunhas das partituras máis antigas do arquivo musical desta

catedral, ata o de agora inéditas, da autoría de **Matías García Benayas**, mestre de capela que chegou á sede tudense a finais do século XVII, editadas polo compositor e musicólogo Joam Trillo. O proxecto, promovido co apoio da Secretaría Xeral de Cultura e da Deputación de Pontevedra, incluíu tamén a gravación do disco *Defensor alme Hispaniae* polo coro compostelán Vox Stellae, baixo a dirección de Luís Martínez e coa participación do organista Joaquín Barreira. Para a súa difusión pública programáronse concertos na igrexa de María Auxiliadora en Vigo, na capela das Ánimas en Santiago de Compostela e na propia catedral de Tui, en novembro, no marco da clausura do Ano da Fe.

Nesta mesma liña de posta en valor do patrimonio musical, a Secretaría Xeral de Cultura colaborou co concello de Celanova na celebración dun programa de **Concertos Didácticos de Órgano**, no que participaron nesta edición alumnos de música de vinte centros escolares de toda Galicia, impartidos pola especialista Marisol Mendive. Os estudantes profundizaron no coñecemento histórico do órgano e participaron cunha interpretación con instrumentos (frautas, xilófonos etc.) acompañando o propio órgano celanovés.

3.6 Colaboración con outras entidades culturais para a difusión do patrimonio cultural

Ao longo de 2013, a Xunta de Galicia colaborou con diferentes entidades en proxectos de difusión do patrimonio, tanto a través do departamento de Cultura como de Turismo. Así, a axencia Turismo de Galicia, cun investimento de 150.000 euros, abordou, en colaboración co Concello de Xinzo de Limia (Ourense), a execución da segunda fase do proxecto expositivo do **Museo do Entroido de Xinzo de Limia**, que permitiu realizar as obras necesarias para o acondicionamento para a súa musealización e facilitar e dar a coñecer os recursos turísticos da zona na súa vertente cultural, etnográfica e turística.

Colaboración coa Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinou este ano un convenio de colaboración coa Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario, cun investimento público de 40.000 euros destinado á realización de diversas actividades de investigación e divulgativas do patrimonio cultural organizadas pola academia de referencia no ámbito das artes en Galicia.

Ludaria: encontro europeo de xogos tradicionais

Galicia acolleu por vez primeira o Encontro Europeo de Xogos Tradicionais, co apoio da Secretaría Xeral de Cultura. Co nome de Ludaria, o colectivo Brinquedia organizou este ano a asemblea da Asociación Europea de Xogos e Deportes Tradicionais, xunto cunha programación desenvolvida en Ourense entre o 20 e o 23 de xuño, que incluíu un encontro escolar, unha xornada divulgativa, o coloquio *O xogo tradicional como elemento museolóxico e sustentábel*, unha xuntanza de modalidades galegas de birlos en Parada de Sil e unha intervención festiva sobre as gaitas de palla. Os obxectivos desta cita promovida pola asociación europea, constituída por federacións, asociacións culturais ou deportivas, sociedades profesionais e institucións académicas dos distintos Estados europeos, céntranse na xestión, promoción e posta en valor dos xogos e deportes tradicionais dos pobos de Europa, cualificados pola Unesco como patrimonio cultural inmaterial.

Bens patrimoniais vinculados ao mar

No ámbito do patrimonio marítimo, o convenio de colaboración cultural entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial e o Concello de Outes, permitiu levar a cabo no mes de xullo o **XI Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia** no porto do Freixo, para difundir o rico patrimonio relacionado co mar. Os carpinteiros de ribeira foron homenaxeados nesta edición, desenvolvida no concello coruñés de Outes do 11 ao 14 de xullo.

Para avanzar na protección e difusión social do patrimonio marítimo tradicional galego, a Consellería de Cultura e Educación iniciou as xestións preliminares na declaración das técnicas construtivas das embarcacións tradicionais galegas como Ben de Interese Cultural, como recoñecemento do valor patrimonial deste proceso construtivo e como marco legal de protección.

No mes de novembro viu a luz, editado pola Deputación da Coruña co apoio da Secretaría Xeral de Cultura, a obra *Embarcacións tradicionais. Galicia. Pasado e presente*, que recolle o labor de máis de dous anos dun grupo de fotógrafos e investigadores que testaron a actualidade das embarcacións tradicionais galegas e estudaron as diferenzas con embarcacións de tempos anteriores a 1930.

Actividade do Museo Histórico de Sargadelos

En 2013 a Xunta de Galicia colaborou nas actividades e mantemento da casa de administración e na realización do proxecto expositivo permanente do Museo Histórico de Sargadelos (Cervo, Lugo).

Escultura romana en Hispania

En colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, a Secretaría Xeral de Cultura promoveu a edición das *Actas da VII Reunión de Escultura Romana en Hispania*, que compila as principais achegas recollidas nesta xuntanza de investigadores co fin de poñelas á disposición de toda a comunidade científica.

3.7
Formación especializada

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convoca bolsas de formación nos museos para ofrecerlles aos beneficiarios unha formación teórico-práctica que, engadida á formación académica, contribúa a completar o currículo académico e, ao mesmo tempo, á mellora progresiva do sistema documental dos museos e coleccións visitables. Con este fin, na orde do 9 de maio de 2012 publicáronse as bases para o período 2012-2013 destas bolsas de formación en materia de patrimonio moble galego, das que se beneficiaron este ano seis bolseiros.

Tamén co obxectivo de reforzar a formación especializada en materia de rehabilitación, a consellería con competencia nesta materia asinou en 2013 un convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela para a impartición do **Máster en Rexeneración Urbana e Rehabilitación**. O máster pretende apoiar a recuperación da sabedoría contida nos sistemas construtivos tradicionais, adoito substituídos por outros menos eficientes, reivindicar un cambio no deseño non sustentable das cidades e da ocupación do territorio, e procurar alternativas urbanas e territoriais que mitiguen os desequilibrios sociais.

Así mesmo, a Consellería de Cultura e Educación mantén convenios de colaboración coas universidades galegas para a formación práctica do alumnado de último curso dos graos vinculados á historia e á arte, que ao longo do ano realizan prácticas nos museos e nos propios departamentos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, onde se lles ofrece un contacto directo cos procedementos administrativos relacionados coa protección do patrimonio cultural de Galicia.

04
CULTURA PARA TODAS E TODOS

Unha concepción ampla e participativa da cultura, na que o conxunto da sociedade poida ter acceso aos bens e manifestacións culturais e intervir nesa construción cultural como axentes activos, profesionais e afeccionados, esixe o desenvolvemento de liñas de actuación política que atendan os distintos ámbitos creativos e a variedade das súas manifestacións.

Neste sentido, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria traza a súa intervención social en dous obxectivos básicos: dunha parte, o fomento da produción cultural nas súas diversas vertentes; por outra, o estímulo da oferta e da participación social na cultura.

É, ademais, labor institucional velar por que este proceso de construción cultural se desenvolva de maneira cohesionada no conxunto do territorio, e tanto nas áreas urbanas coma nas rurais. Nos programas de actividade cómpre non deixar atrás a actividade creativa de colectivos con maiores dificultades de integración e, en conxunto, atender todas as vías posibles para aproveitarmos a cultura e a creatividade como elementos que fagan máis completa, activa, reflexiva, innovadora e rica a vida de todas e todos os cidadáns.

4.1
Apoio á rede cultural galega

Os concellos e a ampla rede de asociacións de actividade cultural, fundacións e entidades sen fin lucrativo son axentes principais na oferta cultural no conxunto do territorio galego. Para impulsar a creación e promover e difundir a cultura nos seus diversos campos e manifestacións, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria desenvolve políticas de apoio a esta trama na que se tece boa parte da creación cultural actual. Unha das accións fundamentais nesa dirección é a convocatoria de axudas específicas para estas entidades.

Axudas públicas para a programación de actividades

Así, ademais do apoio ás principais programacións culturais a través da Agadic e á programación en rede deste organismo vinculada a entidades públicas e privadas (*vid.* CAPÍTULO 7), este ano destináronse 350.000 euros á **programación presentada en convocatoria pública por fundacións, asociacións e institucións culturais**, que foron investidos na organización de actividades como festivais de folclore e música tradicional, certames para a promoción da creación literaria, programación de teatro, danza, ciclos de concertos, concursos e mostras de pintura ou ciclos de conferencias.

Colaboracións con entidades para a dinamización cultural

Esta colaboración foi reforzada mediante acordos bilaterais con entidades para o desenvolvemento das principais programacións. Coa **Fundación Curros Enríquez** a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinou un convenio para o desenvolvemento de actividades arredor da obra deste autor celanovés. Tamén coa **Fundación Rosalía de Castro** se estableceron acordos para continuar colaborando no estudo, investigación e divulgación da obra de Rosalía de Castro e na organización da biblioteca e do arquivo rosalianos, así como coa **Fundación Valle-Inclán**, para a realización de actividades relacionadas co escritor.

Ademais destes, a consellería asinou outras colaboracións, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, coa **Fundación Otero Pedrayo** e coa **Fundación Vicente Risco** para as actividades programadas por cada unha destas entidades culturais.

No ámbito das artes plásticas, a colaboración coa **Fundación Xoán Piñeiro** permitiu programar este verán no concello da Guarda unha mostra da obra de Xoán Piñeiro. *Taller e artista* transformou as súas salas no obradoiro deste autor para mostrar as pezas máis particulares, aquelas da colección familiar, non expostas nos museos.

Coa **Fundación Paco Lareo-A Solaina**, en Vila de Cruces, desenvolveuse este ano un completo programa de actividades arredor da XI Forxa Literaria da Solaina do Piloño. Exposicións, música e recitais poéticos converteron as xornadas no punto de encontro dos valores artísticos das artes plásticas e literarias.

Unha importante actividade de difusión literaria vense realizando de maneira estable coa **Federación de Libreiros de Galicia**, a través das programacións de actividades das feiras do libro de Galicia. Co apoio da Secretaría Xeral de Cultura, en 2013 promovéronse charlas, encontros con autores, espectáculos infantís, presentacións de libros etc. durante as xornadas de celebración das feiras do libro celebradas na Coruña, en Santiago de Compostela, en Rianxo, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Ourense, Lugo, Viveiro, Foz e Monforte.

No ámbito do pensamento, a Secretaría Xeral de Cultura colaborou este ano co *Curso de Pensamento Carlos Gurméndez*, do **Club de Prensa de Ferrol**, así como coa revista de pensamento e cultura *Ferrol Análisis*. Con esta mesma entidade, promoveuse unha nova edición de *Galicia en Foco*, a crónica anual do fotoxornalismo galego que reivindica o traballo gráfico dos profesionais de Galicia.

A **Federación de Cineclubes de Galicia** e o departamento de Cultura da Xunta de Galicia asinaron un convenio para apoiar a programación de ciclos cinematográficos nos cineclubs de Galicia como motor de difusión da cultura propia e como alternativa á programación comercial, que permitiu contar cunha exhibición de títulos audiovisuais no conxunto do territorio galego.

Mellora da oferta e dos espazos culturais

Acadar unha ampla dinamización cultural do país, a través da mellora das condicións técnicas e de equipamento dos locais das entidades públicas (concellos e agrupamentos de concellos), para optimizar a prestación da súa oferta cultural, é o obxectivo das convocatorias de axudas que vén convocando, en réxime de concorrencia competitiva, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Cunha partida económica de 400.000 euros, cofinanciados con Fondos Feder procedentes da Unión Europea, o desenvolvemento desta liña de axudas permitiu **melloras nos espazos de programación cultural públicos dos concellos galegos**, fundamentalmente na eliminación de barreiras arquitectónicas e melloras da accesibilidade, nos equipos de luz e son e acondicionamento acústico, no equipamento informático e na instalación de medidas de seguridade e de extinción de incendios.

Tamén en cofinanciamento cos fondos europeos Feder (nun 80%), a **convocatoria de axudas destinadas a fundacións, asociacións e institucións culturais sen ánimo de lucro, para o equipamento e mellora dos seus locais culturais**, permitiu realizar rehabilitacións de cubertas e estruturas, salóns de actos, suprimir barreiras arquitectónicas, incorporar

equipamentos informáticos e audiovisuais, mobiliario, iluminación e equipamento escénico etc., cun investimento total de 250.000 euros.

Abordáronse este ano outras reformas importantes co financiamento da Xunta de Galicia, como as obras de reparación e acondicionamento do Teatro Coliseo Noela de Noia, en colaboración co Concello, cun investimento da Xunta de Galicia en 2013 de 307.759,54 euros.

Ademais das liñas do departamento de Cultura, a Xunta de Galicia abordou melloras de sinalización turístico-cultural desde os departamentos de Turismo, en colaboración con diferentes concellos de Galicia, co fin de visibilizar e promover un maior coñecemento e aprecio social dos bens culturais existentes no conxunto do territorio.

4.2 Programación na Fundación Camilo José Cela

A Fundación Pública Camilo José Cela, integrada na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, tivo no ano 2013 2.346 visitantes, dos que máis dun milleiro foron alumnos e mestres de 24 centros educativos galegos e dous de fóra de Galicia, que participaron nos distintos programas didácticos e que foron agasallados cun lote de libros de Cela para a biblioteca escolar.

A programación da Fundación Camilo José Cela comezou o ano coa exposición *CJC, un novelista en la pantalla*, inaugurada en novembro do ano anterior e que se mantivo aberta ata o 30 de abril do 2013. Nela deuse a coñecer a faceta cinematográfica do escritor (guionista, adaptador, versionador ou, mesmo, actor), amais dos mecanismos definidores da sétima arte, a través de diversas actividades. A visita completábase cunha actividade lúdica entroncada coas técnicas cinematográficas, enfocada fundamentalmente aos escolares, que crearon as súas propias historias en obradoiros axeitados ás distintas franxas de idade. O 16 de xaneiro proxectouse no paraninfo a película *La colmena* de Mario Camus, baseada no texto homónimo de Camilo José Cela, como derradeiro pase do Ciclo de Cinema iniciado en novembro de 2012.

No mes de outubro inaugurouse a exposición *Unas barbas en la Academia. La RAE en el legado de Camilo José Cela*, adheríndose aos actos en conmemoración do tricentenario da Academia Española, na que o escritor ocupara a cadeira Q desde 1957. A exposición, aberta ata o mes de xaneiro de 2014, saca á luz unha importante colección de pezas que o premio Nobel conservou vinculadas coa historia da RAE, como discursos, cartas, vellas edicións, telegramas etc. Esta exposición acompañouse tamén dun programa didáctico, con obradoiros como *2 vcs bueno*, para reflexionar sobre o emprego das abreviaturas ao longo da historia trasladando un texto de

Camilo José Cela á linguaxe SMS, ou *Los sillones de la Academia*, para infantil e primaria, no que se xoga coas letras das cadeiras dos académicos da RAE; e *Palabras imprescindibles*, no que se confecciona un dicionario-mural.

No mes de maio, con motivo da conmemoración do nacemento de Camilo José Cela (11 de maio), da celebración do Día das Letras Galegas (17 de maio) e do Día Internacional dos Museos (18 de maio) organizouse a *Semana das Letras no Museo*, *Letreseo*, na que se expuxeron os resultados dos distintos traballos e actividades realizados polo alumnado dos centros participantes na programación escolar *Camiliño Josesiño vai á escola* (que inclúe tamén o desenvolvemento de actividades didácticas nos propios centros educativos da man de técnicos da fundación). Representouse a obra teatral *Dupont e os espantallos*, a cargo do alumnado de educación infantil do CEIP Pousada de Carcacía, e montouse a exposición *Esta é a súa vida*, elaborada polo alumnado de terceiro ciclo de educación primaria de varios centros. O 18 de maio tamén se realizou a entrega de premios do II Concurso de Microrrelatos Fundación Camilo José Cela, na sede do Centro Comercial Compostela.

De xullo a setembro, en colaboración co Concello de Padrón, puido visitarse na sede de Iria Flavia a mostra fotográfica *A ría de Vigo, en imaxes*, unha mirada do padronés Germán Bruces Rajoán sobre a paisaxe marítima e os vínculos de Cela coa cidade da oliveira.

No final do ano, para os máis pequenos a fundación realizou unha nova edición dos talleres de Nadal que, baixo o título *Rima con ritmo*, convidou as familias con nenos e nenas entre 4 e 12 anos a convertérense en poetas e crearen as súas propias panxoliñas e os seus instrumentos con materiais reciclados.

Para axudar a divulgar toda esta programación, así como o legado da entidade, en marzo púxose en marcha a nova plataforma de contidos web da fundación www.fundacioncela.com, un web acorde os novos públicos e as novas necesidades culturais na rede. Ligadas a este novo espazo e coincidindo coa celebración do Día internacional do Libro, activáronse as contas da Fundación Camilo José Cela nas redes sociais Facebook e Twitter, con contidos renovados a diario.

Dentro da actuación dinamizadora da entidade, creáronse tamén este ano tres rutas literarias que se poden consultar a través da páxina web da fundación que percorren lugares emblemáticos de Padrón e da comarca vinculados con Cela.

Intercambios, investigación académica e formación

A Fundación Pública Camilo José Cela e a Fundación Celso Emilio Ferreiro colaboraron este ano nun intercambio documental para poñer á disposición da comunidade científica máis de 170 cartas e documentos que mostran a intensa relación literaria e profunda amizade que uniu o premio Nobel padronés e o poeta de Celanova desde finais dos 40 ata o falecemento do segundo en 1979. E tamén se realizou un importante

intercambio documental coa Cátedra José Ángel Valente da USC co mesmo obxectivo, con preto dunha trintena de cartas e documentos.

Na liña de colaboración con outras institucións, a fundación cedeu en préstamo dos seus fondos un debuxo de Federico García Lorca (*Hombre y joven marinero*, debuxada por Lorca en 1929) para a exposición *Back Tomorrow: A Poet in New York*, organizada pola Fundación Federico García Lorca, Acción Cultural Española (AC/E) e The New York Public Library, en Nova York.

Así mesmo redactouse a Guía de lectura sobre Camilo José Cela e as súas obras máis representativas en colaboración coa Fundación Barrié, que será presentada á comunidade escolar no primeiro trimestre do 2014.

Coa Universidade Camilo José Cela colaborouse na elaboración do *Anuario de Estudios Celianos* correspondente aos anos 2012-2013.

Asemade, e dentro da política de fomentar a investigación e a formación, asinouse un convenio de colaboración coa Facultade de Xeografía e Historia da USC polo que alumnos de 4.º curso do Grao de Historia da Arte acudiron en febreiro á fundación a realizar as súas prácticas.

4.3 Cultura na internet

En 2013 a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, baixo a coordinación da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia, abordou a renovación de diversas webs institucionais de difusión da cultura, para lograr un acceso máis doado á información do ámbito cultural.

Renováronse, entre outros, nestes meses os espazos na arañeira da Biblioteca de Galicia, do sistema de bibliotecas de Galicia, dos arquivos, da Cidade da Cultura de Galicia, ampliáronse as ferramentas electrónicas de servizo á cidadanía e creouse un novo boletín semanal coa información e a axenda cultural promovida pola Xunta de Galicia. Trátase dun labor de renovación e ampliación constante dos espazos culturais a través da internet que permiten difundir, para acceso xeral de todos e todas, a información e a documentación do ámbito da cultura.

SERVIZOS CULTURAIS NO MAPA

A aplicación *Servizos no mapa* da web corporativa da Xunta de Galicia facilita xa a localización de máis de 6.300 recursos públicos de Galicia, entre eles, os equipamentos culturais máis relevantes xeolocalizados: arquivos, bibliotecas, casas da cultura etc. en http://www.xunta.es/servizos-no-mapa

4.4
Formación de novos públicos. Disciplinas en diálogo

Un dos obxectivos transversais na planificación da actuación cultural da Xunta de Galicia é a formación de novos públicos, entendendo por esta non só a atención ás franxas de idade máis novas, senón tamén a incorporación do conxunto da poboación e a creación de novos fluxos de públicos entre as diferentes disciplinas de programación.

Os centros programadores (museos, bibliotecas, Cidade da Cultura, arquivos etc.) contan en todos os casos con vertentes de programación destinadas ao público infantil e, cada vez máis, con programas abertos de visitas guiadas e actuacións de dinamización que facilitan o achegamento a estes espazos e a afección pola súa oferta cultural.

Programacións interdisciplinares: Ciclo Do Audible

A música de creación actual en diálogo coa arte, coa ciencia e co pensamento contemporáneos é o eixe arredor do que se configura Do Audible, unha nova proposta incorporada na programación cultural de 2013 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en colaboración co colectivo Vertixe Sonora Ensemble. Este ciclo de catro concertos percorreu as cidades da Coruña, de Ourense, de Pontevedra e de Lugo nos meses de xuño e de novembro cunha programación que ofrece un novo espazo de achegamento aos códigos musicais máis vangardistas en diálogo con outros campos da expresión.

Cada concerto organizouse cun foco temático e foi precedido dunha charla introdutoria coa complicidade de relevantes personalidades do ecosistema cultural galego. A interpretación musical do ciclo veu da man de Vertixe Sonora Ensemble e boa parte das obras presentáronse en primicia en Galicia, autoría de creadores novos que achegan unha perspectiva singular do feito sonoro desde a experimentación, para contribuír ao desenvolvemento estético e técnico da arte musical.

A primeira sesión, *Palabras, palabras, palabras*..., no Museo de Belas Artes da Coruña, abordou as posibilidades da oralidade como elemento de construción do discurso musical, coa introdución do musicólogo Emilio Lede e coa participación da cantante e poeta Maite Dono. O segundo concerto, *Visións sonoras*, no Liceo de Ourense, foi un percorrido polas relacións entre a música e as artes visuais, coa participación do profesor José Antonio Lamas, do Departamento de Neurociencia da Universidade de Vigo. Xa no mes de novembro, a Facultade de Belas Artes de Pontevedra acolleu *O son natural*, afrontando a relación entre a música e a natureza, co artista Fernando Casás. A sesión *Ouvir o espazo* pechou o ciclo Do Audible na Casa do Saber, en Lugo, coa participación do arquitecto Alfredo

Sirvent, que abordou a configuración arquitectónica dos espazos de recepción da música.

Literatura, música e arte en conversa distendida

Para achegar dunha maneira amena a reflexión e o coñecemento aos principais autores clásicos da nosa cultura e a súa vinculación con outras artes, a Consellería de Cultura, Educación e O.U. apoiou este ano o ciclo **Viño e Cultura**, que mestura a charla con especialistas na arte coa degustación de especialidades de viño galegas (sufragada polos asistentes). Desenvolvidos á noitiña en cafeterías de distintas cidades, da man do profesor Xavier Castro e da actriz Uxía Blanco, estes encontros permitiron un achegamento diferente a figuras da literatura, da pintura ou do xornalismo galegos como Maruxa Mallo, Álvaro Cunqueiro, Rosalía de Castro ou Julio Camba.

4.5
Integración da diversidade de actores culturais e de públicos

Para o desenvolvemento cultural comunitario e persoal da cidadanía galega, as políticas de integración, tanto nos públicos como na propia creación artística, son fundamentais para conseguir unha transformación progresiva a favor da heteroxeneidade e do enriquecemento do conxunto. Nesa dirección enmárcase a iniciativa **Artes pola Integración**, froito da colaboración entre a Secretaría Xeral de Cultura e a Asociación Cultural Integración Diversos.

No II Encontro Artes pola Integración, desenvolvido de xaneiro a xuño de 2013 na Coruña, programáronse unha serie de accións destinadas a

darlles voz e presenza a colectivos excluídos ou que presentan dificultades para se moveren no espazo público por razóns médicas, sociais ou legais. Realizáronse obradoiros e actividades artísticas en centros penitenciarios, centros de atención a persoas con capacidades diferentes, centros de maiores etc. e en teatros, museos e espazos diversos que nutriron as diferentes facetas deste completo proxecto.

Nesta edición tivo lugar un ciclo de conferencias para educadores, sociólogos e artistas, baixo o título de *Experiencias*, que permitiu analizar e compartir proxectos de danzaterapia, de fusión de arte e natureza, de integración a través das familias etc. Desenvolveuse tamén un programa de artes escénicas con distintos colectivos, producíronse dúas exposicións (*Experiencias en educación artística no entorno da educación especial* e *Contraprácticas culturais* II), ademais dunha programación de proxeccións audiovisuais como o documental *Fóra*, que presenta as historias institucionais e humanas do hospital psiquiátrico de Conxo.

Artes pola Integración promoveu a realización dun conxunto de talleres para xerar o contacto entre artistas, mediadores e educadores con persoas con diversidade funcional. *Quen ama coida*, o laboratorio de coreografías das emocións *Integra-acción*, talleres para persoas con discapacidade destinados á posta en valor da diversidade que elimine calquera barreira para o máximo desenvolvemento persoal e colectivo e a capacidade das artes como forma de expresión e comunicación, obradoiros de danza-teatro e o taller de danza creativa *Corpo habitado* foron as principais actividades desenvolvidas este ano no contexto do encontro, cuxas conclusións e reflexións poden consultarse na web artesporlaintegracion.org

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria colaborou tamén este ano coa sétima edición de **Arte e Solidariedade**, organizada por Proxecto Home de Galicia, cunha exposición solidaria da acuarelista Sylvie Lerat inaugurada coincidindo coa apertura da nova sede da institución benéfica na capital de Galicia, destinada a revitalizar a ilusión nun futuro no que poder vivir sen adiccións destrutivas.

Para favorecer o coñecemento musical entre as persoas con necesidades educativas especiais e poñer en valor a música como elemento de desenvolvemento persoal e de integración social, a Secretaría Xeral de Cultura estableceu unha colaboración coa Fundación Igual Arte, para desenvolver materiais para o proxecto **De nota**. Esta proposta pedagóxica para rapaces con capacidades diferentes está accesible en formato de publicación e no blog www.denotablog.com que, ademais de completar a información da obra, pretende ser un espazo de encontro entre profesionais e persoas interesadas na educación musical.

Posta en marcha do Voluntariado Cultural

A Secretaría Xeral de Cultura e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado puxeron en marcha este ano un novo programa de Voluntariado Cultural que permite canalizar as inquedanzas de persoas de calquera

idade interesadas en colaborar coa difusión cultural e coas necesidades doutras persoas para acceder á cultura. Durante este ano, o programa iniciouse no ámbito bibliotecario (*vid.* CAPÍTULO I), no que as persoas voluntarias, de distintas idades con habilidades e competencias moi diversas, desenvolveron a súa colaboración no acceso doutros á lectura e á información. En total, participaron de maneira estable neste programa un total de 33 persoas voluntarias.

Proxección creativa para os máis novos: Xuventude Crea

No mesmo marco de colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado desenvólvese o consolidado certame Xuventude Crea, a maior manifestación da creatividade xuvenil galega, que permite visualizar o enorme talento creativo da mocidade galega. Con este proxecto a Xunta de Galicia establece un espazo para que os mozos e mozas poidan exercitar as súas habilidades, ensaiar solucións innovadoras e darlles difusión ás súas obras.

A edición de 2013 do certame incluíu once especialidades artísticas distintas, como o teatro, as artes plásticas, a música, a poesía, a banda deseñada, a videocreación etc., cunha participación de preto de 300 proxectos creativos. A colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar Social e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria permitiu a exhibición ou representación das obras gañadoras en distintos espazos culturais. Por primeira vez, ademais, as bandas gañadoras na modalidade de música do ano anterior incorporáronse á programación do ciclo de concertos Atardecer no Gaiás 2013, celebrado no verán na Cidade da Cultura de Galicia.

Certame Cores con palabras, para os maiores

Froito da colaboración entre a Asociación Galega das Artes Togariños e a Xunta de Galicia convocouse en 2013 o II Certame de Pintura e Poesía Cores con Palabras, para persoas maiores de 55 anos que presenten obras pictóricas ou poéticas orixinais en lingua galega. Ademais dos premios nas dúas modalidades, unha selección de obras presentadas configuraron a exposición e a publicación *Cores e palabras*, co propósito de alentar na súa expresión creativa as persoas maiores afeccionadas á plástica e á creación literaria.

4.6
Premios e certames para fomentar e recoñecer a creatividade

O recoñecemento da calidade e da capacidade transformadora dos proxectos culturais e dos creadores alenta a produción creativa nos distintos ámbitos culturais, contribúe a reforzar o valor simbólico da cultura e, sobre todo, permite difundir e poñer en valor socialmente o amplo abano e o alto interese da creación que se está a producir en Galicia.

A Xunta de Galicia entrega cada ano un conxunto de galardóns institucionais para recoñecer o traballo a prol da construción de Galicia, con especial atención ao campo cultural polo seu valor simbólico e social. Ademais dese recoñecemento destacado a obras e personalidades senlleiras, tamén promove e colabora cun conxunto de certames que contribúen a dar a coñecer creadores novos de distintos ámbitos artísticos que logran, grazas ao pulo deses premios, abrir novas portas para medrar artisticamente e asentar escaparates para dar a coñecer a súa obra.

Premios da Cultura Galega 2013

A Xunta de Galicia convoca cada ano os Premios da Cultura Galega co obxecto de apoiar a excelencia creativa, a capacidade de intercambio, a experimentación e a proxección da construción cultural de Galicia nos diferentes ámbitos. Estes premios, outorgados por un xurado conformado por representantes das principais institucións culturais e por profesionais independentes, son un recoñecemento colectivo á traxectoria e á calidade do traballo de persoas e entidades a prol do desenvolvemento cultural.

A presentación de candidaturas canalízase nun procedemento aberto e público. Nesta edición incorporouse unha nova modalidade, o Premio

PREMIOS DA CULTURA GALEGA 2013. GALARDOADOS

- Premio Cultura Galega de Letras: Luz Pozo Garza
- Premio Cultura Galega de Artes Plásticas: Fundación Eugenio Granell
- Premio Cultura Galega de Artes Escénicas: Mostra de Teatro de Ribadavia (Abrente-MIT)
- Premio Cultura Galega de Música: Juan Durán Alonso
- Premio Cultura Galega de Audiovisual: Bambú Producciones
- Premio Cultura Galega de Lingua: Asociación PuntoGal
- Premio Cultura Galega de Patrimonio Cultural: Museo do Castro de Viladonga
- Premio Cultura Galega de Proxección Exterior: Instituto Arxentino-Galego Santiago Apóstol

Cultura Galega de Lingua, para facer visible e coñecido o labor daqueles que contribúen de maneira salientable á valoración e á extensión do uso do galego na sociedade.

Formaron parte do xurado representantes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do Consello da Cultura Galega, da Universidade de Santiago de Compostela, da Real Academia Galega, da Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario, e os profesionais Victoria Carballo-Calero Ramos (catedrática de H.ª da Arte), Antonio Mourelos Vázquez (actor), Fátima Otero Bouza (crítica de arte) e Darío Villanueva Prieto (catedrático de Teoría da Literatura). O premio consistiu nunha serigrafía do pintor Alejandro González Cruz 'Alexandro' para cada un dos distinguidos nesta edición.

A entrega dos premios, á que asistiron preto de 500 persoas e que foi televisada pola TVG2, celebrouse no Museo Centro Gaiás, da Cidade da Cultura de Galicia, nun acto cheo de creatividade que contou coas intervencións artísticas de Najla Shami, Talabarte, Lusco e Fusco, bailaríns do Centro Coreográfico Galego e do quinteto Zoar Ensemble, ademais das intervencións dos galardoados e as institucionais.

Cultura e identidade nas Medallas de Galicia e proxección universal nas Medallas Castelao 2013

Se ben os premios da Cultura Galega son o máis importante recoñecemento institucional ao labor de persoas e institucións do ámbito cultural, cada ano o Goberno galego distingue as traxectorias a prol do desenvolvemento social de Galicia coas Medallas Castelao e as Medallas de Ouro de Galicia, que este ano destacaron tamén a excelencia da cultura galega.

As Medallas Castelao 2013, concedidas pola Presidencia da Xunta de Galicia, fóronlles outorgadas á escritora alemá en lingua galega Úrsula Heinze, por enriquecer a nosa literatura e particularmente por contribuír á lectura en galego entre os máis novos e á difusión da literatura galega no

mundo; á Coral de Ruada, pola súa traxectoria desde a súa fundación en 1918 de posta en valor da música vocal galega; e ao gaiteiro Carlos Núñez xunto coa banda irlandesa The Chieftains, pola súa contribución á difusión internacional da música galega.

Por outra parte, as Medallas de Ouro de Galicia concedidas polo Goberno galego tamén distinguiron este ano o labor cultural, neste caso da Fundación Penzol, tras cincuenta anos de servizo á investigación e á difusión da cultura galega.

Premio Otero Pedrayo 2013

Co obxecto de perpetuar e honrar a memoria de persoas egrexias no campo das letras e do coñecemento e a súa contribución á cultura galega, as catro deputacións galegas e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Educación, convocaron o Premio Otero Pedrayo, dotado con 30.000 euros, que na presente edición recaeu no profesor e escritor Xosé Luís Méndez Ferrín.

Premios para promover a escrita literaria e a difusión cultural

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, desde os seus diferentes departamentos, promove a creación de traballos literarios e de divulgación do coñecemento. Ademais dos premios literarios no ámbito escolar, tamén se convocan anualmente recoñecementos ao traballo investigador no ámbito cultural, sendo un dos máis destacados o **Premio de Ensaio Ramón Piñeiro**, promovido, con periodicidade anual, pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, en colaboración coa Editorial Galaxia e Gas Natural Fenosa. Nesta décimo segunda edición o ensaio premiado foi *Para que nos serve Galiza?*, unha obra do polítologo, consultor e investigador Xaime Subiela Pérez. O premio está dotado con 3.000 euros e conleva a publicación da obra gañadora.

No ámbito da escrita teatral, o Centro Dramático Galego convoca cada ano os premios de creación de textos dramáticos, que se detallan no CAPÍTULO 7 desta memoria.

As bibliotecas nodais tamén promoven convocatorias para animar os seus usuarios á escrita de textos. A Biblioteca nodal de Lugo premiou 17 rapaces e rapazas gañadores do Certame de Poesía Nadal 2013, en colaboración con outras 22 bibliotecas da provincia que realizaron previamente as súas fases locais, nunha convocatoria que chegou este ano á súa vixésimo primeira edición. Os premios, dotados cunha estatuíña de Sargadelos e un lote de libros, supón tamén a edición nun libro das obras gañadoras. Este ano, a Biblioteca nodal de Santiago Ánxel Casal convocou o I Concurso de Relato Breve de Terror en Galego, con motivo da celebración do Samaín. Son exemplos das numerosas iniciativas de premios de pequeno formato promovidos neste ámbito, capaces de motivar a creación de

textos literarios e de establecer novos vínculos entre estes centros e as persoas dos seus contornos.

Colaboración con certames e premios convocados por outras entidades

A Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares convocou o **Certame de Investigación Condado de Pallares** coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través das secretarías xerais de Política Lingüística e de Cultura. A sétima edición deste certame, que ten como obxectivo impulsar a investigación en galego na área de humanidades vinculadas ao ámbito territorial de Guntín, Portomarín, Taboada, Chantada e Carballedo, premiou a obra de Claudio Otero Eiriz *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*. Este premio está dotado con 3.000 euros e a publicación do traballo.

O **XI Premio de Poesía Novacaixagalicia**, convocado polo Centro PEN de Galicia coa colaboración da Fundación Novacaixagalicia e da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, outorgóuselle este ano á escritora Yolanda Castaño pola obra poética *A segunda lingua*.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria alenta tamén a creación poética a través do seu apoio ao **Certame Xosé M. López Ardeiro**, promovido polo Concello de Negreira e que nesta segunda edición recaeu en Yolanda López López por *Paisaxes subterráneas*, e ao **Premio Eusebio Lorenzo Baleirón**, do Concello de Dodro, que se vén convocando desde 1988 en homenaxe ao escritor, tradutor e filólogo que lle dá nome, e que este ano lle foi concedido a Cristina Ferreiro Real pola súa obra *As paisaxes eléctricas*. A colaboración co Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón reforzouse cunha mostra conmemorativa dos 25 anos de vida desta convocatoria para favorecer a creación poética. Poemas, biografías e fotografías dos galardoados e das galardoadas neste certame, así como do propio Eusebio Lorenzo Baleirón, conforman os paneis da exposición, que se completa cunha mostra bibliográfica, e que estivo aberta ao público nos meses de outubro e novembro na Biblioteca nodal da Coruña Miguel González Garcés.

A Fundación Gonzalo López Abente, en colaboración coa Consellería de Cultura e Educación, convocou por vez primeira este ano o **I Premio de Poesía Gonzalo López Abente**, a través da Secretaría Xeral de Cultura. O xurado declarou gañador o orixinal titulado *Dos tempos sombrizos (diario)*, da autoría de Daniel Salgado.

O Concello de Carral, coa colaboración das secretarías xerais de Política Lingüística e de Cultura, convocou **XVI Certame de Poesía Concello de Carral**. Coa súa obra *Cronoloxía da urxencia*, Dores Tembrás resultou a gañadora en 2013.

O **VII Premio Arume de Poesía** recaeu este ano na luguesa María Xosé Lamas pola obra *Cantigas para aprender a soñar*. O certame literario convócao, con periodicidade bianual desde 2001, a Fundación Xosé Neira Vilas e conta coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Destinados aos máis novos, e co obxectivo de promover a escrita en lingua galega, a Secretaría Xeral de Política Lingüística promoveu tamén diversos certames de creación, como o **V Concurso Novos Talentos de Relato Curto**, en colaboración con Coca-cola, destinado á poboación escolar.

A Fundación Pública Camilo José Cela convocou o **II Concurso de microrrelatos**, este ano dedicado a *La familia de Pascual Duarte*, e no que se recibiron máis de 600 textos nas tres categorías (infantil, xuvenil e adultos). Os gañadores foron: na categoría infantil, Alejandra Riveiro Delgado, Javier González Feria e Andrea Intriago Lemos; na xuvenil, Elba García Penas, Ramón Maceiras Castillo e Álvaro Viejo Cano; e na de adultos, María Almudena Cortés Cortés, Alberto Arroba Malpica e Ana Valenciano Alarilla. Todos eles foron premiados cun libro electrónico (coa colaboración de *El Corte Inglés*), un diploma acreditativo e un lote de produtos da tenda do museo.

No ámbito da novela, a Consellería de Cultura e Educación colaborou na XXV edición do **Premio de Novela Manuel García Barros**, un galardón que este ano recaeu na escritora Anxos Sumai pola súa obra *A lúa da colleita*.

Os **premios Rosalía de Castro do Centro PEN de Galicia** contan tamén coa colaboración da Consellería de Cultura e Educación e mais da USC, organizados con periodicidade bianual desde hai dezaseis anos. O certame está destinado a honrar desde a lingua e a literatura galegas as linguas e sistemas literarios hispano, éuscaro, catalán e portugués. Os escritores distinguidos na edición de 2013 foron María Esther Vázquez, Miren Agur Meabe, José Viale Moutinho e Enric Casasses.

Tamén o **VI Premio Voz de Liberdade** promovido, con carácter bianual desde o ano 2003 polo Centro PEN de Galicia en recoñecemento ás traxectorias de escritores e escritoras galegas que destacan na súa defensa da liberdade de expresión, contou este ano co apoio da Secretaría Xeral de Cultura. O xurado da VI edición decidiu concederlle o premio a Salvador García-Bodaño.

No ámbito da escrita dramática, a Radio Galega, en colaboración coa Secretaría Xeral de Cultura, organizou a sétima edición do **Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico**, destinado a fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio, divulgar a escrita teatral en galego e contribuír á recuperación do formato de teatro radiofónico desde unha perspectiva contemporánea. As obras finalistas emitíronse no mes de xuño na programación da Radio Galega interpretadas por un elenco de actores e actrices galegos, ademais de editárense nun libro-CD (Edicións Xerais). O xurado, integrado por profesionais do mundo da escena e da radio, escolleu a obra *#chovencartos*, de Raquel Marco Mejuto; entre os traballos emitidos, a audiencia votou a obra *O demo nunca dorme,* de Suso Lista. Ambos os premios estiveron dotados con 3.000 euros cada un.

Premios ás artes plásticas e audiovisuais

A **XI Bienal Pintor Laxeiro**, convocada e organizada polo Concello de Lalín e na que colabora a Fundación Casa Museo A Solaina de Piloño, conta

PREMIO NARRATIVA BREVE REPSOL

A Xunta de Galicia e a Fundación Repsol, coa colaboración da Editorial Galaxia, a Real Academia Galega e a Asociación de Escritores en Lingua Galega, convocaron este ano o **VII Premio de Narrativa Breve Repsol**, que recaeu nesta edición na compostelá Berta Dávila, pola obra *O derradeiro libro de Emma Olsen*.

co apoio de Cultura e Educación, que se fixo cargo da edición do catálogo expositivo para a promoción e divulgación das obras e dos artistas galardoados. Esta iniciativa busca ofrecerlles unha plataforma de difusión aos novos valores no ámbito das artes plásticas (pintura, fotografía e escultura), con canles para que os artistas poidan dar a coñecer os seus traballos e, ao mesmo tempo, contribuír á difusión das distintas formas de expresión da plástica contemporánea. As obras seleccionadas no certame foron expostas no Museo Municipal Ramón M.ª Aller e dous dos participantes seleccionados pola fundación terán a oportunidade de participar o ano que vén na XII Xuntanza Obradoiro Internacional das Artes Plásticas.

O **XI Concurso Internacional de Cartelismo Publicitario Francisco Mantecón**, convocado polas adegas Terras Gauda coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura, seleccionou como gañadora a obra de Cristina Vergara Echarri. Nesta edición, foron 1.890 as obras presentadas procedentes de 65 países de todo o mundo.

No ámbito das artes plásticas a Xunta de Galicia tamén colabora coa Bienal de Pintura Eixo Atlántico, descrita nos proxectos transfronteirizos do capítulo de internacionalización (*vid.* CAPÍTULO 10).

O **I Premio Galicia de Fotografía Contemporánea** está dirixido á promoción de novas creacións na linguaxe contemporánea da fotografía. A Fundación Benito Losada, organizadora durante tres décadas do Festival Outono Fotográfico, convocou por primeira vez, coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Deputación de Lugo, este premio cunha dotación de 16.000 euros que se destinan á produción dunha exposición temporal itinerante coas obras gañadoras e á súa publicación nun libro de distribución nas librerías. Nesta primeira edición concorreron ao premio proxectos de autoras e autores de 10 países. O proxecto gañador foi *Posesións para un esquecimento*, de Daniel Díaz Trigo.

Para o ámbito educativo, a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa veñen convocando de maneira conxunta o certame **Nós tamén creamos!**, un premio a curtas de animación en galego elaboradas en centros de infantil e primaria de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Nesta edición resultaron gañadores o alumnado do segundo ciclo de educación infantil do CEIP Víctor López Seoane, da Coruña; o alumnado do primeiro ciclo de educación primaria do CEIP A Lama (A Lama, Pontevedra); e ex aequo o alumnado do segundo ciclo de educación primaria do CEIP de Merza, de Vila de Cruces, e o CEIP de Leirado, de Salvaterra de Miño. A alta calidade dos traballos presentados motivou que a comisión de valoración acordase realizar mencións especiais en cada categoría.

Premios Trasalba e Antonio Fraguas

A consellería tamén colaborou este ano co **XXXI Premio Trasalba**, co que a Fundación Otero Pedrayo lle outorga o seu recoñecemento a persoeiros

detacados no ámbito cultural. Este ano concedeulle o premio á gaiteira ourensá Cristina Pato, polo seu compromiso coa difusión da cultura galega no mundo.

Destinados ao ámbito escolar, ademais dos premios vinculados ás Letras Galegas e outras distincións estritamente académicas, a Consellería de Cultura e Educación colabora, a través da Secretaría Xeral de Cultura, co **VIII Proxecto Didáctico Antonio Fraguas**, para favorecer o achegamento dos escolares ao patrimonio cultural e lingüístico galego, e que nesta edición premiou o CEIP Pintor Antonio Fernández de Goián e o IES Poeta Añón de Outes. A dotación económica do premio, de 7.000 euros, dedícase ao desenvolvemento dos proxectos premiados en cada unha das categorías durante o seguinte ano lectivo, en coordinación co Museo do Pobo Galego, co fin de favorecer a súa posterior exposición no propio museo.

As colaboracións da Xunta de Galicia cos premios ás industrias e axentes culturais están descritos no CAPÍTULO 7.

4.7 Difusión e coordinación das efemérides culturais 2013

Conmemoración colectiva do 150.º aniversario de *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro

O 17 de maio de 1863 vía a luz o libro de poemas *Cantares gallegos*, co que Rosalía de Castro iniciaba unha nova etapa de esplendor para a literatura galega e para a recuperación cultural de Galicia. Co obxectivo de conmemorar os 150 anos de vida desta obra, a Xunta e as principais

institucións culturais galegas promoveron en 2013 un amplo programa de actividades para reforzar a súa difusión e para destacar e manter o espírito de Rosalía de Castro e a súa consideración como símbolo de Galicia.

Dentro da actividade da propia Xunta de Galicia, a celebración desta efeméride tivo unha presenza transversal nos diferentes departamentos do Goberno. Entre outras actividades, a Cidade da Cultura de Galicia programou no Día das Letras Galegas un concerto de Fernando Reyes e Mercedes Hernández arredor dos versos rosalianos. A Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa convocaron o concurso escolar ***Imaxina Cantares!***, no que premiaron as mellores creacións audiovisuais para a difusión na rede do poemario de Rosalía. A Secretaría Xeral de Igualdade presentou a campaña polo Día da Muller na Casa de Rosalía, en homenaxe simbólica á figura da escritora. O Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) organizou o ciclo **Paisaxes do Romanticismo**, para contextualizar o ambiente cultural en Europa no tempo de Rosalía. E a CRTVG desenvolveu unha programación televisiva e radiofónica transversal con espazos dedicados a *Cantares gallegos*, ademais dunha canle temática no web da compañía.

A Fundación Rosalía de Castro, a Real Academia Galega e a Universidade de Vigo promoveron, co patrocinio da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a Fundación Barrié, e coa colaboración do Consorcio da Zona Franca de Vigo, unha grande exposición sobre esta obra emblemática da literatura galega, sobre a súa autora e a súa época: ***No principio foi o verso. O cantar dos Cantares***. En paralelo á exposición programouse un completo programa educativo, gratuíto para o público, composto por visitas guiadas, campamentos de verán para nenos e talleres didácticos para familias e para grupos.

A Biblioteca de Galicia tamén promoveu en 2013 unha mostra bibliográfica arredor de *Cantares gallegos*, cunha selección de edicións desta obra, desde a publicación primeira en 1863 ata os nosos días, partituras de composicións de tema rosaliano, adaptacións infantís, traducións etc. As bibliotecas nodais situadas nas principais cidades galegas, dependentes da Secretaría Xeral de Cultura, tamén se uniron á celebración conxunta desta efeméride cunha programación de actividades e mostras arredor de Rosalía. Con motivo do Día do Libro, o 23 de abril, a Xunta de Galicia distribuíu nas librerías de Galicia, coa colaboración da Federación de Libreiros de Galicia, un marcapáxinas conmemorativo da efeméride.

No mes de maio tivo lugar un emotivo concerto das voces máis novas sobre versos de Rosalía. O Consello da Cultura Galega e a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, xunto coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia, organizaron a xornada ***No bico un cantar. Nenos e nenas cantan a Rosalía***, celebrada na igrexa de San Domingos de Bonaval en Santiago de Compostela. Máis de catrocentos nenos e nenas de 8 a 12 anos dos centros de ensino musical (conservatorios, escolas municipais e coros infantís de toda Galicia) cantaron os poemas rosalianos acompañados polo grupo de metais Hércules Brass e dirixidos por Maximino Zumalave. Pola mañá os nenos e nenas participantes visitaron a Cidade da Cultura, onde realizaron o ensaio xeral.

A Secretaría Xeral de Cultura difundiu a través do seu web varios proxectos arredor de Rosalía cantada, como unha recompilación electrónica das principais gravacións existentes (***Rosalía en 20 edicións discográficas***, elaborada polo musicólogo Xaime Estévez), para reforzar a capacidade de difusión da súa obra en forma de canción. Pode consultarse en cultura.xunta.es.

A iniciativa musical coa que a Secretaría Xeral de Política Lingüística conmemorou o 150.º aniversario da publicación de *Cantares gallegos* desde a Rede de Dinamización Lingüística achegoulle a poesía rosaliana na voz de Uxía á cidadanía de 40 localidades de Galicia. Neste proxecto ***Rosalía pequeniña*** de FalaRedes 2013 a cantante Uxía, en colaboración cos músicos Sérgio Tannus e Santi Cribeiro, versionou 11 poemas para actualizar a poesía de Rosalía de Castro a ritmo de muiñeira, rock e blues, levando a promoción do uso do idioma propio de Galicia ao terreo dos afectos e dos sentimentos para gozo dos máis pequenos. O mesmo departamento, no marco desta efeméride, celebrou o consello de membros anual da Rede de Dinamización Lingüística na Casa-Museo Rosalía de Castro, en Padrón, co peche musical de aCadaCanto, que presentou o seu disco *A rosa d'Adina*.

Enfocado ao público infantil, a Consellería de Cultura e Educación apoiou tamén o proxecto *A miña primeira Rosalía*, cunha programación de concertos en Lugo, Oleiros e Ortigueira durante o mes de decembro para poñer sobre os escenarios o libro-CD editado por Xerais co gallo da efeméride de *Cantares gallegos*.

No mes de outubro presentouse no Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), en Santiago de Compostela, o libro-disco ***Cantares gallegos. Músicas para o 150.º aniversario da súa publicación***. O tenor Joaquín Pixán e o pianista Alejandro Zabala, coa participación da soprano galega Teresa Novoa, recuperaron poemas rosalianos musicados por recoñecidos compositores, como García Abril, Andrés Gaos e Octavio Vázquez.

Ademais dese novo proxecto discográfico, viron a luz co apoio da Xunta de Galicia na súa produción ou difusión pública outros como ***Os ollos que falan***, do sexteto Tempo Catro, ademais da xira galega de Amancio Prada sobre poemas de **Rosalía en diálogo con García Lorca**, que foi presentado tamén no Teatro Español de Madrid.

No Museo de Belas Artes da Coruña, coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura, tamén tivo lugar no mes de novembro o **concerto conmemorativo do Coro de Cámara da Coruña**, centrado en poemas de Rosalía e doutros autores galegos musicados por diversos compositores.

No ámbito teatral, patrocinada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Sarabela Teatro desenvolveu este ano unha xira por Galicia co espectáculo teatral ***Rosalía. Os cantares das musas***, co que difundiu a obra rosaliana desde os escenarios ao longo do territorio galego nunha montaxe construída sobre versos de *Cantares gallegos* e baseada tamén na obra *El caballero de las botas azules*.

Dentro das **edicións conmemorativas,** o Parlamento de Galicia, o Consello da Cultura Galega e a Xunta de Galicia, promoveron unha edición facsimilar da primeira edición de *Cantares Gallegos*, completada cos poemas

incorporados en edicións posteriores. Está accesible tamén na rede no web da Secretaría Xeral de Cultura.

Coa colaboración da Xunta de Galicia, este ano viron, así mesmo, a luz a edición ilustrada de *Cantares gallegos*, por Pepe Barro, editada por El Patito Editorial, e o proxecto *Rosalía*, coa edición dos poemas rosalianos musicados polo cantante galego Narf.

Outra das actuacións relevantes máis recentes vinculadas coa posta en valor de Rosalía de Castro e a súa obra é o **acondicionamento da casa familiar de Rosalía en Padrón**. A chamada Casa da Matanza é un referente da posta en valor da figura e da obra da poeta do Sar, convertida en casa-museo desde 1971. A remodelación actual deste centro, cun investimento da Xunta de Galicia de 200.000 euros en 2013, cofinanciados con Fondos Feder, permitiu acondicionar o edificio para poder acometer nos próximos anos unha modernización do perfil museístico.

A programación arredor do aniversario de *Cantares gallegos* contou con planificación de **difusión exterior da efeméride**. Ademais das actividades desenvolvidas nos lectorados de lingua e cultura galegas de universidades de todo o mundo baixo a coordinación da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, este ano publicouse a edición en inglés de *Cantares gallegos*, ***Galician Songs***, na colección Galician Classics, promovida pola Secretaría Xeral de Cultura e Small Station Press, que achega os versos rosalianos ao mercado internacional en lingua inglesa.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Instituto Cervantes e o Consello da Cultura Galega tamén contribuíron a esta homenaxe colectiva a través do ciclo de conferencias **Rosalía de Castro: tradición e modernidade** realizado no mes de outubro na sede do Cervantes en Madrid, con conferencias, coordinadas polo crítico literario Ángel Basanta, nas que interviñeron os escritores Carlos Reigosa, Marina Mayoral, Luis García Montero, Luis Alberto de Cuenca e Arcadio López Casanova.

Día das Letras Galegas dedicado a Roberto Vidal Bolaño

A Real Academia Galega decidiu dedicar o Día das Letras Galegas de 2013 a un autor enteiramente entregado ao teatro, Roberto Vidal Bolaño. A Xunta de Galicia sumouse a esta celebración cunha ampla programación de actividades co seu eixe central no Centro Dramático Galego, que en 2013 dedicou a totalidade da súa actividade á obra de Bolaño, integrando na programación a colaboración con compañías privadas, detalladas no CAPÍTULO 7 desta memoria.

De maio a decembro percorreu Galicia a **exposición itinerante** ***Roberto Vidal Bolaño. Letras Galegas 2013,*** desenvolvida pola Asociación Roberto Vidal Bolaño, co patrocinio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que iniciou a súa itinerancia na vila natal do autor, Santiago de Compostela, para chegar posteriormente a Pontevedra, Tui, Ribadavia, Vigo, Vilagarcía de Arousa, Ribeira, Ferrol, A Coruña, Carballo, Burela, Lugo, Verín e Ourense.

Dentro das **novas edicións** promovidas no ámbito da celebración das Letras Galegas, o principal proxecto deste ano foi abordado por Edicións Positivas, coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Trátase da edición das obras completas de Vidal Bolaño, en varios volumes que agrupan a totalidade da creación literaria do autor homenaxeado. Edicións Positivas tamén publicou, en colaboración coa Xunta de Galicia e o Consorcio de Santiago, o texto dramático *Doentes*.

Para o ámbito escolar, a editorial Galaxia, coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura, publicou este ano o libro-DVD ***Un chapeu negro e un nariz vermello***, para estudantes de secundaria.

Na liña de programación de **actividades nos centros educativos**, a Secretaría Xeral de Política Lingüística convocou, como vén facendo cada ano con motivo do Día das Letras Galegas, un concurso-exposición de carteis

HOMENAXE DA XUNTA DE GALICIA A VIDAL BOLAÑO NO SALÓN TEATRO

O 17 de maio, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, a Xunta de Galicia realizou no Salón Teatro un acto institucional de homenaxe ao dramaturgo Roberto Vidal Bolaño, en colaboración coa Real Academia Galega, a Asociación Roberto Vidal Bolaño e o Concello de Santiago de Compostela.

dirixido a potenciar a colaboración entre departamentos dos centros de ensino e a implicación activa do profesorado e do alumnado na elaboración de materiais sobre o autor homenaxeado. Os carteis gañadores, coas súas correspondentes unidades didácticas así como outros materiais de utilidade dos equipos de dinamización e normalización da lingua galega están descargables en http://www.xunta.es/linguagalega/letras_galegas.

No repositorio de contidos do **espazo Abalar** dispuxéronse materiais didácticos sobre Vidal Bolaño, como a aplicación BrincaLetras. http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/espazos/recursos.

O Centro Dramático Galego elaborou tamén un caderno pedagóxico que afonda nas características deste dramaturgo galego contemporáneo, decargable no web do CDG (www.centrodramatico.org).

Como vén sendo habitual, numerosas entidades participaron neste festexo colectivo. A Fundación Camilo José Cela programou a *Semana das Letras no Museo*, con visitas e actividades.

Novas achegas do Centro Ramón Piñeiro ao estudo de Rosalía de Castro e de Vidal Bolaño

O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades presentou en 2013 dúas novas entregas dos seus cadernos vinculadas ás principais efemérides culturais do ano. O XXV volume dos **Cadernos Ramón Piñeiro**, presentado no mes de maio, centrouse na figura de Bolaño. Co título *Roberto Vidal Bolaño. Escritos sobre teatro* ofrécese unha escolma de reflexións do dramaturgo compostelán sobre arte teatral e un conxunto de traballos de Luís Alonso Girgado, Manuel Quintáns, Xosé Luís Cochón e Gustavo Luca de Tena. No mes de xullo presentouse o volume vixésimo sexto dos Cadernos Ramón Piñeiro, unha homenaxe á autora dos *Cantares gallegos* co título *Rosalía na cobiza do lonxe*, coordinado por Xosé Luís Cochón, Luís Alonso Girgado e Lorena Domínguez, con catorce colaboracións de especialistas na obra de Rosalía de Castro, precedidas dun fermoso texto de Álvaro Cunqueiro.

O Centro Ramón Piñeiro, dependente da Secretaría Xeral de Política Lingüística, desenvolve unha ampla actividade investigadora e divulgativa en proxectos de estudos lingüísticos, literarios, históricos e antropolóxicos.

Centenario do nacemento de Fdez. del Riego e cincuentenario da Fundación Penzol

Este ano celebrouse unha dobre efeméride con vínculos estreitos: o centenario do nacemento do escritor e difusor da cultura galega, Francisco Fernández del Riego, e o aniversario da creación da Fundación Penzol en 1963.

Cunha ampla axenda de actos e co apoio institucional doutros promovidos por entidades diversas, a Xunta de Galicia quixo recoñecer o traballo por Galicia abordado por Del Riego e poñer en valor o legado de Penzol. Neste contexto, o Goberno galego estimou concederlle a Medalla de Ouro de Galicia 2013 á Fundación Penzol, a máxima distinción institucional do Goberno autonómico.

No marco da colaboración con outras institucións, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria subscribiu un convenio coa Fundación Penzol para o desenvolvemento de actividades arredor das citadas efemérides. A mostra ***Fernández del Riego, cos ollos do espírito***, promovida pola Fundación Penzol nese marco de colaboración coa Xunta de Galicia, estivo integrada por diferentes paneis e vitrinas con documentos fundacionais de Galaxia, cartas con diversos autores e curiosidades, como o mecanoscrito da referencial *Historia de la literatura gallega*, así como un vídeo documental.

Esta mostra, inaugurada na cidade de Vigo, estivo exposta tamén no Concello de Vilanova de Lourenzá, dentro do conxunto de actos promovidos na localidade luguesa, vila natal do galeguista. Charlas, unha exposición de caricaturas de Del Riego, un roteiro literario arredor das vivencias do escritor en Lourenzá ou o nomeamento en novembro como Fillo Predilecto da Vila foron algunhas das actividades programadas, coa colaboración da Xunta de Galicia.

40.° aniversario da Mostra de Teatro de Ribadavia

En 2013 cumpríronse os corenta anos do nacemento da Mostra de Teatro de Ribadavia, unha efeméride que conmemora o momento fundacional do novo teatro galego. No ano 1969 nacía en Ribadavia a Agrupación Cultural Abrente que, a partir de 1963, iniciou a organización das mostras de teatro que se converteron nun punto de encontro para o establecemento das bases do teatro contemporáneo galego e en galego. Arredor delas configurouse o denominado Grupo Abrente, a primeira xeración de dramaturgos profesionais en lingua galega, entre os que destacaron Manuel Lourenzo, Vidal Bolaño ou Euloxio R. Ruibal, entre outros.

Para poñer en valor o papel desta mostra organizada por Abrente na consolidación do teatro galego e no papel normalizador deste en relación coa nosa lingua propia, a Xunta de Galicia, en colaboración con outras entidades como a Real Academia Galega, a Deputación de Ourense, o Concello de Ribadavia, a MIT, a Asociación Cultural Abrente e o Museo

Etnolóxico de Ribadavia organizaron as **Xornadas Abrente. 1973-2013**, nas que participaron destacados estudosos e persoeiros do mundo da cultura, como o director do Centro Dramático Galego, Manuel Guede, José Luis Chao, Manuel Lourenzo, Cándido Pazó, Camilo Fernández *Valdehorras*, Júlio Cardoso, Maribel Outeiriño ou Luís Álvarez Pousa. Así mesmo representouse durante as xornadas a obra teatral ***BailadELAS***, de Roberto Vidal Bolaño, e descubriuse unha placa conmemorativa na casa de Xesús Sánchez Orriols, un dos impulsores da Asociación Cultural Abrente e da mostra.

Ademais da celebración destas xornadas, a Mostra Abrente lembrarase tamén a través dun volume, ***40 anos daquel Abrente***, publicado en 2013 pola Secretaría Xeral de Cultura baixo a coordinación de Inma López Silva, Dolores Vilavedra e Roberto Pascual, que recolle os textos premiados entre 1973 e 1980. Trátase de obras que estaban sen publicar ou de difícil acceso, entre as que se encontran textos como *Bailadela da morte ditosa* de Vidal Bolaño.

No marco do aniversario a Xunta de Galicia publicou tamén a obra ***Ricard Salvat e o teatro galego***, que analiza a relación dun dos grandes impulsores do teatro catalán coa dramaturxia galega, desenvolvida desde a propia Mostra Abrente, e en prol da que tamén traballou Salvat.

Por outra parte, a Secretaría Xeral de Cultura editou o audiovisual ***Abrente, unha clave para o teatro galego***, un documental de Antonio Simón sobre a historia da mostra e a súa vinculación coa creación do teatro público e privado en Galicia.

Outras celebracións

Por outra parte, para poñer en valor a literatura en lingua galega, desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística, déuselle continuidade en 2013 á itinerancia da exposición nacida da efeméride da publicación de *Memorias dun neno labrego*. A mostra ***Querido Balbino, 50 anos de Memorias dun neno labrego***, sobre este pioneiro *best seller* en galego autoría de Xosé Neira Vilas, e referente da nosa literatura infantil, percorreu outros 21 concellos durante este ano.

4.8
Promoción do turismo cultural

O patrimonio cultural é unha das principais fortalezas de Galicia como destino turístico, que busca ser recoñecida como marca de destino sustentable e diferenciada polo valor dos seus recursos endóxenos, cunha xestión dos mesmos responsable e competitiva.

O Camiño de Santiago, as catro declaracións da Unesco de espazos Patrimonio da Humanidade (a cidade vella de Santiago de Compostela, o Camiño de Santiago, a muralla romana de Lugo e a torre de Hércules), os mosteiros en espazos naturais únicos, os castros, a cultura vitivinícola, as termas, os faros ou as tradicións vinculadas aos festexos históricos están a atraer xa miles de persoas cada ano, cun crecemento do turista internacional que, segundo os datos estatísticos, realiza unha estadía e un gasto medio superior ao resto do Estado.

Posicionar Galicia como marca e como destino diferencial, polo seu patrimonio cultural e natural, é un dos principais retos establecidos pola Xunta de Galicia en materia de turismo, que obriga, ao mesmo tempo, a ter presente ese interese na propia programación e servizos culturais.

A oferta dos grandes centros de programación cultural, como a Cidade da Cultura, ciclos musicais estacionais ou outros fóra do verán como Espazos Sonoros cumpren, máis alá dos seus obxectivos de difusión cultural, unha función de atracción de movementos de persoas á procura de novas experiencias e descubertas creativas en contornos de especial beleza ou singularidade, tal como constatan os datos de públicos dos mesmos.

Existe un valioso abano de recursos aínda escasamente explorados no ámbito do turismo cultural. O mar e a auga presentan unha riqueza social e cultural de gran potencial tamén neste ámbito. Pero tamén outros aspectos da creación cultural clásica e contemporánea. A literatura, a creación audiovisual, a ilustración, a música, o folclore son algúns dos campos de importante destaque da creatividade actual en Galicia que poden actuar como faro para atraer novos visitantes e reforzar a singularidade e a capacidade do noso país.

A cultura como fortaleza do sector turístico galego

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén colaborando de maneira estable cos departamentos con responsabilidade en materia de Turismo da Xunta de Galicia, para definir e lograr novos resultados neste campo.

Os paquetes turísticos ofrecidos a través de Turgalicia incorporan progresivamente novas ofertas centradas no interese cultural dos visitantes. A ruta do románico, a ruta dos mosteiros, a da Galicia máxica (por petróglifos, dolmens e castros) ou as experiencias en actividade mariñeira son

algúns exemplos desta oferta que pon en primeiro termo os recursos e a singularidade cultural de Galicia como polo de atracción dun turismo sustentable e de calidade.

Camiño de Santiago

Un dos eixes máis consolidados, tanto polo seu aspecto cultural e espiritual, como histórico, deportivo e paisaxístico, é o Camiño de Santiago, nas súas diferentes rutas. A colaboración entre as administracións autonómicas e os concellos polos que atravesan os peregrinos, así como entre distintos departamentos da Xunta de Galicia implicados no seu mantemento, conservación e promoción, permitiu unha importante proxección desta ruta nos últimos anos. Dentro da oferta actual de Turgalicia neste espazo destaca o **Bono Iacobus**, que ofrece sete rutas diferentes para gozar do Camiño de Santiago (O Bono Iacobus do Camiño Francés, o Bono Iacobus do Camiño do Sudeste-Vía da Prata, o Bono Iacobus do Camiño Fisterra-Muxía, o Bono Iacobus do Camiño Portugués, o Bono Iacobus do Camiño do Norte, o Bono Iacobus do Camiño Inglés e o Bono Iacobus do Camiño Primitivo), con percorridos por etapas, con todos os servizos, por estas vías históricas.

A consellería, a través da Agadic, e en colaboración coa axencia Turismo de Galicia, puxo en marcha este ano **Cultura no Camiño**, unha iniciativa deseñada para a conmemoración do oitavo centenario da peregrinación de san Francisco de Asís a Santiago de Compostela, con 105 funcións (desenvolvidas por 56 colectivos artísticos) en 42 concellos radicados nas distintas rutas xacobeas.

Para a promoción exterior dos camiños e da importancia da ruta xacobea na construción cultural europea, Turismo de Galicia (a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo) promoveu en 2013 a mostra ***Á luz do Calixtino. O Códice de Santiago***, que iniciou a súa andaina en Baiona no mes

de agosto, coa colaboración da Fundación Catedral de Santiago, do Museo do Pobo Galego, do Concello de Baiona e do Ministerio de Fomento. O proxecto expositivo completou a súa itinerancia nas cidades italianas de Nápoles, Palermo e Bari, así como en Madrid, Pamplona, Málaga, Oviedo ou Valencia, en España.

Turismo literario e musical

Este ano a Secretaría Xeral de Cultura iniciou os traballos preliminares do proxecto de *Vilas Literarias de Galicia*, unha iniciativa nova que pretende unir esforzos e crear novas sinerxías entre as actividades das distintas casas-museo de autoras e autores existentes en Galicia, como espazos de difusión cultural e tamén de atractivo turístico.

Parte dos esforzos que nos últimos anos veñen facendo as casas-museo e as fundacións de autor é procurar unha maior proxección social. A creación de redes e a consecución dunha actividade compartida é unha estratexia fundamental para lograr mellores resultados e para multiplicar a difusión social destas entidades e dos escritores que representan. Este traballo en rede tamén permitirá a planificación de iniciativas conxuntas para promover o turismo cultural, rutas literarias, actividades variadas, cunha estratexia con longo percorrido no plano da cultura, pero sen dúbida tamén no económico.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria iniciou este ano o ciclo **Concertos de Outono na Ribeira Sacra**, en colaboración co Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, con dous concertos de música vocal dos grupos Vox Stellae e Vox Organalis. Esta colaboración encádrase na planificación de actividades para o desenvolvemento turístico da Ribeira Sacra céntrase, a través dunha oferta diferenciada e desestacionalizada, arredor do turismo enogastronómico e cultural.

A cultura do mar, un atractivo turístico

Desde a Consellería de Cultura e Educación, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, véñense desenvolvendo nos últimos anos tarefas de estudo sobre a conservación do patrimonio inmaterial relacionado coa construción naval tradicional, así como o inventariado do patrimonio industrial, que recolle tamén os inmobles relacionados coa actividade marítima industrial (estaleiros, fábricas de salgadura e conserva, antigos peiraos etc.).

A difusión da riqueza patrimonial vinculada ao mar é un aspecto aínda recente dentro da posta en valor do patrimonio. O Museo do Mar de Galicia, en Vigo, e o Museo Massó, en Bueu, veñen programando un conxunto de actividades destinadas a difundir a cultura marítima máis alá da exhibición das propias colecciónes. Durante o verán, a visita ao Museo Massó puido completarse, previa inscrición, con percorridos nun barco para co-

ñecer a práctica pesqueira a través dunha experiencia activa que pon en valor, ao mesmo tempo, o atractivo paisaxístico da zona.

No marco do programa europeo de cooperacións transfronteiriza España-Portugal, a Xunta de Galicia vén desenvolvendo o proxecto **Proamare**, que ten por obxecto a creación dunha estratexia turística conxunta asentada na valoración do patrimonio marítimo común de Galicia e Norte de Portugal. A Consellería de Cultura e Educación adheriuse a este foro de encontro e traballo para colaborar e consensuar recomendacións e fomentar actividades económicas na zona vinculadas ao patrimonio do mar.

Así, no mes de xuño celebráronse no Museo do Mar de Galicia as xornadas nas que se celebrou a sinatura dun protocolo da Rede Transfronteiriza de Valoración do Patrimonio Marítimo, coa Deputación de Pontevedra, Cetmar, a Fundação Gil Eannes, o CIM Alto Minho e o Município de Caminha. Durante as xornadas, nas que tamén participaron a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial e a Asociación Galega de Carpintería de Ribeira, así como distintos representantes da Xunta de Galicia, debatéronse mecanismos para colaborar en materia de patrimonio marítimo.

Música nos balnearios de Galicia

A Consellería de Cultura e Educación e a Asociación de Balnearios de Galicia puxeron en marcha en decembro un ciclo de música clásica nos centros termais de Laias, Lobios, Guitiriz, Mondariz e A Toxa, no que músicos e formacións galegas interpretaron obras de compositores de música culta, así como textos de Rosalía de Castro.

Programáronse concertos que abranguen unha representación significativa dos instrumentos orquestrais, ademais de voz e piano, para achegar a denominada música culta ao público que se hospeda nos centros como oferta complementaria e promover así un interese turístico-cultural, facendo ao mesmo tempo unha lembranza dunha práctica habitual nos balnearios noutras épocas históricas.

Participaron no ciclo o Trío Donax, de óboes e fagot, o Quinteto de metais Obrassdoiro, Fernando Reyes (tiorba e guitarra) e Mercedes Hernández (soprano), e o pianista Javier Otero Neira.

05

APOIO Á CREACIÓN E DIFUSIÓN DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS

Ademais das programacións e liñas de impulso das industrias culturais canalizadas a través da Agadic, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria promove ao longo do ano proxectos e programacións culturais dos distintos ámbitos creativos (música, danza, teatro etc.) a través da Secretaría Xeral de Cultura.

É un obxectivo prioritario deste departamento o fortalecemento dunha oferta cultural galega no conxunto do territorio, nun sentido amplo e plural, capaz de chegar a novos públicos e aberta ao diálogo con outras realidades culturais. Así se recolle nas liñas de actuación de programación e apoio a un conxunto de iniciativas de natureza diversa, cun espazo central para a innovación e a creatividade actual, e cunha especial atención a favorecer pontes estables cos centros de formación dos futuros profesionais das artes escénicas e musicais, así como canles permanentes de cooperación con outras administracións e entidades, que permitan novas vías de desenvolvemento da nosa cultura.

5.1
Difusión da música

Apoio ás orquestras galegas: Orquestra Sinfónica de Galicia e Real Filharmonía de Galicia

A Xunta de Galicia, a través da súa participación en consorcio con outras administracións e entidades, vén promovendo unha extensa programación musical protagonizada polas dúas grandes orquestras profesionais de Galicia: a Real Filharmonía de Galicia, con sede e programación estable en Santiago de Compostela, e a Orquestra Sinfónica de Galicia, con sede na Coruña. En 2013, as orquestras consolidaron unha apertura estable das súas programacións fóra das súas sedes habituais.

En 2013 a Sinfónica de Galicia arrancou unha nova temporada da man dun novo director titular, Dima Slobodeniouk, mantendo como director honorario en temporada a Víctor Pablo Pérez. Este ano, a orquestra presentou un amplo repertorio con máis de vinte e cinco obras novas para a agrupación, baixo a dirección de directores consagrados convidados e outros debutantes.

A Orquestra Sinfónica de Galicia, que conta tamén cun coro estable dirixido por Joan Company, ampliou a súa presenza en Vigo, Pontevedra, Santiago e Ferrol e a programación de 2013 incorporou, ademais, outras novidades no seu proxecto educativo (SonFuturo, coa orquestra de mocidade, a orquestra de nenos, o coro de mozos e os nenos cantores) e no novo proxecto social ReSoa, para apoiar coa creación musical a colectivos desfavorecidos e en risco de exclusión social.

Paul Daniel é desde xaneiro de 2013 o director artístico e titular da Real Filharmonía de Galicia, posto que compatibiliza co de director principal da Orquestra Sinfónica West Australian. Ao longo deste ano, a Real Filharmonía de Galicia ofreceu unha programación variada con obras de todas as épocas, coa presenza de destacados solistas e convidados, e iniciou un programa estable de concertos no Centro Cultural Novacaixagalicia en Vigo.

A orquestra iniciou tamén novos formatos, como *CONversando con...*, para atoparse co artista ou cun especialista das obras que interpretan posteriormente e poder compartir experiencias e información que axudan a gozar máis dos concertos. Na procura da consolidación dos ciclos vinculados ao Auditorio de Galicia promovéronse un ano máis as Xornadas de Música Contemporánea e a colaboración co ciclo de cine Cineuropa, para poñer en valor a relación entre música e cinema, así como a sexta edición do Ciclo de Piano Ángel Brage.

Paralelamente, a Real Filharmonía proseguiu a súa liña de colaboración co ciclo de cámara organizado coa Universidade de Santiago de Compostela, e cos concertos didácticos que permiten o achegamento escolar e familiar á música sinfónica dentro do ciclo CONecta coa RFG. Tamén no

plano da formación e da promoción dos novos valores musicais galegos, a orquestra vén mantendo unha estreita vinculación coa Escola de Altos Estudos Musicais, na que se imparte o Curso Avanzado de Especialización Orquestral baixo o mestrado de músicos da propia orquestra.

Difusión da música contemporánea

Para divulgar e achegarlle as propostas sonoras dos creadores máis novos á cidadanía galega, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria programou este ano o ciclo **Do Audible. Música en diálogo coa arte, coa ciencia e co pensamento contemporáneos**, en colaboración co colectivo Vertixe Sonora, coa experimentación e a busca de novas formas como elementos centrais do mesmo (*vid.* CAPÍTULO 4).

Lírica nas cidades

Entre os meses de outubro e decembro desenvolveuse, no marco da colaboración entre a Consellería de Cultura e Educación e a Asociación de Amigos da Ópera de Vigo, o ciclo **Outono Lírico**, unha programación coa que ambas as entidades perseguen ampliar a actividade musical e operística e incentivar o acceso ás manifestacións culturais, particularmente na cidade de Vigo. Nesta edición 12+1 representáronse no Outono Lírico obras como *El amor brujo* de Manuel de Falla, a zarzuela *La del manojo de rosas*, de Pablo Sorozábal, e *Il Trovatore*, de Verdi. Así mesmo, dedicáronse dúas actuacións a celebrar os bicentenarios de Verdi e Wagner, a través dun concerto do pianista Severino Rey Ortiz sobre as óperas de Verdi e das paráfrases de Liszt sobre as óperas de Wagner, executadas pola concertista francesa Anne Boëls. Completaron a programación deste ano dúas conferencias e unha mesa redonda centradas en Wagner e Verdi, da man de Guillermo García Alcalde, que afondou na escenografía de Wagner; de Andrea Merli, que impartiu o relatorio *O Verdi hispánico*; e de Victoria Stapells, Arturo Reverter, Carlos E. Pérez e Daniel Diz, participantes na mesa redonda *Il Trovatore de Verdi. A eterna lei do desexo*. A programación operística de 2013 completouse co Festival de Ópera da Coruña, patrocinado pola Agadic (*vid.* CAPÍTULO 7).

Experimentación

Cultura e Educación colaborou, no mes de setembro, cunha iniciativa experimental consistente nun concerto 'dislocado', cos intérpretes (piano, corda, vento e madeira) executando simultaneamente a mesma obra desde distintos emprazamentos do mundo, entre eles a Biblioteca nodal de Santiago de Compostela Ánxel Casal e o Centro Galego de Arte Contemporánea, a través da rede, nunha aposta pola exploración das numerosas

HOMENAXE A ANTÓN GARCÍA ABRIL

A Consellería de Cultura e Educación sumouse á homenaxe que, no mes de xullo, lle rendeu Santiago de Compostela ao compositor e profesor de composición nos cursos da Escola de Altos Estudos Musicais, acollendo o primeiro concerto dun ciclo organizado polo Instituto Cervantes que percorreu lugares de distintos países en recoñecemento da traxectoria profesional do artista, co gallo do seu 80 aniversario.

posibilidades que internet lle ofrece ao mundo da música. O profesor de Acústica do Conservatorio de Oviedo e pioneiro da música electroacústica en España, Miguel Fernández, levou a cabo a mestura en directo desde o Museo MARCO de Vigo e a dirección musical correu a cargo do titular da Orquestra Clásica de Vigo, Manuel Martínez Álvarez-Mena, membro do colectivo artístico Plastic Crowds, impulsor desta iniciativa (www.dislocatedconcert.com).

Este ano viron a luz diferentes traballos discográficos de autoría galega cun enfoque experimental. É o caso do proxecto de Alberto Conde, ***Villa-Lobos. A new way***, nunha proposta de diálogo entre as culturas galega e brasileira cunha lectura en clave de jazz do compositor brasileiro Héitor Villa-Lobos. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ademais de contribuír á edición deste CD, patrocinou tamén os concertos de presentación que se realizaron no mes de outubro na Coruña e en Vigo.

Para difundir a obra de compositores contemporáneos, a Consellería de Cultura e Educación colaborou tamén coa difusión do primeiro disco galego de violín contemporáneo, editado por Ouvirmos. ***Solo. Violín contemporáneo*** é o título do traballo discográfico de distribución dixital do intérprete vigués Roberto Alonso Trillo, no que inclúe obras dos compositores galegos Octavio Vázquez, Fernando Buíde e Eduardo Soutullo, e que foi presentado no Museo do Mar de Galicia no mes de decembro.

Xira galega de Amancio Prada

Os versos de Rosalía de Castro e de Federico García Lorca foron os protagonistas do espectáculo ***A Rosalía de Federico***, un diálogo musical e escénico no que o cantautor Amancio Prada afonda na relación poética entre os dous autores e na vinculación de Lorca con Galicia. Amancio Prada incluíu neste espectáculo, ideado por José Luis Gómez, composicións inéditas.

A xira galega deste espectáculo, que contou coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Cultura, estreouse en Galicia o 21 de xuño, no Teatro Principal de Ourense, e foi programado tamén na Estrada, en Vigo, na Coruña, en Salvaterra de Miño e en Lalín, ao longo do verán.

Músicas populares

Para poñer en valor unha traxectoria de décadas dedicadas á difusión da música popular galega, a Consellería de Cultura e Educación apoiou a rolda de verán ***A Roda. Xira na memoria***, coa que durante os meses de xullo e agosto, o grupo recordou o seu fundador, recentemente falecido, Fito Domínguez. A Roda ofreceu concertos na localidade ourensá de Pontedeva, en Verín, en Gondomar, en Moraña, Vilanova de Arousa, Arnoia, Redondela, Tui e Ourense dentro desta *Xira na Memoria*.

A través dun convenio de colaboración coa Asociación Amigos da Música de Salceda de Caselas, desenvolveuse este ano o **IX Curso Internacional Semana Musical de Salceda de Caselas**, na provincia de Pontevedra, coa colaboración da Xunta de Galicia.

Co fin de promover o traballo musical das bandas de gaitas, a Secretaría Xeral de Cultura apoiou a **Liga Galega de Bandas de Gaitas**, que en 2013 celebrou a súa vixésimo terceira edición. Este certame por fases, organizado pola Federación Galega de Bandas de Gaitas, congrega milleiros de músicos que forman parte das bandas de gaitas e supón un aliciente á dedicación musical desenvolvida por estas agrupacións. A fase final, celebrada no Pazo da Cultura de Pontevedra, tivo lugar o 27 de outubro de 2013 e foi clausurada polo secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo. Os gañadores foron a banda de gaitas Ledicia&Concello de Fornelos de Montes, na primeira categoría, e a Banda de Gaitas de Xinzo de Limia e Nova Fronteira&Cartelle, na segunda e terceira, respectivamente.

Por outra parte, o Concello de Manzaneda (Ourense), coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria abordou este ano a realización do **Certame Celtibérico de Bandas de Gaitas Memoria Gabino García**.

TARDE DE TEATRO, EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

No mes de xullo, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria promoveu en Santiago de Compostela unha tarde de lecer para o público infantil coa obra de títeres *Os narigudos*, de Tanxarina Teatro, e o espectáculo familiar *Fíos*, da compañía Baobab.

5.2
Proxección das artes escénicas

No ámbito da difusión e creación teatral, a través do convenio de colaboración cultural entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Teatro Afeccionado, desenvolveuse este ano o **Circuíto Galego de Teatro Amador**, cun investimento público de 25.000 euros.

O Circuíto Galego de Teatro Amador é un proxecto autonómico desenvolvido en dezaseis concellos das catro provincias. En cada localidade prográmanse catro circuítos teatrais, cun total de 64 funcións, coa intención de ofrecer un itinerario cultural que promova a mobilidade xeográfica dos grupos de teatro pertencentes á Federación Galega de Teatro Afeccionado, que xestiona o circuíto, unha entidade cultural sen ánimo de lucro dedicada a promover a afección ao teatro, facilitar o intercambio de experiencias entre os grupos que a conforman e traballar a prol da normalización cultural e lingüística de Galicia, que se compón na actualidade de 55 agrupacións.

Vinculada á efeméride do aniversario da publicación de *Cantares gallegos*, Sarabela realizou este ano unha xira por Galicia co espectáculo teatral ***Rosalía. Os cantares das musas*** (*vid.* CAPÍTULO 6).

No ámbito da danza, para contribuír á difusión do interese artístico do baile e da revisión do noso patrimonio tradicional, a Consellería de

HABELAS, NO AUDITORIO DE SARGADELOS

O domingo 13 de outubro o ciclo Espazos Sonoros programou no auditorio da moderna fábrica de Sargadelos o espectáculo de danza contemporánea *Habelas*, da Cía. trasPediante, unha peza escénica multidisciplinar que mestura a música en directo, a danza, a maxia e o audiovisual e que recolle da memoria colectiva a vinculación entre os ritos populares e o corpo.

Cultura, Educación e Ordenación Universitaria colaborou coa xira de Nova Galega de Danza do seu novo espectáculo ***Dez***, co que a compañía de baile celebrou a súa primeira década de traxectoria. A xira iniciouse no Teatro Rosalía de Castro da Coruña, a finais de setembro, para continuar o seu percorrido por diversos escenarios de toda Galicia, como Ourense, Santiago de Compostela, Narón ou Vilagarcía de Arousa.

Outros ciclos como Danza3 ou a programación do Centro Coreográfico Galego, da Agadic, poden consultarse no CAPÍTULO 7.

5.3
Cultura + Educación: formación artística e difusión cultural

O Goberno galego apostou na presente lexislatura por establecer un diálogo fluído e unha colaboración máis estreita entre o ámbito formativo e a programación cultural. A través dunha consellería que congrega a responsabilidade en materia de cultura e de educación véñense desenvolvendo experiencias compartidas entre os centros de programación cultural e os espazos de formación artística.

Este enfoque permite establecer sinerxías positivas nun momento de limitacións económicas xerais para o desenvolvemento cultural do conxunto da sociedade, ao tempo que se lles ofrecen oportunidades aos valores máis novos na súa etapa formativa.

Un dos exemplos deste modelo de colaboración foi a concepción da produción de 2013 do Centro Coreográfico Galego, *O Crebanoces*, que, sen prescindir dun elenco profesional de bailaríns, construíu unha itinerancia participativa co alumnado de danza local en cada representación por Galicia. Esta concepción, que supón un esforzo engadido na montaxe e unha meirande implicación de axentes, permitiulle ao alumnado vivir unha experiencia única, ao mesmo tempo que achegou un novo público á oferta de programación de danza en toda Galicia.

Tamén no ámbito audiovisual e no sector teatral se están a dar experiencias nesa dirección. Exemplo disto é o desenvolvemento de ciclos como *Cine en curso* ou *Fotografía en curso* do CGAI, no que participan diferentes axentes e ámbitos (alumnado entre 3 e 18 anos, profesorado, profesionais do cine e fotógrafos, museos etc.), ou a integración das aulas de teatro universitario nas programacións da Agadic, en coprodución do Centro Dramático Galego ou en actividades formativas como Escénika, que permite potenciar a investigación e o debate poñendo en diálogo o ámbito académico co profesional.

Outro salto cualitativo e cuantitativo é o diálogo que se está a establecer actualmente coas formacións orquestrais profesionais desde os propios

OS CONSERVATORIOS COMO AXENTES DE PRODUCIÓN E DIFUSIÓN CULTURAL

No mes de xuño, a Illa de San Simón acolleu un encontro sobre o papel dos conservatorios como axentes de produción e difusión cultural. Cincuenta profesores e profesoras dos conservatorios de música e danza de Galicia da Consellería de Cultura e Educación participaron nesta xornada.

conservatorios de música, que están a ofrecer actividades dirixidas a un público amplo e familiar. Esta colaboración permite completar a formación escénica das persoas en formación e garantir, ao tempo, unha maior difusión das artes da danza e da música entre o conxunto da poboación.

Esa difusión e participación nas artes contando co conxunto da cidadanía é imprescindible non só para garantir unha formación xeral que faga sustentable o tecido artístico profesional, é dicir, público para os espectáculos, senón tamén polo beneficio social e de calidade para a vida persoal e colectiva.

A través do Consorcio de Santiago do que forma parte, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria apoia tamén a actividade formativa da Escola de Altos Estudos Musicais, centro para o perfeccionamento dos futuros intérpretes profesionais, cunha actividade estreitamente vinculada á Real Filharmonía de Galicia e cunha crecente implicación na difusión social da música.

Festival Peregrinos Musicais

As novas promesas musicais de Galicia e de Rusia foron as protagonistas no mes de outubro da terceira edición do Festival Peregrinos Musicais, unha iniciativa promovida pola Asociación Peregrinos Musicales co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e do Concello de Santiago de Compostela. O festival é unha oportunidade de preparación conxunta entre músicos novos de distintas procedencias e para o diálogo con outros músicos con experiencia profesional no ámbito internacional, ao mesmo tempo que lle ofrece ao público galego unha oferta musical de calidade.

Nesta edición, un total de sete músicos galegos foron os seleccionados para participar como intérpretes nos sete concertos que conformaron o festival, aos que se uniron seis novas promesas de diferentes instrumentos procedentes de Rusia e catro cantantes de ópera. Como novidade, este ano Vigo e A Estrada sumáronse á capital de Galicia como sedes dos concertos. Ademais, no concerto de clausura as novas promesas tiveron a oportunidade de subir ao escenario coa Real Filharmonía de Galicia.

A filla do mítico violonchelista Rostropóvich, Olga Rostropóvich, foi a convidada de honra do festival, no que estivo presente para presentar o centro ruso de ópera que leva o nome de súa nai, Galina Vishnevskaya. Os intérpretes solistas deste centro foron protagonistas da gala lírica que tivo lugar o 26 de outubro no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

Primeira edición do Festival Groba

Co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria celebrouse no mes de agosto o I Festival Groba, que durante unha semana converteu Pontearreas (Pontevedra) en centro de referencia musi-

cal para afeccionados, intérpretes e creadores galegos. O festival ofreceu, da man dun amplo elenco de solistas invitados e intérpretes virtuosos, sete concertos de acceso gratuíto, cos que colaborou tamén a Orquestra de Cámara Galega, así como clases maxistrais e obradoiros de formación para ampliar a formación musical dos estudantes.

5.4
Música e actividade escénica para dinamizar a lingua galega

A Secretaría Xeral de Política Lingüística desenvolve un conxunto de programas destinados a favorecer un tempo de lecer en lingua galega, especialmente para as franxas máis novas e contribuír así á extensión social do uso do galego no conxunto do territorio.

Dentro das actividades da Rede de Dinamización Lingüística, que integra xa 155 concellos, desenvolveuse a programación de **FalaRedes 2013**, con 130 sesións de dinamización lingüística en máis de 100 concellos, dos espectáculos *As pombas de Carboeiro*, *A nena e o grilo nun barquiño*, *Augalingua*, *Rosalía Pequeniña* e *Acuario*.

Ademais, destinado a promover a transmisión do galego, celebrou unha nova edición do programa **Os Axóuxeres**, con 24 encontros para os máis pequenos da casa e as súas familias en fins de semana e festivos, a cargo de Caramuxo Teatro, especializada no teatro para bebés.

Vinculada ás celebracións estacionais, a Secretaría Xeral de Política Lingüística levou a cabo unha extensa programación de actividades lúdicas e culturais en lingua galega. De xuño a setembro, no contexto das festas do verán, programou ***Peter Punk***, destinada á mocidade, con sesións de novo circo nas festas patronais de 36 localidades. No mes do Nadal tivo lugar o programa **Nadal en Rede**, en 60 entidades locais, con obradoiros para aprender os cantos tradicionais deste tempo: *Cantámosche os reis*, en 21 concellos, destinados a todas as idades; *O Crebanoces* (teatro de monicreques dirixido ao público familiar en 24 concellos), en colaboración coa Agadic; *Lingua de Reis* (encontros cos Reis Magos en 16 centros de ensino infantil e de primaria) que se completou coa edición d'*O Libro dos Reis Magos* (dispoñible en todos os concellos para que as Súas Maxestades falen nas cabalgatas en galego) e da distribución da *Carta ás Súas Maxestades* (da que se distribuíu unha edición de 30.000 exemplares no marco da RDL) así como da publicación dixital *Un Nadal novo. Guía de agasallos en galego para a mocidade*, promovida en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia.

06
DIFUSIÓN DAS ARTES PLÁSTICAS

O labor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no plano das artes plásticas e visuais enfócase desde diferentes vertentes. Vinculada ao patrimonio cultural, a arte ocupa un espazo central dentro dos centros museísticos e das súas actividades de difusión artística. Pero ademais disto, a Xunta de Galicia asume liñas de actuación no campo da formación e de apoio á produción e á difusión das creacións artísticas, desde os seus principais centros expositivos, así como espazos para o desenvolvemento de artistas emerxentes, como o certame Xuventude Crea ou o Encontro de Artistas Novos, da Cidade da Cultura.

6.1
Programación expositiva do Centro Galego de Arte Contemporánea

O Centro Galego de Arte Contemporánea é un espazo de difusión cultural que ten como función dinamizar o panorama artístico actual e reflexionar sobre a diversidade das conformacións culturais na sociedade contemporánea. O CGAC mostra as liñas directrices da arte actual mediante exposicións de artistas recoñecidos internacionalmente ao carón de exposicións dedicadas a difundir a arte galega, incluíndo tanto autores consagrados coma emerxentes. Tamén son continuas as colaboracións con outras institucións. Pero, ademais dun espazo expositivo, o CGAC é un centro dinámico e multidisciplinar no que se celebran ciclos de conferencias, obradoiros impartidos por artistas e incursións no campo da música, as artes escénicas e o cinema, que permiten a participación activa do público e favorecen o intercambio de ideas entre profesionais de distintos ámbitos. Ademais disto, o CGAC desenvolve un importante programa de formación de públicos, con visitas guiadas e actividades didácticas ao longo de todo o ano.

Fernando Casás. *O agora xa foi e o denantes será*

DATAS: 26 de outubro de 2012 - 17 de febreiro de 2013
VISITANTES: 12.087

Mostra monográfica do artista galego (Gondomar, 1946), comisariada por Miguel von Hafe. Entre Brasil, onde iniciou a súa práctica artística, e a súa Galicia natal, esta exposición antolóxica dálle visibilidade a unha obra cunha determinación especulativa e conceptual singular, que tanto se pode materializar en procesos pictóricos ou escultóricos, como en accións efémeras e intervencións específicas, como foi o caso das obras inéditas creadas para as salas do CGAC.

Vibracións prohibidas

DATAS: 16 de novembro 2012 - 10 de marzo de 2013
VISITANTES: 11.248

Vibracións prohibidas, comisariada por Xavier Valiño e Héctor Fouce, revisa os mecanismos de control aplicados durante a ditadura e a súa incidencia no mundo do pop e do rock, a través das versións das portadas de discos da época e dos partes dos censores. A exposición tratou de mostrar unha selección dos vinilos e cancións máis representativas do momento que se viron afectadas polo control da censura.

Colección do CGAC: adquisicións e incorporacións recentes

DATAS: 1 de marzo - 16 de xuño de 2013
VISITANTES: 18.929

Nun exercicio de transparencia institucional, a exposición presentou unha selección das obras adquiridas recentemente para a colección permanente do CGAC ou incorporadas aos fondos do centro a través do depósito da Colección Fundación ARCO.

Seguindo a súa vocación xa consolidada, esta mostra reflectiu a particular atención que o centro vén dedicando ao medio artístico galego, sempre en diálogo co contexto internacional, e máis concretamente, co latinoamericano, un dos alicerces para a construción da colección. Estivo comisariada por Miguel von Hafe.

Miguel Palma. *Desconforto moderno*

DATAS: 8 de marzo - 9 de xuño de 2013
VISITANTES: 13.419

Mostra do artista portugués Miguel Palma (Lisboa, 1964) baixo o comisariado de Miguel von Hafe Pérez. O interese polas iconas da modernidade clásica, como o automóbil, a aviación, a observación astronómica, a arquitectura e a tecnoloxía en xeral, resulta materializado nunha curiosidade expansiva que cuestiona o real mediante instalacións, vídeos, debuxos e *performances*.

James Welling. *The Mind on Fire*

DATAS: 22 de marzo - 16 de xuño de 2013
VISITANTES: 10.463

Comisariada por Anthony Spira, esta exposición foi organizada en colaboración con MK Gallery, Milton Keynes, e Contemporary Art Gallery, Vancouver. Do artista estadounidense James Welling (Hartford, Connecticut, 1951), *The Mind on Fire* foi a primeira mostra institucional en España do artista na que se recrearon algunhas das súas principais exposicións nos setenta e nos oitenta e reflicte a evolución da súa linguaxe abstracta e a súa experimentación cos efectos fotográficos.

Ricardo Basbaum. *Diagramas*

DATAS: 28 de xuño - 6 de outubro de 2013
VISITANTES: 12.915

Mostra monográfica do artista brasileiro Ricardo Basbaum (São Paulo, 1961), un axente cultural que mantén unha intensa actividade, non só artística, senón tamén docente, investigadora e curatorial. *Diagramas* é a súa primeira exposición retrospectiva en España. Desde mediados dos anos noventa a súa obra gañou crecente visibilidade internacional mediante exposicións que combinan obxectos, textos, instalacións e a participación de terceiros na construción de situacións que cuestionan os efectos, as condicións e as posibilidades da arte contemporánea. O comisariado desta exposición foi de Miguel von Hafe.

Graham Gussin. *Clearblueskydeepwater*

DATAS: 28 de xuño - 13 de outubro de 2013
VISITANTES: 11.744

Mostra do artista inglés Graham Gussin (Londres, 1960) na que o autor utilizou unha gran diversidade de medios —texto, debuxo, filme, son, escultura e instalación— para explorar a nosa percepción do tempo. A súa capacidade de crear obras dunha densidade interpretativa singular consolídase a partir dun xogo continuo de referencias e relacións conceptuais, as cales remiten a un tránsito perceptivo que nos transporta a paisaxes mentais, onde o desasosego, a estrañeza e a melancolía poden emerxer nunha proximidade intrigante ou na máis inusitada distancia. Estivo comisariada por Miguel von Hafe Pérez.

Víctor Grippo. *Transformación*

DATAS: 18 de xullo - 20 de outubro de 2013
VISITANTES: 10.519

Mostra do artista arxentino (Junín, 1936 - Buenos Aires, 2002) comisariada por Alicia Chillida. A fascinación de Víctor Grippo pola transformación e a rexeneración inherentes á natureza, polo seu poder alquímico, albíscase xa nas súas primeiras esculturas e instalacións da década dos setenta e impregna o conxunto da súa obra converténdose nun dos principios vertebradores da súa práctica artística: transformación da ciencia en arte, da materia en enerxía, da enerxía en conciencia, da morte en vida. Plásmase nesta mostra esa concepción do traballo do artista consistente en descifrar os significados ocultos que se atopan baixo os obxectos primarios.

Exposición 93

DATAS: 22 de novembro de 2013 - 23 de marzo de 2014
VISITANTES: 5.534 (ata decembro)

Co propósito de conmemorar o seu vixésimo aniversario, o CGAC presentou en novembro a mostra *93* para transportar o público ao ano no que o centro abriu as súas portas. Comisariada por Miguel von Hafe Pérez, expóñense obras procedentes de colecções particulares e institucionais de España, Portugal e Francia, como reflexo do panorama artístico que, particularmente na Península Ibérica, comezaba daquela a súa traxectoria logo da normalización política e da chegada das respectivas democracias a España e Portugal. *93* combina presenzas emerxentes en diferentes contextos nacionais con artistas que, naquela altura, serviron de referencia para unha nova xeración.

Programa de actividades do CGAC

Co obxectivo de complementar o programa expositivo dando unha visión máis global da cultura contemporánea, coa integración doutras disciplinas artísticas, e na procura dun público máis amplo e heteroxéneo, realizáronse entre xaneiro e decembro actividades complementarias de diversas exposicións como talleres de artistas, conferencias, cursos e concertos de música contemporánea e outras destinadas ao público infantil e familiar: talleres de artistas implantados polos propios autores que expuxeron no CGAC, talleres de lecer dirixidos a un público infantil, colaboracións con outras institucións que supuxeron a participación en programas de música contemporánea e de artes cinematográficas, actos conmemorativos do vixésimo aniversario da apertura do centro con conferencias, concertos, visitas aos fondos do museo etc. Parte destas programacións complementarias contaron coa colaboración do Concello de Santiago de Compostela, do Consorcio de Santiago e da Universidade de Santiago de Compostela. Participaron neste programa de actividade 19.210 persoas.

6.2
Programación artística no Museo de Belas Artes da Coruña

O Museo de Belas Artes da Coruña, situado preto da enseada do Orzán nun edificio deseñado polo arquitecto Manuel Gallego Jorreto, conta con máis de 5.000 m² para un proxecto museográfico moderno, que alberga unha importante colección de pezas desde o século XVI á actualidade, de pintura, debuxo, escultura, gravado, artes decorativas e arqueoloxía, acumuladas desde finais do século XIX.

Ademais da súa colección permanente e da programación de exposicións temporais detallada nesta memoria, o Museo de Belas Artes da Coruña é un lugar con vitalidade, de encontro cidadán, onde, dun xeito lúdico, se facilita o diálogo entre as belas artes e outras disciplinas artísticas a través dunha ampla programación de actividades.

100 Anos de Arquitectura e Deseño en Alemaña

DATAS: 7 de febreiro - 28 de abril de 2013
VISITANTES: 10.765

Na súa programación de exposicións temporais, o Museo de Belas Artes da Coruña programou este ano *100 Anos de Arquitectura e Deseño en Alemaña*, unha ampla selección de obxectos, carteis e fotografías que permiten percorrer os grandes momentos da historia da Deustscher Werkbund, a mítica liga alemá de talleres fundada en 1907 por 12 artistas e arquitectos, xunto con 12 fábricas de Múnic, co obxectivo de relacionar arte, industria e artesanía.

Confluencias. 1975/2006 Jaime Quessada. Xaime Quesada Blanco

DATAS: 29 de novembro de 2013 - 2 de marzo de 2014
VISITANTES: 2.499 (ata decembro)

Comisariada por Pilar Corredoira e María Jesús Blanco, o museo coruñés acolleu nos meses de novembro e decembro (e ata febreiro de 2014) *Confluencias. 1975/2006 Jaime Quessada. Xaime Quesada Blanco*, un novo reencontro entre ambos os artistas, pai e fillo, a modo de homenaxe, co propósito de expoñer puntos de confluencia nunha selección de obras de Jaime Quessada e do seu fillo Xaime Quesada Blanco realizadas entre os anos 1975 e 2006.

Novo espazo para o mural de Urbano Lugrís *Vista da Coruña 1830*

O Museo de Belas Artes da Coruña abriu un novo espazo deseñado para situar de xeito permanente o mural restaurado *Vista da Coruña 1830* que o artista galego realizou no ano 1959 na casa madrileña dos seus familiares Lugrís-Muñoyerro. Trátase dun dos poucos murais que se conservan en colecciónspúblicas, cunhas dimensións de 121x220 cm e realizada en témpera sobre xeso, que representa unha vista fabulada e en formato panorámico da cidade da Coruña, co aspecto que esta idealmente tería no ano 1830.

Actividades no museo

Dentro das funcións principais asumidas polo museo atópase a organización permanente de actividades científicas e divulgativas para a promoción e difusión entre todo tipo de públicos das colecciónsque custodia o museo. Ademais disto, o Museo de Belas Artes da Coruña actúa como plataforma de dinamización cultural dentro da cidade, en colaboración constante con diversas entidades e colectivos, así como coa comunidade educativa, nun programa didáctico que se articula sobre 13 visitas-taller ao que asiste alumnado de todos os niveis educativos.

Entre as principais actividades xerais programadas este ano destacan o ciclo de conferencias ***A representación da muller na colección do museo***, os obradoiros de debuxo, dourado e iniciación á xilografía, os obradoiros infantís de teatro, de música e pintura, obradoiros de verán, de Nadal, os destinados ás familias e as programacións musicais **XII Ciclo Música para unha época** e **XIV Ciclo Concertos de Outono**. Tamén con motivo do Día Internacional dos Museos se programaron concertos de jazz, visitas guiadas e outras actividades de interese xeral.

6.3
Exposicións da Casa da Parra

Localizada no centro histórico compostelán, a Casa da Parra posúe unhas especiais características arquitectónicas que potencian a diversidade dos proxectos que acolle, centrados fundamentalmente en programacións de produción propia de artistas galegos de vangarda ou de creadores foráneos vinculados con Galicia.

Fernando Prieto. *Realidade simbólica*

DATAS: 13 de maio - 2 de xullo 2013
VISITANTES: 2.048

Este ano, a nova programación da Casa da Parra arrancou na primavera coa mostra, do artista coruñés Fernando Prieto, pintor de óptica contemporánea, de recoñecida calidade técnica e artística. No catálogo que acompaña a mostra incluíronse textos históricos sobre o autor escritos por Domingo García-Sabell e Ánxel Padín, xunto cunha crítica sobre a actual exposición a cargo da historiadora da arte Mercedes Rozas.

Un artista coreano no Camiño de Santiago

DATAS: 8 de xullo - 26 de xullo de 2013
VISITANTES: 1.702

No mes de xullo, a sala compostelá acolleu unha singular exposición do asiático Namgoon Moon. *Un artista coreano no Camiño de Santiago* foi o resultado das experiencias do artista nas súas peregrinacións durante a última década. As pezas, cos seus correspondentes títulos vinculados ás estacións (o Camiño de Santiago no verán, outono, inverno e primavera), mostran dun xeito conciso e sintético as secuencias da viaxe e reflicten a extraordinaria experiencia nos escenarios cambiantes que a natureza lle ofrece para o seu traballo pictórico.

Do barroco cara ao barroco está a arte contemporánea

DATAS: 1 de agosto - 30 de setembro de 2013
VISITANTES: 2.215

En colaboración coa XVII Bienal de Vilanova de Cerveira, nos meses de agosto e setembro a Casa da Parra acolleu a exposición colectiva *Do barroco cara ao barroco está a arte contemporánea*, un proxecto comisariado por Fátima Lambert e Lourenço Egreja, designados pola Fundación Bienal de Cerveira, no que os 18 artistas representados desenvolven unha serie de obras pensadas para o contexto no que se exhiben, buscando as referencias e afinidades nos valores históricos dos respectivos patrimonios, lisboeta e compostelán.

César Taboada. *A música de Epicuro*

DATAS: 20 de novembro de 2013 - 2 de febreiro de 2014
VISITANTES: 1.600

Nos meses de novembro e decembro (e ata febreiro de 2014) a oferta deste centro expositivo achegou a mostra de César Taboada *A música de Epicuro*, unha selección de obras de recente creación, apoiada pola realización dos textos críticos, nos que o autor fai evidente a carga narrativa da súa obra, con diversas vertentes e lecturas, estendida a espazos inventados, cun debuxo coidado que sustenta unha pintura de forte cor e baseada na recreación dos ambientes da súa propia vida.

6.4
Colaboración co MARCO, de Vigo

A través dun convenio de colaboración coa Fundación MARCO, a Xunta de Galicia colaborou cunha contía de 140.000 euros destinada ás actividades de divulgación e didácticas da arte contemporánea no Museo MARCO, de Vigo. Este centro de arte conta cun programa de exposicións temporais e un conxunto de actividades paralelas nas que o programa educativo é unha parte esencial.

A programación de exposicións de arte promovidas desde a Xunta de Galicia complétase no CAPÍTULO 9, da Cidade da Cultura de Galicia.

07

INDUSTRIAS CULTURAIS. ACTUACIÓNS DA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS (AGADIC)

As industrias culturais e creativas constitúen un compoñente cada vez máis importante nas economías baseadas no coñecemento e na creatividade. A cultura como industria creceu en termos relativos considerablemente respecto doutros sectores e ocupa nos países máis industrializados un dos postos máis destacados en canto a recursos internos mobilizados e á obtención de divisas nos mercados externos. O crecente impacto económico dos sectores da cultura e o lecer, ao actuar de arrastre sobre outros sectores, a súa maior importancia nos procesos de cohesión territorial e a súa maior presenza na medición da calidade de vida da cidadanía convértenos en elementos estratéxicos para definir a competitividade dos territorios.

Pero as industrias culturais e creativas non só contribúen ao crecemento económico e á creación de emprego, senón que tamén actúan como elementos vehiculares na transmisión da identidade cultural, aspecto este esencial na difusión e promoción da diversidade.

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais

A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, é o organismo autonómico responsable de impulsar e consolidar o tecido empresarial no sector cultural galego. As súas competencias esténdense á totalidade das actividades culturais e artísticas desenvolvidas por creadores individuais e empresas, na procura dunhas industrias culturais dinámicas, competitivas e innovadoras. Con este fin, desenvolve diferentes liñas de traballo encamiñadas a dotar de maior estabilidade o sector, optimizar a xestión empresarial nos procesos de produción e distribución, dinamizar o mercado interior e promover a proxección exterior da cultura galega.

Destacan entres estas liñas de actuación as convocatorias anuais de subvencións ás industrias culturais e ao audiovisual, a xestión de circuítos estables de distribución de espectáculos (Rede Galega de Teatros e Auditorios, Rede Galega de Salas e Rede Galega de Música ao Vivo), as iniciativas de difusión da cultura galega fóra das nosas fronteiras e a promoción de estudos cualitativos e cuantitativos sobre o sector, sen esquecer o labor de produción, programación e formación continua que leva a cabo a través do Centro Dramático Galego e do Centro Coreográfico Galego.

En 2013, a Agadic promoveu un total de 1.145 funcións de espectáculos de artes escénicas e musicais a través das principais programacións desenvolvidas en toda Galicia. O conxunto de actividades, nas que 250 formacións artísticas galegas levaron as súas últimas propostas a máis de 100 concellos das catro provincias, configurou unha oferta diversa e coordinada coas administracións locais e outras entidades. Entre todos os circuítos, os das tres redes destinadas á circulación de teatro, maxia, danza, novo circo e concertos a cargo de compañías e grupos profesionais foron os de maior actividade, xa que se cifraron en 624 as funcións de todos os xéneros e estilos levadas a cabo a través da Rede Galega de Teatros e Auditorios, a Rede Galega de Salas e a Rede Galega de Música ao Vivo.

En 2013, a Agadic programou novas propostas, como Galicia Escena Pro, o novo mercado de exhibición de artes escénicas con 22 espectáculos destinados a programadores culturais como principais destinatarios; o ciclo Troco x Troco, iniciado este ano con 23 actuacións para incentivar o intercambio teatral con Portugal; ou o mercado das industrias culturais MICAtlántica, dentro do que se programaron 16 espectáculos compartidos entre artistas galegos e arxentinos. Outro lugar destacado no calendario de 2013 ocupouno o programa Cultura no Camiño, desenvolvido xunto coa axencia Turismo de Galicia como unha das primeiras iniciativas deseñadas para a Conmemoración do VIII Centenario da Peregrinación de san Francisco de Asís a Santiago de Compostela.

As iniciativas da Agadic no ámbito da internacionalización descríbense no CAPÍTULO 10.

7.1
Convocatorias de subvencións ás industrias culturais

A Agadic vén convocando unha liña de axudas públicas dirixidas ao fomento da actividade escénica mediante a produción de espectáculos, ao funcionamento de salas privadas de exhibición e á distribución interior e exterior.

Coa intención de fomentar o sector empresarial cultural galego cos obxectivos substanciais do incremento de público, a consolidación de industrias culturais competitivas que xere un retorno e a busca da excelencia nos produtos culturais galegos, a Agadic destinou a esta liña de subvencións 930.000 euros dos que se beneficiaron 60 empresas do sector cultural.

7.2
Políticas de fomento da programación musical e escénica

Programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA)

Para a promoción e difusión dos espectáculos de escena e música producidos en Galicia de forma continuada e sistematizada, ao tempo que se garante a estabilidade nos espazos escénicos adscritos ao programa, a Agadic promove a Rede Galega de Teatros e Auditorios.

Este ano, a través desta rede, a Agadic programou 349 representacións escénicas e musicais de 94 formacións artísticas (84 delas galegas), nos 38 teatros e auditorios de 32 concellos galegos adscritos a esta rede, que nesta edición contaron cunha maior flexibilidade nos criterios de programación. A contía destinada á RGTA ascendeu a 500.000 euros.

Programación da Rede Galega de Salas (RGS)

Co obxectivo de contribuír á distribución de espectáculos de artes escénicas en salas de teatro de titularidade privada e acadar unha maior estabilidade na súa programación habitual, a Agadic desenvolveu coa Rede Galega de Salas unha programación, de abril a decembro, de 108 representacións escénicas e musicais nas catro salas participantes situadas nas provincias da Coruña e Pontevedra: Sala Santart e Teatro Escena en Santiago de Compostela, Teatro del Andamio na Coruña e Teatro Ensalle en Vigo. Este ano promoveuse unha maior integración doutras disciplinas

artísticas na programación e incentivouse unha maior permanencia de cada compañía en cada espazo. O investimento da Agadic nesta programación ascendeu a 59.587 euros.

Programación da Rede Galega de Música ao Vivo (RGMV)

A programación da Rede Galega de Música ao Vivo ten como finalidade a promoción e difusión da produción musical realizada en Galicia, así como a captación de novos públicos, facilitar o acceso á cultura en espazos privados alternativos e contribuír á estabilidade da oferta destes espazos de difusión musical. De abril a decembro, a RGMV ofreceu 166 concertos de grupos musicais de todos os estilos, en 28 salas de música ao vivo de 19 localidades galegas.

Nas características da convocatoria de 2013 incidiuse nunha maior profesionalización nos grupos participantes, con maiores obrigas na contratación, así como na captación de novos públicos a través dunha estratexia de diversificación da oferta. A Agadic destinou a esta rede de programación 66.499,94 euros.

Axudas a festivais de artes escénicas e musicais

Esta convocatoria de subvencións responde á liña de axudas públicas dirixidas ao financiamento de festivais artísticos de carácter profesional de escena e de música celebrados en Galicia e que teñan un interese estratéxico para o sector. Con esta convocatoria, a Agadic persegue contribuír á oferta e á progresiva profesionalización de festivais de artes escénicas e musicais, así como á configuración dun mapa galego coordinado, que facilite unha maior participación cidadá. Beneficiáronse desta liña de axudas tanto entidades locais organizadoras como empresas promotoras privadas, cun total de 17 beneficiarios da contía global de 360.000 euros.

Fomento da creatividade de artistas afeccionados

Co obxectivo de contribuír á celebración de encontros de artes escénicas e musicais no ámbito afeccionado, así como á configuración dun mapa galego coordinado que facilite a participación cidadá, a Agadic asumiu en 2013 por primeira vez a **convocatoria de subvencións a festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado**. Trátase dunha liña de axudas públicas dirixidas a apoiar o financiamento deste tipo de eventos celebrados en Galicia entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2013, cunha achega de 40.000 euros, que lles permitiu a 19 entidades locais e asociacións sen ánimo de lucro desenvolver unha programación completa vinculada á práctica afeccionada da música e das artes escénicas.

Escena Pro. Promoción das novas propostas escénicas para programadores

O 4, 5 e 6 de novembro desenvolveuse Escena Pro, un programa de difusión profesional da escena galega, levado a cabo en distintos escenarios de Santiago de Compostela, con apertura tamén ao público xeral mediante a representación de espectáculos completos e formatos reducidos tipo *showcase*.

O obxectivo deste programa é darlles a coñecer as novas propostas escénicas aos responsables da programación dos teatros e auditorios de Galicia cara á súa contratación en 2014. Escena Pro crea, así, un espazo de referencia para a compravenda de espectáculos de artes escénicas producidos en Galicia e un punto de encontro de todos os axentes culturais galegos. Cun investimento de 50.000 euros, a Agadic realizou ademais un esforzo de atracción de propostas artísticas e de axentes culturais, contando cunha participación media nas exhibicións dunhas 100 persoas.

Cultura no Camiño. Distribución de espectáculos na ruta xacobea

A Agadic, en colaboración coa axencia Turismo de Galicia e cos concellos participantes, programou no mes de outubro **Cultura no Camiño. Conmemoración do VIII Centenario da Peregrinación de San Francisco de Asís**, unha programación destinada a ampliar a oferta cultural en Galicia e a incentivar a distribución de produtos actuais a través de 18 concertos, 24 funcións de teatro adulto, 36 espectáculos de maxia e cinco de novo circo, en 42 concellos galegos vinculados ao Camiño de Santiago.

O obxectivo deste ciclo é darlles visibilidade aos produtos culturais galegos e achegarlle a cultura á cidadanía mediante a organización de eventos e actividades culturais á vez que se dinamiza a actividade nas distintas rutas xacobeas.

Ciclo Danza3. Folclore na rúa

Nos meses de agosto e setembro as agrupacións Xacarandaina, O Fiadeiro e Cantigas e Agarimos achegáronlle ao público galego a música e o baile tradicionais, con nove actuacións en emprazamentos ao aire libre de diferentes localidades galegas. Celanova, Marín, O Barco de Valdeorras, Ponteareas, Sober, Redondela, A Laracha, Betanzos e Vilalba acolleron estes espectáculos que, ademais de contribuíren á difusión e promoción do folclore galego e incidir no labor da súa recuperación e posta en valor, fortalecen a candidatura para a declaración do baile galego como Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade por parte da Unesco, promovida polo colectivo XOC que conforman estas tres agrupacións.

Tamén foron programacións promovidas directamente pola Agadic o ciclo de difusión do patrimonio **Monumenta** (*vid.* CAPÍTULO 3), o programa

de intercambio escénico con Portugal **Troco x Troco** (*vid.* CAPÍTULO 10) ou a programación de **Magostos no Gaiás** (*vid.* CAPÍTULO 9), organizada coa Cidade da Cultura de Galicia.

7.3
Colaboracións con outras entidades para a difusión da actividade escénica e musical

Festival decano dos certames líricos de España, o Festival de Ópera da Coruña contou na súa 51.ª edición co patrocinio da Agadic, cunha contía de 200.000 euros a través dun marco de colaboración coa entidade promotora, a Asociación de Amigos da Ópera da Coruña. O seu consolidado programa especializado convérteo nunha marca cultural de importante proxección internacional.

Co obxectivo de dar a coñecer e preservar o rico patrimonio musical bandístico galego, á vez que contribuír ao seu enriquecemento con repertorio de compositores novos, o **Certame Galego de Bandas de Música** contou nesta edición cun patrocinio da Agadic de 50.000 euros. Esta programación, de motivación para o amplo corpo de músicos que integran a rede de agrupacións (con recitais en numerosas poboacións e que culminou co concerto de clausura e entrega de premios), é mostra da vitalidade actual da música popular galega.

A Xunta de Galicia tamén apoiou este ano o **Filandón de Músicas do Courel**, celebrado no mes de agosto na Ferrería de Seoane da serra luguesa. Declarado de Interese Turístico Cultural, o Filandón celebrou a súa décimo sexta edición como unha xornada de exaltación da música popular galega máis enxebre, con actuacións de bandas de gaitas e cantores de romances da comarca, que se complementou con actividades culturais diversas, como a presentación do *Cancioneiro de Oencia*, autoría de Xosé Luís Foxo, ou a entrega das súas distincións anuais *Téseras de hospitalidá* a Xesús Alonso Montero e a Amancio Prada.

No ámbito do jazz, a Agadic colaborou tamén co Festival de Jazz de Lugo, coa programación do concerto de Nani García Trío.

Colaboración na difusión de programacións escénicas

As localidades de Culleredo, A Pobra de Trives, Celanova, A Pontenova, Allariz, Begonte, Ponteceso e Laxe acolleron este ano os espectáculos de magos galegos programados no **VIII Circuíto Galego da Maxia**, celebrado no mes de decembro co patrocinio da Agadic para a difusión pública do evento. Con esta colaboración a axencia contribúe á promoción da maxia como xénero escénico.

Apoio e recoñecemento ao traballo escénico e musical

En 2013 celebráronse, por vez primeira, os **Premios Galegos da Música Martín Códax**, co obxectivo de converterse nunha plataforma para dotar de visibilidade a actividade dos profesionais do sector musical galego, en consonancia coas convocatorias semellantes doutros sectores culturais. A través dun convenio de colaboración coa Asociación Galega Músicos ao Vivo, a Agadic colaborou coa entrega dos premios das 12 categorías, que tivo lugar o 13 de decembro no Pazo da Cultura de Pontevedra.

Para contribuír ao fomento das artes escénicas e ao recoñecemento do labor dos profesionais do sector teatral galego, a Agadic colaborou este ano na décimo sétima edición dos **Premios María Casares de Teatro**, que premian anualmente o traballo do sector teatral con distintas categorías e cun galardón de honra. Organizada pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia, o 27 de marzo, Día Mundial do Teatro, celebrouse na Coruña a entrega dos premios das 13 categorías ás que optaban as producións galegas de teatro de actor, estreadas en Galicia en 2012, ademais do premio de honra *Marisa Soto*, que recaeu este ano en Pilar Pereira.

7.4
Apoio á Feira Galega das Industrias Culturais. Culturgal 2013

A Feira Galega das Industrias Culturais celebrou este ano a súa sexta edición, cun patrocinio da Agadic de 50.000 euros. Culturgal é un espazo no que se intercambian experiencias e se idean novos proxectos entre as industrias creativas galegas, nun recinto expositivo e de actividades artísticas programadas. Con esta colaboración, a Agadic pretende promover a mellora das industrias culturais galegas e da súa estabilidade, apoiar a xestión empresarial e a colaboración entre os axentes do sector e dinamizar o mercado interior. *Ti contas no Culturgal* foi o lema desta edición, buscando un compromiso maior do público asistente, máis de 14.000 persoas que visitaron os máis de 70 stands instalados no Pazo da Cultura de Pontevedra do 29 de novembro ao 1 de decembro de 2013.

7.5 Programación do Centro Dramático Galego

centro dramático galego

O Centro Dramático Galego (CDG) é a unidade de produción teatral dentro da Agadic, mais tamén é unha unidade de creación, con vida propia, un lugar onde xerar e difundir ideas, de acordo coa realidade do seu tempo e cunha implicación co conxunto da sociedade e en contacto con outras disciplinas sociais e artísticas.

Cada ano, o Centro Dramático Galego aborda a realización dunha programación escénica que pretende ofrecerlles aos espectadores unha visión ampla da creación dramática actual. A súa sede, o Salón Teatro, en Santiago de Compostela, é o espazo de exhibición escénica que acolle as representacións da compañía pública, así como outro tipo de espectáculos. Convértese, logo, en referente cultural para a cidade de Santiago de Compostela e para toda Galicia.

En 2013, o Salón Teatro mantivo unha programación permanente, coa colaboración do Concello de Santiago de Compostela, de 130 funcións públicas de distintas disciplinas artísticas (teatro, danza, concertos, proxeccións etc.) de 45 compañías ou entidades. *O médico á forza*, por Valacar, a primeira compañía teatral de invidentes creada en Galicia, *O soldadiño de chumbo* de Baobab Teatro e *Kamouraska* de Inversa Teatro na programación infantil, os concertos do grupo Os Cempés e Comisa Bal organizados pola Central Folque, ou a *Homenaxe a Bertolt Brecht* dirixida a recadar fondos para o programa contra a crise da Cruz Vermella foron algunhas das citas desta ampla programación do Salón Teatro.

O Centro Dramático Galego en 2013, por primeira vez, centrou toda a súa programación anual arredor dun único autor. Roberto Vidal Bolaño, homenaxeado no Día das Letras Galegas 2013, foi, polo seu protagonismo na construción do teatro contemporáneo de Galicia, o elemento central da

actividade do CDG, cun cobizoso programa no que se integraron tamén as colaboracións con compañías privadas.

Ademais do seu labor creativo, o CDG presta un **servizo de asistencia técnico-escénica**, en colaboración con compañías, centros educativos, asociacións culturais e outros colectivos, para dar apoio en traballos de montaxe escenográfica, cesión de materiais de *attrezzo* e tecnolóxicos. Con este servizo o CDG contribúe á dinamización das artes escénicas e fai real a súa cooperación directa como servizo público na produción artística profesional e afeccionada en toda Galicia. Este ano, o CDG cedeu a súa nave para ensaios de agrupacións, realizou préstamos de vestiario a 40 destinatarios, desenvolveu un programa de visitas guiadas ao Salón Teatro, realizou préstamos puntuais de equipos de luz e son e titorizou procesos técnicos de produción escénica.

Días sen gloria

A principal produción do CDG en 2013 foi *Días sen gloria*, unha obra orixinal de Roberto Vidal Bolaño con dirección escénica de Fefa Noia, que foi representada este ano en escenarios de Galicia e de Portugal. Conformaron o elenco de actores Manuel Manquiña, Eva Souto, Borja Fernández, Felisa Segade e Sergio Zearreta. Estreada no Salón Teatro o 5 de abril, emprendeu a súa xira galega no mes de maio, itinerando por Ourense, Tui, A Estrada, A Coruña, Ribadeo, Narón, Pontevedra, Rianxo, Vigo e Lugo, para rematar en xuño en Braga (Portugal). Parte das funcións programadas nestas localidades foron destinadas ao público escolar, na liña de formación de públicos da programación do CDG. En total, asistiron ás representacións 5.242 espectadores. O investimento nesta produción (montaxe, distribución e difusión) foi de 229.273,96 euros.

Criaturas, en coprodución con Teatro do Aquí

En coprodución entre o CDG e a compañía Teatro do Aquí, a peza teatral *Criaturas*, de Roberto Vidal Bolaño, foi representada por Belén Constenla, Marcos Orsi, Vicente de Souza e X. Carlos Mejuto, baixo a dirección de Evaristo Calvo. Estreada en Narón o 19 de abril, foi representada tamén en Oleiros, Muros, Vilagarcía de Arousa, Santiago de Compostela, Brión, A Illa de Arousa e Teo, para finalizar en decembro no Salón Teatro compostelán.

BailadElas, en coprodución con Teatro Antroido

BailadElas (seis mulleres bolañesas) foi a coprodución que o CDG asumiu xunto con Teatro Antroido, baixo a dirección de Roi Vidal e Xavier Estévez e con Laura Ponte no escenario. Un total de 11 localidades acolleron as representacións desta obra de Bolaño.

Touporroutou da lúa e do sol, en coprodución con Teatro do Noroeste e a ESAD

Esta montaxe da obra de Vidal Bolaño, baixo a dirección de Eduardo Alonso, está destinada especialmente ao público infantil. A súa acollida entre o alumnado de infantil e primaria permitiu difundir entre os máis novos a creación do autor homenaxeado polas Letras Galegas este ano. A xira, iniciada no Salón Teatro, percorreu Galicia e Portugal ata o mes de decembro.

Ademais destas producións, o CDG participou con outras institucións portuguesas, nun programa de intercambios escénicos que se detalla no CAPÍTULO 10.

Vidal Bolaño recuperado: citas audiovisuais

Entre os meses de febreiro e novembro, o CDG programou un ciclo de proxeccións das gravacións históricas de Vidal Bolaño. Os profesores Xosé Manuel Fernández Castro e Inma López Silva foron os encargados de conducir estes encontros, con proxeccións de vídeo e un tempo de diálogo participativo cos asistentes. *Agasallo de sombras*, *Rosalía*, *Laudamuco, Señor de ningures*, *Saxo tenor*, *Anxeliños*, *Animaliños*, *As actas escuras*, *Xelmírez ou a gloria de Compostela*, *A burla do galo*, *Mar revolto*, *Rastros* e *Caprice de Dieux* foron as obras comentadas nas distintas sesións deste ciclo celebradas en Santiago de Compostela, en Ferrol e na Estrada.

Premio Vidal Bolaño ao espectador

Este ano o CDG creou o Premio Roberto Vidal Bolaño ao Espectador, para estimular a participación activa do público do Salón Teatro e afondar no diálogo entre xestores e público, ademais de honrar o nome de Vidal Bolaño vinculado á actividade teatral galega. O premio, unha colección das obras completas de Vidal Bolaño e un bono para acceder de balde á programación do Salón Teatro durante un ano, outorgóuselle a María Xesús Arias Rey.

Programacións coas aulas de teatro universitarias

En colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo, o CDG levou a cabo un traballo escénico arredor da obra de Vidal Bolaño coas aulas de teatro estudantís. *Animaliños*, *A burla do galo* e *RVB 2013* foron as obras representadas polos grupos dos campus de Lugo, da Coruña e de Ourense, respectivamente.

Formación e apoio a artistas novos

Na liña de apoio ás novas linguaxes nas artes escénicas, a Agadic colaborou este ano, a través do Salón Teatro, coa montaxe, ensaios, promoción e representación pública do proceso de creación do espectáculo *Symon Pédícrí* asinado e interpretado por Diego Anido. A *performance*, exhibida en marzo, contou coa participación de 80 persoas (capacidade do propio escenario).

No mes de novembro, o persoal técnico do CDG impartiu un curso, destinado aos membros de compañías de teatro amador de Galicia, para dar

a coñecer técnicas básicas de construción, montaxe e desmontaxe de decorados, que lles permitan abordalo dunha maneira accesible. Este taller, de 12 horas de duración, destinouse aos asociados da Federación Galega de Teatro Afeccionado.

Convocatorias para promover a escrita de textos teatrais

A Agadic convocou unha nova edición dos premios de creación literaria Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais, o Premio Manuel María de literatura dramática infantil e Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques (modalidades de público infantil e adulto), que comparten como obxectivo prioritario servir de estímulo á escrita específica para o ámbito teatral e que se resolverá no 2014.

Cada un dos galardóns e modalidades conta cunha dotación económica de 6.000 euros, ademais de contemplar a posibilidade de que as obras sexan publicadas dentro das colecciónsdramáticas que a Agadic coedita con distintas empresas editoriais galegas. Poden optar a estes premios textos teatrais inéditos escritos en galego e non representados nin premiados noutros certames.

En 2013 editáronse os textos gañadores de edicións anteriores: *O refugallo*, de Paula Carballeira, VI Premio Manuel María 2011, en coedición con Edicións Xerais de Galicia; *A cegueira*, de Marcos Abalde, XX Premio Álvaro Cunqueiro, en coedición con Edicións Xerais de Galicia; *Isóbaras,* de Gustavo Pernas Cora, XXI Premio Álvaro Cunqueiro, en coedición con Edicións Xerais de Galicia; e *Un mosquito de nome Henri*, de Raúl Dans, X Premio Barriga Verde (modalidade infantil) en coedición con Baía Edicións.

Ademais de convocar estes premios, a Xunta de Galicia colabora tamén co premio de teatro radiofónico da Radio Galega (*vid.* CAPÍTULO 4) e cos Premios María Casares de Teatro.

7.6 Programación do Centro Coreográfico Galego

O Centro Coreográfico Galego (CCG) é o centro de creación, produción, formación e investigación pública para o desenvolvemento da danza en Galicia. A través do diálogo e da interacción cultural, este centro de danza dálles cabida ás diferentes linguaxes artísticas do ámbito da danza, para favorecer o seu desenvolvemento e a súa difusión social. Apoiar a creación artística, a investigación e a formación dos profesionais da danza, o diálogo con outras disciplinas artísticas e situar a danza no centro da vida cultural galega son os seus principais cometidos.

Este ano, a programación de ***Aínda***, a produción de danza que protagonizou a montaxe do Centro Coreográfico Galego en 2012, proseguiu a súa exhibición no primeiro semestre de 2013. A proposta está composta por dúas pezas: *Jardí Tancat*, de Nacho Duato; e *Aínda*, de Mercedes Suárez e Amaury Lebrun. O Centro Coreográfico Galego contribuíu na celebración do Día da Danza con seis actuacións especiais que se desenvolveron a partir do 26 de abril en Lugo, Arteixo, Pontevedra e Ponteceso, e mediante sesións que se compartiron con diversas escolas de baile de Galicia. Ademais destas, o 28 de abril representouse no Grand Teatre de Elche, no festival Abril en Danza.

Quebranoces

A produción do *Quebranoces* introduce na programación do Centro Coreográfico Galego un traballo participativo sen precedentes que reúne —ade-

centro coreográfico galego

CONCERTO DE ANINOVO CO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

O primeiro de ano o Centro Coreográfico Galego, en colaboración coa Orquestra Filharmónica Cidade de Pontevedra, desenvolveu un programa para recibir o 2013 cunha interpretación de pezas do repertorio de Nadal dos Strauss, de Offenbach, Brahms e Tchaikovsky.

mais do núcleo artístico profesional do centro— máis de 500 persoas procedentes de tres formacións orquestrais e corais (Orquestra Sinfónica de Galicia, Orquestra Filharmónica Cidade de Pontevedra e Coro Infantil do Conservatorio de Música de Pontevedra) e de 19 conservatorios e escolas de danza de toda Galicia. Desde nenos e nenas a partir de 6 anos ata experimentados instrumentistas compartiron este espectáculo aberto a novas incorporacións artísticas e que, baixo a dirección de Mercedes Suárez, está deseñado como ferramenta para a motivación do alumnado de danza e para a captación de novos públicos.

Quebranoces é un ballet clásico, versión dunha das obras máis celebradas do patrimonio coreográfico universal (o *Quebranoces* de P. Tchaikovski e M. Petipa), co que o Centro Coreográfico Galego busca abrir a súa actividade a todos os estilos, incluído o ballet clásico, e promover a colaboración directa coas escolas de danza para reforzar e incentivar a formación neste ámbito artístico.

Este proxecto de danza arrancou xa en 2011 coas audicións ao alumnado dos centros colaboradores e cunha estrea o 22 de decembro de 2012 no Auditorio Municipal de Vilagarcía. O 4 de xaneiro iniciou o ano no Auditorio Gustavo Freire de Lugo, para viaxar posteriormente ao auditorio municipal de Arteixo, ao Pazo da Ópera da Coruña, ao auditorio municipal de Cangas, en febreiro, ao Auditorio Mar de Vigo, en marzo, e finalizar en decembro no Teatro Colón da Coruña, cun total de 15.000 espectadores.

Acción formativa de danza

Ao longo de todo o ano, o Centro Coreográfico Galego ofrece na súa sede da Coruña unha formación de danza clásica para estudantes de nivel medio-alto que comparten aula cos bailaríns profesionais do CCG, e a posibilidade de asistencia presencial de centros educativos de ensino primario e secundario. De luns a venres de 10.00 a 11.30 h impártese esta formación, á que este ano asistiron como alumnos presenciais estudantes do IES Rafael Dieste da Coruña e do IES Agra do Orzán da Coruña. Con esta actividade formativa permanente o CCG pretende contribuír a complementar a formación nos estudos de danza xunto aos bailaríns profesionais compartindo espazo de traballo e abrir os ensaios e o labor deste centro á cidadanía en formación.

Ademais disto, nos meses de xullo e decembro o Centro Coreográfico Galego ofreceu un programa de formación en danza clásica e contemporánea impartidos por distintos coreógrafos, na súa sede da Coruña. A través dun convenio de colaboración coa Asociación Sindical de Bailaríns, Mestres e Coreógrafos de Galicia, desenvolvéronse estes **Talleres de danza**, xornadas formativas no verán que se completaron a final de ano (do 9 ao 13 de decembro) co curso de danza contemporánea impartido por Amaury Lebrun. Participaron nestes talleres un total de 100 alumnos.

7.7
Actuacións do Grupo de Música Tradicional da Agadic

Co obxectivo de difundir a música tradicional galega, tanto en concertos propios como en actividades de representación institucional, a Axencia Galega das Industrias Culturais conta cunha agrupación propia, de alta calidade interpretativa, que realiza ao longo do ano un servizo musical institucional. En 2013 o grupo desenvolveu 29 actuacións en lugares como Santiago de Compostela, Madrid, Donostia, O Carballiño, Sober, Cambre, Barcelona, Bilbao ou Padua (Italia).

7.8
Políticas dirixidas ao sector audiovisual galego

Para favorecer o desenvolvemento e a proxección do audiovisual galego, a Agadic conta cunha serie de liñas de actuación de apoio económico ao sector, nas distintas fases de desenvolvemento dos proxectos (creación orixinal, desenvolvemento e difusión).

Axudas ao talento audiovisual

A Agadic convocou este ano, cunha contía de 66.000 euros, unha orde de axudas á creación audiovisual para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego, que permitiu en 2013 o desenvolvemento de seis guións e a realización de seis curtametraxes. Esta liña de axudas está destinada a fomentar a creación cultural no campo do sector audiovisual e, en concreto, a escrita de guións e a realización de producións dixitais de decidida vocación artística e cultural, realizadas por creadores individuais.

Axudas ao desenvolvemento de proxectos audiovisuais en galego

Para contribuír ao fomento da produción audiovisual mediante o apoio ao desenvolvemento dos proxectos, co fin de mellorar as posibilidades financeiras, técnicas e artísticas, a Agadic convocou este ano unha liña de axudas públicas para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais en lingua galega. Esta convocatoria, dirixida a empresas produtoras, centrouse

no apoio á fase de desenvolvemento de longametraxes (ficción, animación e documentais) e películas e miniseries para televisión. Un total de 10 empresas beneficiáronse destas axudas que ascenderon a un total de 150.000 euros.

Axudas a proxectos audiovisuais de contido artístico e cultural

A través da convocatoria de subvencións para producións ou coproducións audiovisuais en lingua galega con decidido contido artístico e cultural, a Agadic destinou este ano unha contía de 1.100.000 euros a fomentar a produción e a coprodución de películas que contribúan a ampliar a diversidade da cinematografía galega, á promoción do talento e á consolidación deste importante sector cultural. Trátase dunha estratexia de axuda pública dirixida a empresas produtoras, para apoiar a creación de longametraxes (de ficción, animación ou documental) e series e películas para televisión.

Apoio aos principais festivais cinematográficos de Galicia

A través da colaboración da Agadic coa Asociación Cultural pola Creación Artística-Enfoques, o **Play-Doc. Festival Internacional de Documentais de Tui** celebrou este ano a súa novena edición. Trátase dunha programación singular en Galicia dedicada ao cine documental de creación, con presenza de importantes directores e no que se proxecta unha escolma do mellor cine de non ficción, que permite activar o sector audiovisual galego, na vertente de creación documental, xerar espazos de diálogo e contribuír a achegarlle á cidadanía unha produción de difícil acceso.

No mes de maio celebrouse no Porriño o **Festival de Cans de Curtametraxes**, unha cita coa mellor produción de curtas galegas, que destaca por unha programación baseada na implicación do conxunto da poboación de Cans e que se complementa cunha programación musical. Así, ademais de promover o audiovisual galego, contribúe a propiciar o achegamento do público máis novo á cultura a través do cine e da música.

En Santiago de Compostela celebrouse en novembro a vixésimo sétima edición de **Cineuropa**, cunha liña de programación de propostas fóra da produción comercial e dos canons convencionais. No marco do convenio de colaboración co Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela, entidade promotora e organizadora do evento, a Agadic colaborou con esta programación de activación do sector audiovisual e de achegamento dos públicos ás novas propostas cinematográficas.

Cos mesmos obxectivos e tamén no mes de novembro, o Concello de Ourense programou o **Festival de Cine Internacional de Ourense-OUFF** que nesta décimo oitava edición contou tamén co apoio da Agadic. O Premio da Competición Internacional de Longametraxes estivo dotada de 17.000 euros en premios.

Ciclos, actividades paralelas e homenaxes sérvenlles tamén a estes festivais para proxectar esta programación de cine en cadansúa cidade e no conxunto de Galicia, así como para darlle unha proxección nacional e internacional.

Outra das principais citas audiovisuais é a **Semana Internacional de Cine de Autor de Lugo**, que nesta XXV edición contou co apoio da Agadic coa entidade promotora do evento, o Grupo Fotocinematográfico Fonmiñá. No ciclo, que inclúe unha sección dedicada a filmes relacionados ou rodados na provincia de Lugo, proxectáronse este ano 83 películas.

Xornada de debate cos profesionais do audiovisual

O Clúster Audiovisual Galego, coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, organizou o 17 de xaneiro na Cidade da Cultura de Galicia unha xornada coa directora xeral do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICAA), Susana de la Sierra, e máis de 60 profesionais do sector audiovisual de Galicia, entre os que estaban os responsables de moitas das compañías máis relevantes da industria audiovisual galega, na que a directora xeral deste instituto estatal explicou tamén as próximas liñas de axudas do seu departamento á cinematografía española.

Premios Mestre Mateo do audiovisual galego

Para contribuír á promoción do sector audiovisual galego e recoñecer o labor dos profesionais do sector, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinou un convenio de colaboración coa Asociación Academia do Audiovisual, entidade promotora e organizadora dos Premios Mestre Mateo. Nesta edición foron 23 os premiados, ademais do premio de honra *Fernando Rey*, que recaeu no Xabarín Club, entregados nunha gala televisada celebrada o 6 de abril no Palacio da Ópera da Coruña.

7.9
Actividade do Centro Galego de Artes da Imaxe

CGAI CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE

En 2013 o Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) pasou a formar parte da estrutura da Agadic. Con sede na cidade da Coruña, o CGAI desenvolve as súas actividades nos ámbitos do audiovisual e da fotografía. A súa actividade céntrase na recuperación, catalogación e custodia das producións e obras do patrimonio audiovisual e fotográfico galego. Pero este centro desenvolve tamén un importante papel na difusión do audiovisual, a través da programación de proxeccións, exposicións etc. para favorecer un maior coñecemento das artes da imaxe. O CGAI constrúe parte destas actuacións en colaboración con numerosos organismos, tanto galegos como de fóra, e presta unha especial atención a ofrecer un servizo cidadán de carácter didáctico tanto para o ámbito educativo como para a poboación xeral.

Programación de sala

Co obxectivo de achegar un maior coñecemento da historia do cine e das artes da imaxe e, particularmente, do cine galego, o CGAI asumiu a organización dos ciclos de proxeccións que permitiron exhibir 74 longametraxes e 52 curtas (109 sesións) de martes a sábado, durante os meses de setembro, outubro, novembro e decembro. Freakemacine, Andréi Konchalovsky, Cine Polaco Contemporáneo, Cine do Desasosego, Dan Sallitt e as seccións OFF Galicia, Fóra de Serie ou Desencadres foron os títulos dalgunhas destas programacións temáticas, nas que se contou tamén con

presentacións e charlas de autores, entre eles, J.P. Sniadecki, Jonás Trueba, Lois Patiño, Alberto Gracia ou Carlos Aguilar. Preto de 3.500 persoas acudiron a estas sesións, abordadas en colaboración con numerosas entidades e institucións de Galicia e de diferentes países.

Difusión pedagóxica: Cine en Curso / Fotografía en Curso

O CGAI vén realizando unha programación permanente de difusión e pedagoxía do cinema e da fotografía dirixida a alumnado de entre 3 e 18 anos. Con esta programación o CGAI pretende formar novos públicos, espertar o seu interese polo cine e a fotografía, explorar o potencial pedagóxico do audiovisual e ir tecendo novas redes entre o ámbito da cultura e o ámbito educativo. Entre os meses de setembro e decembro, 910 persoas (96 docentes e 814 alumnos) participaron nesta programación formativa realizada coa colaboración, a través do Plan Proxecta da Xunta de Galicia, da Asociación A Bao a Qu (coordinadora internacional do proxecto), Museos e Centros de Arte (MNCARS, MACBA, CCCB, MAC), Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, e da Generalitat de Catalunya.

As principais actividades deste programa foron a formación do profesorado (para dotalo das ferramentas e da metodoloxía necesarias), os obradoiros en escolas coa presenza de fotógrafos e profesionais do cine, a programación cinematográfica específica e a elaboración de materiais de apoio e seguimento (cadernos didácticos e vídeos).

En colaboración co Concello da Coruña, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo e a Deputación da Coruña, o CGAI promoveu un ciclo de proxeccións de cine primitivo no marco do Curso de Verán UIMP, como complemento á exposición ***José Sellier na Coruña. Os comezos do cine español***. Con fondos propios e tamén copias procedentes de Filmoteca Española ou o Instituto Lumière, o CGAI organizou proxeccións e actividades, ademais de achegar materiais diversos e fotografías para a exposición.

CGAI Júnior

CGAI Júnior é o ciclo de cinema de periodicidade mensual orientado á formación de novos públicos, cunha programación mensual para as familias e unha programación para centros educativos. As actividades desenvólvense nos propios centros educativos participantes no programa, cunha proposta didáctica para cada película que se acompaña tamén dun caderno con recursos educativos específicos.

Esta programación, desenvolvida de outubro a decembro, ten como obxectivos formar o espectador do futuro a través de películas de diferentes épocas con especial atención a cinematografías doutras culturas de difícil acceso desde outro circuíto de exhibición, e poñer o CGAI no centro de interese da cidade. Un total de 829 alumnos de centros escolares e 220 persoas nos pases familiares participaron nesta programación.

7.10
Formación sectorial e *coworking*

No marco de colaboración entre a Agadic e a Fundación Universidade da Coruña, desenvolveuse este ano o **Máster de Produción e Xestión Audiovisual** orientado ao exercicio profesional do produtor executivo a través dun modelo de formación práctica especializada e personalizada. Esta oferta pretende afondar na formación e preparación de produtores executivos, dotándoos dos coñecementos necesarios para a boa xestión de proxectos, así como outorgarlle ao alumnado un contacto de primeira man coa realidade do sector.

Cun investimento da Agadic de 50.000 euros, este máster traballa os aspectos de dirección de produción e de produción executiva, linguaxe narrativa e audiovisual, medios técnicos, xestión, técnicas de venda, ética deontolóxica e profesional, cun procedemento de superación da formación no que os alumnos e alumnas deben defender os seus proxectos ante profesionais do audiovisual.

En colaboración coa Universidade de Vigo celebrouse tamén a terceira edición da **Máster Class Audiovisual Galego AUGAL 2013-2014**, un escaparate de referencia no que directores, guionistas e produtores lle achegan ao público o seu traballo. Realizado desde outubro de 2013 ata abril de 2014, o máster permite a obtención de 1 crédito de libre configuración para o alumnado universitario.

Tamén destinado á comunidade universitaria e ao público xeral, no mes de xullo desenvolveuse, en colaboración coa Fundación Carlos Casares, a Universidade de Vigo, a Deputación de Ourense, o Concello de Celanova, a Televisión de Galicia e a Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación de Pontevedra, o **X Curso de Medios Audiovisuais de Celanova**. **O audiovisual galego: presente cambiante e alternativas de futuro**. Trátase dunha acción formativa na que se aborda o panorama audiovisual actual, tanto no referido ao coñecemento de novos formatos e produtos coma á reflexión e debate de ideas sobre o futuro, con relatorios de 30 profesionais galegos e un programa de proxeccións que dotan de visibilidade a produción audiovisual galega actual.

Nos meses de outubro, novembro e decembro, a Agadic desenvolveu o programa de formación continua **Galicia ProFilme**. Dirixido a profesionais do sector audiovisual, o programa inclúe a celebración de xornadas, seminarios e conferencias con periodicidade mensual, coas que se pretende contribuír á actualización de información e á ampliación de coñecementos dos profesionais que traballan nas empresas galegas do audiovisual, coa colaboración de relatores de recoñecido prestixio. Este ano as xornadas tiveron tres eixes: *Cinema, creación e finanzas*, sobre as novas fórmulas de financiamento de proxectos e aspectos legais; *Sesión informativa Media*, sobre as axudas do Programa Media da Unión Europea; e *Preprodución e mercado internacional*, de estratexias de promoción e distribución da obra audiovisual.

Formación escénica

Como xa se indicou en anteriores apartados, a través do Centro Coreográfico Galego, a Agadic oferta unha programación formativa de danza. No ámbito teatral, tamén o Centro Dramático Galego asume unha vertente de programación de coproducións coas aulas de teatro universitarias, como formato de aprendizaxe e de contacto co teatro profesional.

Para afondar nos distintos ámbitos do traballo dramático (dirección actoral, creación dramática, produción escénica etc.), no coñecemento das distintas facetas do dramaturgo Vidal Bolaño e para contribuír a crear un necesario espazo de encontro entre o ámbito académico, a profesión teatral e a cidadanía, celebrouse este ano o **I Congreso Internacional de Investigacións Escénicas (Escénika)**. **Seminario Roberto Vidal Bolaño**. A colaboración da Agadic coa Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, de Vigo, permitiu desenvolver esta programación formativa especializada, no mes de setembro, dirixida á praxe escénica.

No marco do bicentenario do nacemento de Wagner e Verdi, celebrouse en outubro, en colaboración coa Asociación de Directores de Escena de España, o seminario **Escenificar Verdi e Wagner**, unha actividade divulgativa de contido eminentemente teatrolóxico, para mostrar as investigacións levadas a cabo sobre as postas en escena de óperas de ambos os compositores e achegarlle a súa creación ao público xeral.

A Agadic promove outras actuacións de formación sectorial. En 2013, en colaboración coa Asociación Galega de Deseñadores, programouse o **Foro de Edición e Deseño-Feed**, un espazo de encontro entre profesionais do deseño e estudantes de disciplinas relacionadas, para dar a coñecer os proxectos máis relevantes do deseño galego dos últimos anos, contribuír á formación dos profesionais do sector e promover un espazo de reflexión e debate sobre o deseño.

Coworking: Emprende Cultura Gaiás

A Cidade da Cultura de Galicia e a Agadic puxeron en marcha en 2013 un novo espazo de traballo compartido no Gaiás, que lles permite aos profesionais das industrias culturais novas posibilidades de negocio aproveitando as oportunidades dunha rede de contactos no sector e beneficiarse dun programa especial de formación e de presentación das súas ideas a empresas.

Situado no Centro de Emprendemento Cultural e Creativo de Galicia, este espazo de traballo compartido do Gaiás ofrece, ademais dos servizos básicos (mesa, cadeira, estante, conexión a internet de alta capacidade, conexión telefónica, caixa de correo, subministro eléctrico, auga e calefacción), a posibilidade de dispoñer dunha sala de reunións de grupos (equipada con wifi e proxector) e dunha sala-despacho.

Xunto ao espazo de traballo, os integrantes do Espazo de Coworking Emprende Cultura Gaiás teñen acceso a un amplo conxunto de servizos:

ferramentas de apoio á maduración de ideas empresariais que lles permitirán contar cun plan de negocio que oriente os primeiros pasos; servizo de titorización e acompañamento na definición e posta en marcha de modelos de negocio exitosos; seminarios de identificación de novos modelos de negocio e de maduración de ideas empresariais; eventos de identificación de oportunidades de colaboración entre empresas (*networking*); e posibilidades de acceder a plataformas de *crowdfunding* e organización de roldas de financiamento.

Creación do Premio Agustín Sixto Seco

Promovidos pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia creáronse este ano os Premios Emprende Gaiás-Sixto Seco, vinculados ao proxecto de emprendemento cultural no Gaiás, para poñer en marcha ideas innovadoras no mundo das industrias culturais e creativas. Os gañadores desta edición foron Hugo Crespo, co proxecto web Coolto; Isabel Albela González, coa iniciativa de deseño Boh; e Benjamín Trillo Díaz, no eido da xestión cultural. Cada un dos premiados incorporarase de balde, e durante doce meses, ao espazo de Coworking Emprende Cultura Gaiás, da Cidade da Cultura; asistirá, con todos os gastos pagados, ao Zinc Shower 2014, o maior encontro-escaparate de industrias culturais e creativas realizado en España; e recibirá apoio, asesoramento e formación por parte da Agadic durante os primeiros pasos da posta en marcha da súa empresa.

Estes premios homenaxean a figura do promotor cultural, o médico e intelectual galego Agustín Sixto Seco, cuxo arquivo e biblioteca persoal —integrada por máis de 4.000 volumes— forman parte dos fondos da Biblioteca de Galicia da Cidade da Cultura.

08

ILLA DE SAN SIMÓN, UN ESPAZO PARA A CREACIÓN

As illas de San Simón e de San Antonio son un excepcional e paradisíaco enclave situado na enseada da ría de Vigo, cunha forte carga simbólica colectiva vinculada cos seus diversos papeis ao longo da historia: testemuña de traxedias e avatares marítimos, idílica referencia literaria da poesía medieval, refuxio monacal, lazareto para doentes infecciosos, cárcere do réxime ditatorial franquista para illamento político...

A illa de San Simón é hoxe un espazo público para o desenvolvemento cultural de Galicia, nun enclave recuperado de gran valor patrimonial e ambiental. En 1999 foi declarado Ben de Interese Cultural pola Xunta de Galicia e a illa e a súa enseada forman parte da Rede Natura 2000 como hábitat natural europeo protexido.

Ao longo do ano as súas instalacións acollen o desenvolvemento dunha extensa programación, como lugar de colaboración con diversas entidades e organismos para actividades culturais, formativas e de investigación.

8.1
Programa de visitas culturais á illa

A través dos distintos programas de visitas culturais para coñecer a enseada de San Simón, as instalacións da illa e a súa riqueza paisaxística, ao longo de 2013 accederon á illa mediante o sistema de visitas un total de 18.817 persoas.

As visitas culturais guiadas en catamarán organizadas polo Concello de Redondela para dar a coñecer o conxunto da enseada, permitíronlles coñecer San Simón a un total de 9.624 persoas, en diversas quendas. E as visitas guiadas en catamarán organizadas polas empresas navieiras, para coñecer a enseada con produtos turísticos específicos por públicos e temas, dunha hora de permanencia na illa, atraeron un total de 6.054 visitantes.

Ademais destas excursións organizadas, visitaron a illa entre os meses de abril e decembro 320 persoas, que accederon por medios marítimos particulares.

Por outra parte, un total de 2.819 escolares procedentes de centros educativos de diversas localidades de Galicia visitaron a illa ao longo do ano nas visitas culturais para escolares organizadas polas empresas navieiras e polo Concello de Redondela.

8.2
#NeThinking 2013, comunicación e redes sociais

O 26 e o 27 de abril a illa acolleu a terceira edición do #NeThinking: Como Comunicarnos, un foro de reflexión e debate liderado por un grupo formado por destacados comunicadores e expertos en redes sociais, referentes no panorama nacional pola notoriedade das súas bitácoras persoais, pola súa actividade en redes e pola súa experiencia en contidos multimedia. O público asistente foi de 23 persoas, se ben o foco desta formación céntrase na dimensión internacional a través da rede, por *streaming*, a través de San Simón TV e Terra TV, e por Twitter (@illadesansimon), superando os 6 millóns de impactos.

#NeThinking naceu co obxectivo de debater no arquipélago da ría de Vigo cun sistema innovador de concepción de congreso enfocado á máxima participación, que converteu o debate en *trending topic* en varias ocasións durante os eventos.

No encontro deste ano participaron arredor de quince expertos en contidos e posicionamento en redes sociais e en comunicación en internet, así como artistas, escritores ou xornalistas cunha actividade destacada na

rede, como Yoani Sánchez, blogueira cubana cunha enorme notoriedade en toda Latinoamérica e no ámbito mundial, autora do blog *Generación Y,* que recibiu en 2008 o Premio Ortega y Gasset de xornalismo; o fundador e director de Weblogs, Julio Alonso; o fundador de Hipertextual, Eduardo Arcos; o responsable de redes sociais de *La Voz de Galicia*, Nacho de la Fuente; o xornalista especializado en tecnoloxía, medios e sociedade, Antonio Delgado; o director executivo de Internet República, Ismael El-Qudsi, entre outros.

O evento estruturouse en seis paneis temáticos: *Novos medios de comunicación na era dixital*, no que se abordaron cuestións como a adaptación dos medios de comunicación a internet, o *brand journalism*, ou o *crowdfunding*; *Educación dixital*, con temas referidos ao máximo rendemento das TIC na aprendizaxe; *Escribir en internet*, con discusión sobre o uso das linguas na rede; *Industria cultural na rede*, sobre as posibilidades do uso de internet para a creación e comercialización de contidos culturais e ao pagamento dos mesmos; *Contidos*, sobre viralidade e a mercadotecnia de contidos multimedia; e *A información teledirixida*, que tratou o estado actual da interactuación informante-informador.

8.3 Apoio ao desenvolvemento de actividades de formación

A Residencia Stella Maris, os espazos de cociña e comedor, as aulas e o conxunto de espazos culturais da illa puxéronse, ao longo do ano, ao dispor de proxectos culturais organizados por outras entidades:

No marco de colaboración permanente co club náutico de Cesantes e co Concello de Redondela, as instalacións da illa acollen adoito **actuacións formativas vinculadas coa vela e a actividade náutica**. No mes de xuño 21 persoas estiveron aloxadas na illa adquirindo coñecementos de vela. Do 14 ao 16 xuño, a Confraría Europea da Vela organizou en San Simón un acto internacional formativo e de posta en común de distintas experiencias. Cunha participación de 50 persoas, a formación tamén foi transmitida por *streaming* para o ámbito internacional a través da rede. Ademais destes cursos con residencia, obtiveron formación en San Simón, con acceso ao equipamento durante o día en diferentes quendas, un total de 392 nenos e adultos durante os meses de verán. Tamén se desenvolveron na illa as entregas de premios a regatistas.

Por outra parte, en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, a illa acolleu este ano diversas vagas de actividades formativas en deportes náuticos, destinadas a estudantes Erasmus (uso de aloxamento, restaurante, aula con conexión a internet e exteriores) e a mozos galegos de entre 18 e 35 anos. Un total de 93 mozos e mozas beneficiáronse destas actividades en San Simón.

Do 8 ao 14 de xullo 65 rapaces e rapazas conviviron na illa no **San Simón Fiddle**, un curso de música infantil e xuvenil no que pequenos amantes e estudantes de instrumentos de corda puideron compartir tempo para a creatividade musical e a aprendizaxe. Ademais das actividades formativas e lúdicas, este ano os participantes contactaron por *streaming* cun campamento semellante que se estaba a realizar simultaneamente en Oregón.

Nos meses de xullo e agosto desenvolvéronse na illa diversos campamentos lúdicos con xente nova. En xullo, 18 rapaces e rapazas participaron co campamento infantil Barafunda. En dúas quendas (xullo-agosto), desenvolveuse na illa o campamento infantil e xuvenil do Concello de Redondela, cunha participación de 68 nenos e nenas que, durante unha semana cada quenda, gozaron das actividades lúdicas, deportivas e culturais no contorno de San Simón.

No mes de setembro, a Banda de Música de Salcedo realizou, valéndose do equipamento público da illa, tres xornadas intensivas de ensaio e formación para a preparación do VII Certame Galego de Bandas de Música, no que resultou gañadora.

Do mércores 20 ao sábado 23 de marzo celebrouse na Illa de San Simón o congreso organizado pola Universidade de Vigo A Cultura do Poder. A propaganda nos Estados autoritarios, cunha asistencia de 30 persoas.

Dentro da colaboración coa formación de profesionais, no mes de maio tivo lugar o curso formativo para profesionais da medicina (uso de aulas e servizo restaurante) organizado polo Laboratorio Boehringer Ingelheim España, coa asistencia de 20 persoas. En xuño 18 participantes accederon ás xornadas formativas organizadas pola empresa Lutec para profesionais da estética. No mesmo mes, Begano organizou unha xornada de formación para os directivos de Coca-cola nas aulas da illa, cunha asistencia de 15 profesionais. Tamén se realizaron actividades organizadas pola axencia de viaxes Loa para os asistentes a un congreso de medicina en Vigo, coa asistencia de 150 persoas. E no mes de setembro, arredor de 20 profesionais da odontoloxía asistiron ao Curso Práctico Personalizado Alph e ao Curso de Kinesioloxía Médica e Odontolóxica.

No mes de maio 33 persoas asistiron, en tres quendas, ás clases maxistrais de cociña con Antonio Botana, no marco da Festa do Choco de Redondela. Tamén a empresa Integra Thalentis Trainer desenvolveu na illa os cursos *Practitioner* en Programación Neurolingüística, acción formativa na que participaron 62 persoas en diferentes quendas.

O 29 de xuño, organizado pola Asociación Viguesa de Espondilíticos de Pontevedra, celebrouse na illa o VII Encontro Galaico-Portugués de Afectados de Espondilite, para a formación e coñecemento de distintas experiencias persoais e avances médicos e na que participaron 66 persoas.

En outubro tivo lugar a xornada formativa da empresa Cecoagro, coa participación de 30 persoas, e a Agrupación de Avogados de Práctica Xurídica do 1995 organizou nas aulas de San Simón o Taller de aplicacións da administración electrónica no eido legal, coa asistencia de 10 profesionais.

8.4
Outras actividades culturais en San Simón

En dúas quendas, en abril e maio, a illa acolleu os participantes na residencia artística do proxecto europeo de creación cultural **Voz da travesía**, coorganizado pola Illa de San Simón, a Maison du Conte de Bruxelas e Attention, Chantier Vocal, de Aquitania (*vid.* CAPÍTULO 3). Fixéronse actividades de posta en común de poemas, cantos e contos de tradición popular, coa participación de 43 persoas aloxadas na illa.

O sábado 8 de xuño a empresa editorial Xerais de Galicia, como vén facendo desde hai nove anos, celebrou en San Simón o acto social de entrega do **Premio Xerais de Novela** e o **Premio Merlín**, de literatura infantil e xuvenil.

Tamén no ámbito literario celebrouse no mes de outubro a segunda edición do obradoiro internacional de tradución poética ***Con barqueira e remador***, coordinado por Yolanda Castaño. Ao longo dunha semana oito poetas de diversas nacionalidades e linguas de creación conviviron na illa traballando na vertente de textos poéticos a diversas linguas, nun intercambio creativo e cultural que se prolongou noutros puntos de Galicia con mesas redondas e recitais poéticos.

E o 14 de setembro, a Xunta de Galicia organizou na illa a homenaxe **Lembrando a Meendinho. Lírica medieval amorosa na Illa de San Simón,** na que participaron arredor de 250 persoas. No Campo das Alocucións, o acto contou coa intervención de recoñecidos escritores e coa actuación musical de Amancio Prada.

En xuño, a illa acolleu actividades lúdicas do congreso organizado en Vigo polo Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo, cunha participación de 315 persoas.

En colaboración co Concello de Redondela e coa Asociación Deportiva Illas Cíes-San Simón, a illa de San Simón acolleu a chegada da proba deportiva da **Travesía a nado Cíes-San Simón**, coa participación de 200 persoas, entre deportistas e acompañantes.

O 21 de xullo congregáronse nos exteriores da illa 300 persoas para celebrar o ***Acto da Memoria***, organizado polos colectivos pola recuperación da memoria histórica, coa colaboración do Concello de Redondela.

No mes de setembro, a illa de San Simón acolleu o **II Certame de corais Cantiga de Mendiño. Illa de San Simón**, servíndose nas infraestruturas que ofrece a illa. Este ano incorporouse ao certame unha agrupación infantil e programouse na capela unha exposición de fotografía. Arredor de 300 persoas participaron nesta actividade, realizada en colaboración co Círculo Cultural-deportivo de Cesantes e o Concello de Redondela.

O 31 de agosto e o 1 de setembro, e adiado por mor do accidente ferroviario en Angrois, tivo lugar en San Simón o **Festival Sinsal**, dúas xornadas de concertos e actividades ás que asistiron preto de 1.500 persoas nesta edición que, ademais dos espazos habituais, incorporou o programa Músicas Escondidas, por diferentes espazos da illa. Desde o Paseo dos Buxos

fíxose tamén a transmisión radiofónica do festival. New Balance, empresa copatrocinadora (xunto coa Xunta de Galicia e Estrella Galicia) desta edición do festival, tamén organizou na illa un acto previo, coa asistencia de 40 persoas.

Ademais destas actividades diversas, a illa converteuse en escenario de varias rodaxes de produtos audiovisuais galegos.

GAIÁS
CIDADE DA CULTURA

09

A CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, POLO DE DESENVOLVEMENTO CULTURAL

A Cidade da Cultura de Galicia está a desenvolver un plan de traballo, baseado no seu plan estratéxico 2012-2018, co que pretende ofrecerlle á cidadanía unha programación de calidade, acorde coa súa destacada arquitectura, desenvolver un papel central como espazo natural de fomento da innovación cultural e contribuír, de maneira sustentable, á dinamización do tecido produtivo cultural galego.

A acción da Cidade da Cultura centrouse no desenvolvemento dun plan cultural cunha programación estruturada en oito eixes, que inclúen liñas de visitas aos diferentes edificios do complexo arquitectónico, programación escénica e musical, oferta formativa para os profesionais da cultura etc., e que é posible grazas ao plan de mecenado e participación empresarial.

Esta programación supuxo un investimento en 2013 de 2.000.000 de euros e foi patrocinada integramente pola Fundación Gaiás, constituída en 2008 e integrada pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia, Caixanova e CaixaGalicia, Unión Fenosa S.A., Inditex, Inveravante Inversiones Universales S.L., Fundación Benéfica Pedro Barrié de la Maza Conde de Fenosa, Banco Gallego S.A., R Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A., Coren, Epifanio Campo Fernández, Gadisa, Hijos de Rivera S.A., Transmonbús S.L., Grupo Nosa Terra 21 S.A. e Hijos de J. Barreras S.A.

9.1
Música e escena

MÚSICA& ESCENA

Galician Connection

ESPAZO: Museo Centro Gaiás
DATAS: 18 - 21 de abril de 2013
ASISTENTES: 580

Dentro da programación de música e artes escénicas, a Cidade da Cultura acolleu do 18 ao 21 de abril o Galician Connection, un programa formativo a cargo de oito artistas internacionais, con charlas, obradoiros e debates, *jam sessions* e concertos no Museo Centro Gaiás. Esta foi a segunda edición deste laboratorio de música, pensamento e difusión dirixido pola artista galega Cristina Pato.

O Galician Connection 2013 contou coa presenza do saxofonista e frautista recoñecido recentemente como mellor artista de jazz europeo, Jorge Pardo; Wu Tong, considerado unha das figuras máis importantes da música tradicional chinesa; o compositor, director de orquestra e pianista de jazz cubano Omar Sosa; o violinista William Harvey; o percusionista Eliseo Parra; o acordeonista galego Víctor Prieto; a cantante galega Rosa Cedrón; e o percusionista galego Isaac Palacín.

Concertos no museo: Ciclo Pel de Galiña

ESPAZO: Museo Centro Gaiás
DATAS: maio - novembro de 2013
Noa & Solis String Quartet (21 de maio)
Silvia Pérez Cruz e Javier Colina Trío (8 de xuño)
Gabriela Montero (21 de xuño)
Uxía (12 de xullo)
Gregory Porter (12 de novembro)
ASISTENTES: 1.832
ACCESO: 12 Euros (zona A) / 10 Euros (zona B)

O Museo Centro Gaiás converteuse durante cinco noites nun escenario aberto á fusión, ritmos suxestivos, voces poderosas e cálidas e sons únicos baixo unha premisa: ofrecerlles aos espectadores música que emociona. Artistas galegos e do ámbito internacional de diversos estilos foron os protagonistas do ciclo Pel de Galiña 2013.

Atardecer no Gaiás

ESPAZO: Praza exterior Gaiás
DATAS: xullo e agosto de 2013
ASISTENTES: 6.700
ACCESO: de balde

O ciclo Atardecer no Gaiás volveu na súa terceira edición para poñerlle música, ritmo e poesía á tardiña estival compostelá. Cun amplo e variado programa de actuacións, Atardecer no Gaiás apostou por fusionar a música clásica, a tradicional, o pop e o rock, o jazz, a electrónica, o funk, a poesía e propostas vangardistas. Do 4 de xullo ao 31 de agosto, a praza exterior do Gaiás acolleu 25 actuacións que amenizaron o luscofusco máxico dos xoves, venres e sábados con espectáculos de pequeno formato.

TAC: *Músicas nocturnas*

ESPAZO: Museo Centro Gaiás
DATA: 19 de outubro de 2013
ASISTENTES: 80
ACCESO: 5 euros

Dentro do ciclo Xornadas de Música Contemporánea, o Taller Atlántico Contemporáneo (TAC) integrouse na programación de outono da Cidade da Cultura cun monográfico arredor do compositor norteamericano George Crumb, nado en Charleston (West Virginia) en 1929, e considerado continuador de John Cage.

Músicas Nocturnas achegou tres das obras máis representativas deste autor, cun colorido instrumental apreciable nas interpretacións de composicións como *Vox ballaenae* (A voz das baleas), e cun protagonismo da voz, neste caso empregando textos de Federico García Lorca, en obras como *Madrigais* e de *NightMusic*.

Magostos no Gaiás

ESPAZO: Museo Centro Gaiás
DATAS: outubro de 2013
Milladoiro: 18 de outubro
Marful: 25 de outubro
Mofa e Befa: 31 de outubro
ASISTENTES: 893
ACCESO: 9 euros (zona A) / 6 euros (zona B)

En formato de colaboración, a Fundación Cidade da Cultura e a Agadic programaron no mes de outubro no Museo Centro Gaiás os Magostos no Gaiás, un pequeno ciclo de outono de dous concertos e un espectáculo de humor teatral. Tres magostos temperáns escritos cada un deles cun M do mellor da nosa cultura: Milladoiro, Marful e Mofa e Befa.

De xeito previo a cada actividade, a Cantina do Gaiás, coa axuda da Indicación Xeográfica Protexida Castaña de Galicia, ofreceu creativas e divertidas tapas confeccionadas a base deste produto.

9.2 Exposicións

EXPOSI CIÓNS

Gallaecia Petrea

DATAS: 15 de xuño de 2012 - 31 de marzo de 2013
ESPAZO: Museo Centro Gaiás
ASISTENTES: 68.682 (desde xuño de 2012)
ACCESO: 4 euros (xeral) / 2 euros (reducida)
CATÁLOGOS:

- edición bilingüe galego/español, 674 páxinas
- edición idioma portugués, 368 páxinas
- edición idioma inglés, 368 páxinas

Gallaecia Petrea constituíu unha ambiciosa homenaxe á arte e á cultura galega a través da pedra ao longo da súa historia, dos petróglifos á arte contemporánea. A exposición é unha das máis grandes mostras feitas en Galicia e a primeira que acolleu o Museo Centro Gaiás.

Baixo o comisariado xeral de Miguel Fernández-Cid, *Gallaecia Petrea* ocupou os 6.600 metros cadrados do museo dividida en seis áreas: Xeoloxía, Prehistoria, Roma, Medievo, Moderna e Contemporánea. Cada unha delas estivo comisariada, pola súa vez, por destacados expertos nestas áreas: o profesor Juan Ramón Vidal Romaní, director do Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal da Universidade da Coruña; Xosé Ignacio Vilaseco Vázquez, arqueólogo do Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural; Antonio Rodríguez Colmenero, profesor da Universidade de Santiago; Carlos Valle, director do Museo Provincial de Pontevedra; Ana Goy Diz, profesora titular de Historia da Arte da Universidade de Santiago de Compostela; e Miguel Fernández Cid, especialista en arte e xerente da Fundación Torrente Ballester.

Gallaecia Petrea permitiu poñer en valor o rico patrimonio histórico e artístico presente no territorio a través dun total de 341 obras cedidas por 91 institucións culturais, concellos e colecciónS particulares de Galicia, España e Portugal, non sempre coñecidas ou ao alcance do gran público. Froito dun arduo labor investigador, no que participou un equipo formado por 76 expertos, *Gallaecia Petrea* atraeu numerosos visitantes e posibilitou a recuperación e rehabilitación de diversas pezas.

En paralelo, a Cidade da Cultura desenvolveu un amplo programa de visitas guiadas e actividades diferentes (danza, buscas do tesouro para rapaces, obradoiros didácticos etc.) destinadas a distintos públicos, para dinamizar a exposición.

O catálogo de *Gallaecia Petrea*, editado en galego, español, portugués e inglés, reúne textos dos comisarios da exposición, así como fichas técnicas razoadas das máis de 700 pezas que compoñen a mostra, redactadas por 176 especialistas do mundo académico. Recolle as imaxes de todas as pezas da mostra.

Orinoco: viaxe a un mundo perdido

ESPAZO: Museo Centro Gaiás
DATAS: 27 de maio de 2013 - xaneiro de 2014
ASISTENTES: 46.200
ACCESO: 4 euros (xeral) / 2 euros (reducida) / de balde aos mércores
CATÁLOGO: edición galego/español/inglés, 264 páxinas

Tras viaxar durante trece anos por algunhas das principais institucións culturais europeas, a Cidade da Cultura de Galicia, en acordo coa Fundación Cisneros, trouxo por primeira vez á Península Ibérica a Colección Orinoco, a mostra de arte étnica latinoamericana máis importante do mundo pertencente á Colección Patricia Phelps de Cisneros que lle rende homenaxe á tradición cultural das doce etnias que habitan no Amazonas venezolano.

A Colección Orinoco mostrouse na súa totalidade, con máis de 1.500 pezas froito das exploracións da familia Cisneros que, desde a década dos setenta, realizou numerosas incursións neste territorio, e das achegas do etnógrafo Edgardo González Niño e do antropólogo belga Walter Coppens. Esta exposición incluíu dúas interesantes colecciónS fotográficas con imaxes de González Niño e de Charles Brewer Carías. Ademais proxectáronse documentais, desenvolvéronse recursos didácticos e organizáronse distintas actividades para achegar dunha maneira activa os distintos públicos á mostra.

O catálogo da exposición recolle textos do curador emérito da Colección Orinoco, Andrés Ortega, da antropóloga Lelia Delgado, do fotógrafo Charles Brewer-Carías, do hidrobiólogo Fernando Cobo Gradín e do historiador Alejandro de Arce Andratschke, así como a reprodución fotográfica dun amplo número de pezas expostas e unha tradución dos textos ao inglés.

Actividades de dinamización da exposición *Orinoco*

Campamento Tepuy Museo Centro Gaiás
DATAS: maio de 2013 - xaneiro de 2014

Campamento Tepuy é a zona didáctica instalada no andar -1 do Museo Centro Gaiás especialmente pensada para que os máis pequenos gocen e aprendan con outras culturas. Obradoiros, visitas escolares e actividades de dinamización para as familias déronse cita neste espazo durante máis de sete meses.

Visitas guiadas á exposición Orinoco
DATAS: maio de 2012 - decembro de 2013
ASISTENTES: 30 por grupo
ACCESO: de balde (previo pagamento entrada exposición)

Visitas familiares á exposición *Aventura no Amazonas*
DATAS: xuño - decembro de 2013 (sábados)
ACCESO: de balde (previo pagamento entrada exposición)

Ciclo documental: Cambio e clima
DATAS: xuño - xullo de 2013 (catro sesións)
ACCESO: de balde (previo pagamento entrada exposición)

Unha noite no Orinoco
DATAS: 5 e 19 de xullo; 2 e 16 de agosto; 8 e 29 de novembro de 2013 (sesións nocturnas para nenos e nenas)
PARTICIPANTES: 150
ACCESO: 8 euros

Descubrindo o Orinoco con…
DATAS: outubro - decembro de 2013
… **Marie-Claude Mattéi-Müller** (22 de outubro)
… **Fernando Cobo** e **Alexis Arce** (5 de novembro)
… **Domingo González Lopo** (10 de decembro)
ACCESO: de balde (reserva previa)

Exposición *Emoción-razón: a gran dualidade*

ESPAZO: Torres Hedjuk
DATAS: marzo - maio de 2013
ACCESO: de balde

O artista galego Ramón Conde presentou nas Torres Hejduk da Cidade da Cultura, como lugar expositivo, a mostra titulada *Emoción-Razón: A gran dualidade*, unha colección de pezas de gran formato que se situou en tres

espazos diferenciados: a explanada exterior e os interiores de ambas as torres. Con este proxecto Conde realiza unha intervención artística sobre un elemento arquitectónico que xa forma parte da paisaxe compostelá e que tende a ser un símbolo-faro de modernidade.

Exposición *Mar de crebas*

ESPAZO: Torres Hedjuk
DATAS: agosto - novembro de 2013
ACCESO: de balde

Conectado co *land art*, o modernismo de Gaudí ou a *arte povera*, *Mar de Crebas*, da artista emerxente Alejandra Sampedro, explora a idea de pegada e memoria como resto arqueolóxico. Formado por obra fotográfica e escultórica, *Mar de Crebas* critica o mundo consumista e o esquecemento. Unha intervención artística sobre as Torres Hedjuk, como transformación temporal da paisaxe urbana.

Culture: City

DATAS: 27 de xuño - 13 de outubro de 2013
ESPAZO: Berlin Akademie der Künste (Alemaña) / Kunsthaus Graz (Austria)
ORGANIZA: Cidade da Cultura de Galicia
COLABORAN: Berlin Akademie der Künste, Kunsthaus de Graz

A Cidade da Cultura deseñada por Peter Eisenman viaxou este ano por Europa dentro do proxecto Culture: City, un percorrido polo universo de infraestruras culturais mundiais a través dos modelos orixinais e de películas, guiados por un iPad. Unha novidosa interacción na que o espectador pode ir das maquetas, das fotografías ou das ideas orixinais ás pezas audiovisuais, poñendo de manifesto a relación entre cultura, arquitectura e espazo urbano.

Xunto coa Cidade da Cultura de Galicia, a Berlin Akademie der Künste e a Kunsthaus de Graz reproduciron os proxectos da Guangzhou Opera House de China, a Tate Modern de Londres, o Parasol Metropol de Sevilla, o Centre Pompidou Mobile, a Queens Library de Nova York, o Caochangdi Art District de Pequín, a The High Line neoiorquina, o Eichbaumpoer de Essen (Alemaña), o Big Yellow Rabbit de Suecia ou a Detroit Soup.

Ademais destas exposicións, programáronse na Cidade da Cultura, na Biblioteca e Arquivo de Galicia, outras como *150 anos de Cantares gallegos*, *Técnicas e Artes do Gravado* ou *Patrimonio documentado*, descritas nos CAPÍTULOS 1 e 2 desta memoria.

9.3 Intercambio

INTER CAMBIO

III Encontro de Artistas Novos

ESPAZO: Auditorio da Biblioteca de Galicia
DATAS: 9 - 13 de setembro de 2013
ASISTENTES: 70
ACCESO: convocatoria e selección de proxectos artísticos

A Cidade da Cultura converteuse por terceiro ano consecutivo nun punto de encontro no que creadores novos tiveron a oportunidade de dar a coñecer os seus traballos e debater ao redor da arte contemporánea. Durante catro días de convivencia e intercambio de coñecemento e ideas con outros axentes culturais, baixo a coordinación de Rafael Doctor, os artistas emerxentes galegos e procedentes doutros lugares conviviron na Cidade da Cultura con outros axentes do sector como críticos, comisarios ou *art followers*, e tamén con artistas consolidados como Nuria Güell, Rogelio López Cuenca, Carmen Nogueira ou Fernando Sánchez Castillo.

III Foro Internacional de Espazos para a Cultura. A Revolución dos Festivais Culturais

ESPAZO: Auditorio 2 do CINC
DATAS: 15 e 16 de novembro de 2013
ASISTENTES: 66
ACCESO: 30 e 50 euros

A Cidade da Cultura de Galicia converteuse de novo, na terceira edición deste foro internacional, en escenario de intercambio onde coñecer e reflexionar sobre aspectos esenciais da xestión cultural e a creación artística contemporánea, e aqueloutros máis concretos e relacionados coa construción dunha obra e a súa proxección no mundo real.

Participaron como relatores David Binder (produtor), María Sheila Cremaschi (Hay Festival, Segovia), Hortense Archambault (Festival D'Avignon), Jesús Cimarro (Festival Internacional de Teatro de Mérida), Francisco Martín (La Mar de Músicas) e Jonathan Mills (Edinburgh International Festival), e como moderadores, Andrés Lacasa, xerente da Orquestra Sinfónica de Galicia; Paulo Rodríguez, director do Teatro Rosalía de Castro da Coruña; María Solar, xornalista da CRTVG; Julio Gómez, director do Festival Sinsal Audio; e Manuel Guede, director do Centro Dramático Galego.

Economía e Cultura

ESPAZO: Aula Biblioteca de Galicia
DATAS: maio - setembro de 2013
Autoemprego e Cultura (24 de maio)
Conversa con Roberto Gómez de la Iglesia (21 de xuño)
Creatividade e Tecnoloxía (27 de setembro)
Conversa con Ana María Llopis (16 de outubro)
Xornadas de Internacionalización (29 de novembro)
ASISTENTES: 62
ACCESO: 25 euros

Economía e Cultura é un encontro entre creadores e emprendedores do sector cultural e profesionais, con cinco xornadas dedicadas a fortalecer o campo cultural e creativo galego e a analizar o seu papel na nova economía.

Nesta segunda edición, os encontros abordaron aspectos como os novos esquemas de traballo, os avances tecnolóxicos ou os novos mercados, cun enfoque práctico e participativo.

Curso da Cámara de Comercio. Programa de creación e consolidación de industrias culturais e creativas

ESPAZO: Aula Biblioteca de Galicia
DATAS: abril - maio de 2013
ASISTENTES: 35
ACCESO: de balde (convocatoria e selección dos participantes)

A través deste curso, dirixido ao sector empresarial do ámbito da cultura, os emprendedores culturais coñeceron ferramentas de xestión empresarial adaptadas aos novos retos e posibilidades da oferta cultural actual.

Simposio: O Presente Eterno

ESPAZO: Auditorio da Biblioteca e Arquivo de Galicia
DATAS: 31 de outubro de 2013
ASISTENTES: 120
ACCESO: de balde (inscrición previa)

O Presente Eterno foi o título do simposio centrado na análise da multiplicidade de significados que adquire a obra de arte na encrucillada entre a súa realidade material, a súa dimensión histórica, a súa transcendencia teórica e a súa fascinación estética. Baixo a dirección do profesor da Universidade Complutense de Madrid, Francisco Prado-Vilar, o Gaiás reuniu investigadores, profesores e estudantes para enriquecérense co coñecemento e experiencia de figuras coma Leonard Barkan ou Madeline

H. Caviness, procedentes de universidades como Oxford, Princeton ou a Universidade de Santiago de Compostela.

9.4
Visitas guiadas

VISITAR

Programa xeral de visitas guiadas

DATAS: xaneiro - decembro de 2013
PARTICIPANTES: 30 persoas por grupo
ACCESO: de balde
(*Vid.* PROGRAMAS DE VISITAS GUIADAS DAS EXPOSICIÓNS)

Camiño ao Gaiás

DATAS: xullo - setembro de 2013 (aos mércores)
PARTICIPANTES: 133
ACCESO: de balde (inscrición previa)

Astronomía: un lugar para mirar ao ceo

DATAS: xullo - setembro de 2013
ASISTENTES: 600 nas sesións / 84 nos obradoiros
ACCESO: de balde (inscrición pevia)

9.5
En familia

EN FAMILIA

Brinca Gaiás

ESPAZO: CINC
DATAS: febreiro - outubro de 2013
Il Cirque D'Amore (17 de febreiro)
Flamenco Kids (10 de marzo)
Concerto para bebés de Paulo Lameiro (28 de abril)
Nuncabunga (26 de maio)
Cucu Haiku (29 de setembro)
Sensacional (27 de outubro)
A man (17 de novembro)
ASISTENTES: 596
ACCESO: 5 euros

Brinca Gaiás é un ciclo de espectáculos para achegarlles a paixón pola música e as artes escénicas aos máis pequenos. Este tipo de actividades teñen grande importancia para a formación dos nenos; por iso, Brinca Gaiás propuxo este ano montaxes de alta calidade, capaces de lle inculcar a toda a familia o gusto por este tipo de espectáculos de diversas disciplinas.

Obradoiro de cigarróns e peliqueiros

ESPAZO: Museo Centro Gaiás
DATAS: 11 e 12 de febreiro de 2013
ASISTENTES: 21
ACCESO: 3 euros

A Cidade da Cultura organizou, con motivo das datas de Entroido, un obradoiro de cigarróns e peliqueiros, baixo a dirección do artista multidisciplinar Manuel Silva. Neste, os participantes aprenderon a fabricar as estruturas ríxidas das máscaras, a decoralas e, de acordo coa tradición dos motivos animais característica destes personaxes, poñer cadansúa pinga de creatividade para a representación final.

Cidade Imaxinaria

ESPAZO: Gaiás
DATA: 24 de agosto de 2013
ASISTENTES: 10.700
ACCESO: de balde

Cabezudos con rodas, ollos voadores, marionetas de carne e óso, magos que non saben facer maxia, titiriteiros, zancudos, pallasos, malabaristas... O sábado 24 de agosto, o Gaiás volveu converterse nunha Cidade Imaxinaria, un día enteiro de espectáculos, xogos e obradoiros ao aire libre para toda a familia, nun ambiente cheo de cor, humor e música para grandes e pequenos.

9.6
Aula Gaiás

AULA GAIÁS

Torneo de Debate Universitario

ESPAZO: Biblioteca de Galicia
DATAS: 29 e 30 de abril de 2013
ASISTENTES: 75
ACCESO: de balde (inscrición previa)

A cultura da oratoria e da retórica a través dunha batalla dialéctica reuniu por primeira vez en Santiago de Compostela, durante tres días, os mellores estudantes universitarios ou de segundo ciclo de Formación Profesional de todos os puntos de España que, nun total de 20 equipos, mostraron o seu dominio da arte da palabra. Xunto a eles, a Cidade da Cultura contou coa presenza de xuíces de recoñecido prestixio e ampla experiencia na arte da dialéctica.

9.7
Letras e pensamento

LETRAS & PENSA MENTO

Nexos: a cultura contemporánea a través das letras

ESPAZO: CINC
DATAS: abril - outubro de 2013
50 anos de Rayuela (6 de abril)
Crónica da condición feminina (4 de maio)
A vida como competición (1 de xuño)
O longo devalo da cultura galega (5 de outubro)
ASISTENTES: 399
ASISTENTES NEXOS INFANTIL: 68
ACCESO: de balde (inscrición previa)

Para comprender as claves e as tendencias de hoxe a través dunha visión panorámica que supere as vellas fronteiras do saber, conxugando ao mesmo tempo os enfoques científico e humanístico, o ciclo Nexos propón un diálogo entre a literatura e outras áreas de coñecemento. Ao longo de cinco sesións abordáronse temas de actualidade ou inmemoriais, co fío condutor do campo literario en conversa fluída con outras disciplinas.

O ciclo conta cunha programación infantil paralela, para o achegamento lúdico dos nenos e nenas aos temas tratados no ciclo.

V Bienal Literaria De Pedra e Palabra

ESPAZO: Museo Centro Gaiás
DATAS: 15 e 16 de marzo de 2013
ASISTENTES: 42
ACCESO: de balde

A Cidade da Cultura de Galicia acolleu a V Bienal Literaria Internacional De Pedra e Palabra, en diálogo coa exposición *Gallaecia Petrea*, unha actividade organizada polo Centro PEN de Galicia para lle dar visibilidade á literatura galega por parte de autores de recoñecido prestixio.

Nesta quinta edición desta cita literaria ofreceuse un achegamento ás literaturas procedentes de diversas rexións de Europa e coas que Galicia non tivo ata agora un gran vínculo: Bosnia-Herzegovina, Polonia, Flandes, Suíza, Hungría, República Checa, Noruega, Escocia, Holanda, Serbia etc.

Día Internacional da Poesía. *Despois de ti, a chuvia*

ESPAZO: CINC
DATA: 21 de marzo de 2013
ASISTENTES: 20
ACCESO: de balde

A Cidade da Cultura celebrou o Día Mundial da Poesía co espectáculo *Despois de ti, a chuvia*, un exercicio escénico entre dous artesáns das letras e da música: Xosé Carlos Caneiro e Emilio Rúa.

Día das Letras Galegas

ESPAZO: Biblioteca de Galicia
DATA: 17 de maio de 2013
ASISTENTES: 120
ACCESO: de balde

A Biblioteca e Arquivo de Galicia foron o escenario da dobre homenaxe a Roberto Vidal Bolaño, protagonista do Día das Letras Galegas 2013, e a Rosalía de Castro, autora da obra *Cantares gallegos* da que este ano se celebrou o 150.º aniversario da súa publicación.

Actividades teatrais, musicais, exposicións e propostas infantís encheron unha xornada na Cidade da Cultura, na que o actor Manuel Manquiña fixo unha lectura do manifesto Teatro do Aquí e interpretou unha pasaxe da obra *Días sen gloria*; o grupo de música antiga Resonet interpretou as melodías e ritmos das cantigas nas que se inspirou Rosalía; e a Biblioteca e Arquivo de Galicia abriron as súas portas para mostrar a exposición *150 anos de Cantares gallegos*.

No bico un cantar

ESPAZO: Gaiás e San Domingos de Bonaval
DATA: 7 de xuño de 2013
ASISTENTES: 400 nenas e nenos

En xuño tivo lugar na igrexa de San Domingos de Bonaval de Santiago de Compostela o concerto *No bico un cantar. Nenos e nenas cantan a Rosalía*, organizado polo Consello da Cultura Galega, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia. Durante a primeira parte do día, máis de 400 nenos de conservatorios e escolas de música profesionais de toda Galicia visitaron a Cidade da Cultura e realizaron un ensaio do posterior concerto que tivo lugar en Bonaval, como clausura desta homenaxe musical de Galicia á obra de Rosalía de Castro.

Spain
FILMS from GALICIA
AGADIC
Axencia Galega das Industrias Culturais
SPAIN

10 INTERNACIONALIZACIÓN E PROXECCIÓN EXTERIOR DA CULTURA GALEGA

Contribuír a posicionar unha imaxe positiva da marca Galicia no mundo no plano cultural, favorecer a proxección das industrias creativas galegas, o establecemento de pontes de diálogo e colaboración con outros países, especialmente de ámbitos lingüísticos próximos, fomentar a presenza da cultura galega en centros de investigación e formación universitaria de distintas cidades do mundo ou reforzar o patrimonio cultural da comunidade emigrante son algunhas das principais estratexias da Xunta de Galicia na proxección exterior da cultura galega.

Ademais das liñas de proxección do libro da Secretaría Xeral de Cultura, ou da Rede de lectorados de lingua e cultura galegas xestionada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) é o departamento da Consellería de Cultura e Educación que canaliza as políticas de difusión e promoción exterior das industrias culturais galegas, articuladas en dous eixes de acción prioritarios: a presenza en encontros internacionais (en colaboración con outras entidades e asociacións profesionais dos diferentes sectores culturais) e o apoio á distribución exterior dos produtos culturais.

As estratexias globais do Goberno Galego en materia de comercio exterior canalízanse a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), dependente da Consellería de Economía e Industria, con medidas facilitadoras da proxección das empresas galegas fóra e do acceso a novos mercados. O Igape desenvolve plans de traballo conxuntos coa Agadic para favorecer esta proxección sectorial. Ademais das liñas conxuntas para a internacionalización das industrias creativas, no web do Igape ofrécese documentación de planificación e xestión empresarial, con modelos específicos para o sector cultural.

10.1
Apoio á internacionalización do libro e da literatura

Unha das principais liñas de promoción de obras galegas nos mercados exteriores é a asistencia ás **feiras internacionais do libro**, un programa desenvolvido en acordo coa Asociación Galega de Editores, que en 2013 definiu a presenza de Galicia en Bolonia, Buenos Aires, Frankfurt e Guadalajara (México).

As feiras internacionais constitúen espazos de promoción, difusión e intercambio de produtos culturais galegos en diferentes ámbitos xeográficos de Europa e de América. A Xunta de Galicia asume a organización, xestión e control de todas as actividades relativas ao posto promocional, persoal de atención aos visitantes, relatores, envío de material, preparación de eventos culturais, así como a edición de materiais promocionais. O orzamento global que a Secretaría Xeral de Cultura destinou a estas feiras internacionais do libro en 2013 foi de 126.932 euros.

Para promover os autores no contexto das feiras internacionais editáronse e distribuíronse nelas 500 exemplares do ***Catálogo de libros infantís e xuvenís de Galicia 2013*** en edición trilingüe (galego/castelán/inglés), coa colaboración de Gálix.

REUNIÓNS DA XUNTA COA FUNDACIÓN GALICIA-AMÉRICA E COA FEDERACIÓN DE SOCIEDADES GALEGAS DA ARXENTINA

No mes de maio, coincidindo coa Feira do Libro de Buenos Aires, a Consellería de Cultura e Educación promoveu na capital arxentina un conxunto de iniciativas de promoción da industria editorial, para difundir a cultura galega e estreitar lazos co colectivo galego local. Ademais das actividades culturais no Instituto Arxentino-Galego Santiago Apóstol, incluíronse no programa reunións de representantes da consellería co Ministerio de Cultura da Cidade, para seguimento da restauración dos murais de Luís Seoane na capital bonaerense, coa Federación de Sociedades Galegas da República Arxentina e co Museo da Emigración Galega (MEGA), co fin de coñecer a marcha dos traballos de restauración e catalogación que leva adiante este museo en arquivos e fondos documentais e fotográficos de institucións galegas pioneiras que se asentaron na Arxentina a principios do século XX. Ademais, mantivéronse reunións institucionais con entidades culturais locais.

Traducións literarias

Outra das principais medidas facilitadoras da chegada da produción literaria galega fóra das nosas fronteiras é a **convocatoria de axudas á tradución**, que contribúe, ao mesmo tempo, ao acceso da cidadanía galega aos textos producidos noutras linguas. En 2013 o investimento nesta liña de subvencións foi de 200.000 euros destinados ás editoriais en concorrencia competitiva.

Novo título rosaliano na colección Galician Classics

Este ano, dentro da colección en lingua inglesa editada pola Xunta de Galicia xunto con Small Station Press, editouse a obra ***Galician Songs*** (*Cantares gallegos*), para a difusión internacional deste clásico da principal autora da literatura galega moderna, cunha tiraxe de 1.000 exemplares.

Literatura galega na rede: Portico of Galician Literature

O portal exterior da literatura galega, o Portico of Galician Literature (www.galicianliterature.com) integrou en 2013 fragmentos de obras de novos escritores, traducidas ao inglés, co fin de ampliar o seu catálogo con extractos textuais de Suso de Toro, Xavier Alcalá, Teresa Moure ou Antón Riveiro. Ademais da información sobre os escritores, das sinopses e da tradución dalgúns fragmentos, o portal tamén serve de escaparate para a difusión de títulos da literatura galega publicados en inglés, entre os que se inclúen *Merlín e familia*, de Álvaro Cunqueiro; *A lingua das bolboretas* e *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas; *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas; ou *Bestiario dos descontentos*, de Miguel Anxo Murado. O portal web tamén ofrece un breve percorrido pola historia de Galicia e da súa literatura.

O obxectivo desta iniciativa promovida pola Secretaría Xeral de Cultura é converterse nun referente da literatura galega para o ámbito anglófono e, en xeral, para a proxección internacional das letras galegas.

En 2013 tamén se presentou o segundo volume da ***Anthology of Galician Literature/Antoloxía da literatura galega 1981-2011***, unha obra promovida pola Secretaría Xeral de Cultura coa colaboración de Edicións Xerais de Galicia e a Editorial Galaxia. Nela preséntaselle ao público lector en lingua inglesa unha mostra da literatura galega contemporánea. A obra constitúe unha continuación da *Anthology of Galician Literature 1196-1981/Antoloxía da literatura galega 1196-1981*, publicada en 2010.

10.2
Centros de estudo da lingua e da cultura galegas en universidades de todo o mundo

A Secretaría Xeral de Política Lingüística renovou no mes de setembro as prazas de 13 novos profesores-lectores de lingua, literatura e cultura galegas, para impartir docencia en lectorados de universidades españolas e estranxeiras adscritas á Rede de Centros de Estudos Galegos da Xunta de Galicia, en concreto, a Universidade Autónoma de Barcelona, a de Estremadura, a de Salamanca, a Cristiá Albertina de Kiel, a de Heidelberg, a de Leipzig, a de Gales-Bangor, a de Varsovia, a de Berlín, a Nova de Lisboa, a de Zádar, a do Estado de Río de Xaneiro e a de São Paulo.

Esta rede integra un total de 37 Centros de Estudos Galegos, dos cales 29 contan con lectorados de lingua, literatura e cultura galegas nos que se desenvolve docencia, investigación e proxección da lingua e cultura propias de Galicia no exterior. Ao longo do curso académico, os centros de estudos galegos desenvolven unha programación de actividades que contribúe a visibilizar, no conxunto do ámbito académico, diferentes aspectos da cultura de Galicia.

Ademais destes espazos de formación e difusión cultural en colaboración con centros universitarios estratéxicos, a Consellería de Cultura e Educación vén colaborando con outras institucións culturais de referencia na proxección exterior da cultura, como a Fundación Galicia-América, que permite contar cun centro de ensino primario e secundario en Buenos Aires, o Instituto Arxentino-Galego Santiago Apóstol, no que centos de nenos e nenas estudan cada ano nun contexto escolar que atende as dúas culturas.

Outros centros de difusión exterior da cultura galega

A **Casa de Galicia en Madrid**, sede institucional da Xunta de Galicia na capital de España, serve de escenario para a difusión da cultura, da economía e do turismo de Galicia. Nas súas tres salas de exposicións e de reunións desenvólvese unha programación permanente de actividades culturais destinadas a dar a coñecer a obra de artistas e intelectuais xa consagrados ou de novos valores, novos temas de investigación e debate vinculados á cultura galega, presentacións de libros, mesas redondas, recitais, concertos etc.

Por outra parte, os **centros galegos na emigración** realizan, ao abeiro de programas apoiados pola Xunta de Galicia, unha extensa programación cultural, que permite proxectar no exterior a creación galega actual. Exposicións, concertos, charlas, presentacións de libros etc. incorporan, desde estes espazos programadores, a cultura galega ás axendas dos seus

respectivos territorios e abren vías de diálogo cultural para os creadores galegos.

Este ano, a Consellería de Cultura e Educación asinou un **protocolo de colaboración co Instituto Cervantes** para executar de maneira conxunta un programa de actividades dirixidas a difundir a cultura e a lingua galegas no exterior.

A Secretaría Xeral de Cultura tamén colaborou no mes de outubro coa programación cultural do encontro de bandas en linguas minoritarias celebrado en Minde (Portugal), coa actuación da banda compostelá Grampoder, que presentou o seu traballo discográfico *GolfWhiskey*.

10.3 Apoio á internacionalización das industrias culturais

Cun investimento de 71.000 euros, a Agadic desenvolveu en 2013 un amplo labor de presenza institucional e apoio económico e loxístico ás empresas produtoras audiovisuais (estas en colaboración co Igape) e musicais para facilitar a súa asistencia aos principais foros internacionais. A convocatoria permitiu a presenza profesional de 31 empresas nos mercados audiovisuais EFM (Berlín), MIPTV (Cannes), Marché du Film (Cannes), MIPCOM (Cannes) e Ventana Sur (Buenos Aires) e na feira musical Womex (Cardiff, País de Gales).

Principais escaparates internacionais para a industria cultural

No marco do seu programa de internacionalización das empresas culturais, a Consellería de Cultura e Educación, a través da Agadic, tivo este ano unha presenza moi destacada nas feiras MIPCOM e Womex celebradas no mes de outubro. Unha decena de produtoras asistiron ao **MIPCOM de Cannes**, do 7 ao 9 de outubro, a principal cita mundial para a compra-venda de contidos audiovisuais de entretemento.

Como en anos anteriores, a Agadic levou o seu propio posto de promoción dentro do pavillón Audiovisual from Spain, onde as empresas galegas contaron cun espazo específico para a difusión dos seus produtos e as súas reunións de traballo. Promovida polo Instituto de Comercio Exterior en colaboración coa Federación de Asociaciones de Productores Audiovisuales de España, a plataforma Audiovisual from Spain estivo integrada nesta ocasión por unha trintena de empresas e institucións estatais e autonómicas.

Con motivo da participación neste encontro, a Agadic preparou, coa colaboración do Igape, a nova edición 2013-2014 de ***Films from Galicia***, catálogo

de empresas e produtos audiovisuais no que xunto coas longametraxes máis recentes, tamén se dá conta da produción de programas para televisión. En MIPCOM difundiuse tamén a publicación ***Ways to Film***, dirixida a promover Galicia como escenario para rodaxes cinematográficas.

O Igape financiou a totalidade dos gastos derivados da participación en **Marché du Film**, **MIPCOM** e **Ventana Sur**, co fin de contribuír a promover a coprodución e a busca de fontes de financiamento no exterior e promocionar os produtos audiovisuais e musicais galegos a través de novas canles de venda.

A presenza institucional e empresarial galega no **Womex** de Cardiff do 23 ao 27 de outubro apostou pola promoción e visibilización de Galicia como sede da seguinte edición do meirande mercado da *world music*, que en 2014 se celebrará na Cidade da Cultura e noutros espazos de Santiago de Compostela. A Consellería de Cultura e Educación dispuxo dunha zona especial con varios stands na área de exhibición e mercado, desde a que se promoveron os selos e artistas da industria musical galega.

Liñas de axudas para a distribución de espectáculos escénicos e musicais

Ademais desta presenza nos principais mercados do sector, as liñas de internacionalización inclúen a convocatoria de **subvencións á distribución** no ámbito das industrias culturais, con modalidades dirixidas de xeito específico á exhibición de espectáculos escénicos e musicais fóra de Galicia e á asistencia a feiras culturais.

Esta liña de axudas públicas da Agadic destinadas ao fomento da actividade escénica mediante a produción de espectáculos, ao funcionamento de salas privadas de exhibición e á distribución interior e exterior, estivo dotada en 2013 de 930.000 euros.

Na liña de promoción exterior do teatro galego, a Agadic patrocinou en 2013 as representacións en lingua galega, con sobretitulado en castelán, de ***Eurozone***, do grupo de teatro Chévere, no Centro Dramático Nacional e no Teatro Valle-Inclán de Madrid.

MICAtlántica. Mercado das Industrias Culturais Atlánticas

Por primeira vez, Arxentina decidiu programar, en datas previas ao seu principal mercado das industrias culturais, un encontro comercial previo fóra do país, convertendo Galicia no socio estratéxico para a apertura de novos mercados próximos culturalmente.

Así, do 23 ao 26 de novembro celebrouse en Santiago de Compostela, coa participación de 410 profesionais, MICAtlántica-Mercado das Industrias Culturais Atlánticas, con reunións e contactos profesionais, foros de debate e programación aberta á cidadanía (como unha exposición de creatividade galega e arxentina, concertos, funcións teatrais, proxeccións de cinema e pasarela de deseño e moda) que, ademais da experiencia de intercambio artístico, profesional e de negocio entre Galicia e Arxentina, permite situar Galicia como escenario e ponte de transaccións comerciais entre latinoamérica, España e Portugal.

Desenvolvido en colaboración coa Secretaría de Cultura da Presidencia do Goberno da Nación Arxentina, para a súa organización abriuse un proceso de participación das asociacións profesionais culturais galegas, e nun primeiro balance de resultados certificáronse 11 acordos bilaterais de carácter institucional e outros 20 de natureza privada. En 2014, ademais do seguimento dos acordos acadados, Galicia asistirá a MICSur, o mercado de industrias culturais para os países de Mercosur que se celebrará en abril en Mar de Plata (Arxentina).

Mostra de cinema galego en Brasil, organizado polo CGAI

O CGAI organizou do 5 ao 9 de novembro a *Mostra de cinema galego en Brasil*, unha proxección na cidade brasileira de São Paulo de cinco filmes, de realización recente, asinados por directores galegos, para fomentar a extensión e difusión do audiovisual de produción galega fóra de España, neste caso no Brasil, na sede do Instituto Cervantes de São Paulo.

Os títulos proxectados foron o documental de Margarita Ledo *Santa Liberdade* (2004), o filme *Doentes* (2011), adaptación da obra teatral homónima de Roberto Vidal Bolaño, a comedia *Os Crebinsky* (2010), de Enrique Otero, a longametraxe de animación gañadora de dous premios Goya *Enrugas* (2012), de Ignacio Ferreras, e o documental con Carlos Núñez *Brasil somos nós* (2011), de Robert Bellsola. Este proxecto do CGAI realizouse en colaboración co Consello da Cultura Galega e co Instituto Cervantes.

galiciantunes

Galician Tunes. Promoción da música galega no ámbito internacional

Galician Tunes (www.galiciantunes.com) é a plataforma de difusión dos grupos musicais galegos no exterior. En 2013 actualizáronse e ampliáronse os contidos desta plataforma web, con referencias de 143 grupos musicais, acceso a 283 discos e a 286 vídeos, 43 empresas do sector e buscadores por estilos que, a partir do proceso de renovación abordado no primeiro semestre do ano, xa están dispoñibles en tres idiomas: galego, castelán e inglés. Incorporouse, ademais, unha listaxe de reprodución de 25 temas musicais baixo o título **Road to Womex**, como anticipo da promoción do Womex en Galicia en 2014.

Proxección das artes plásticas e visuais

A Consellería de Cultura e Educación promoveu a exposición en Madrid do fotógrafo galego Luis Gabú ***Arte y ritual. La catedral de Santiago de Compostela***. O Museo Nacional de Antropología acolleu, do 6 de xuño ao 2 de setembro, 20 pezas de gran formato froito da ollada estética de Gabú, a través do obxectivo da cámara sobre aspectos antropolóxicos e espirituais no ámbito da peregrinación xacobea, no final da ruta de Santiago e no interior da catedral.

A Secretaría Xeral de Cultura tamén colaborou na mostra en Australia do escultor Manuel Ferreiro Badía, ***Sculpture by the sea***. E en México, no Casino Español de México D.F., realizouse en 2013 a exposición de Mingos Teixeira ***Galicia na alma, México no corazón***, que contou coa colaboración da Xunta de Galicia para a edición do catálogo.

10.4
Proxectos de cooperación transfronteiriza

Troco x Troco. Programa de intercambio teatral Portugal-Galicia, da Agadic

Para potenciar o intercambio entre Galicia e Portugal, ao tempo que se favorece a comunicación intercultural e a proxección no ámbito da lusofonía, e atender ao principio de coordinación entre entidades públicas é o cerne do programa Troco x Troco, promovido polo Centro Dramático Galego. Trátase dunha enriquecedora proposta para a cidadanía de ambas as beiras do Miño e para as compañías, na que catro grupos galegos (Teatro do Morcego, Teatro do Noroeste, Sarabela Teatro e Teatro do Atlántico) representan os seus últimos espectáculos en réxime de intercambio nos teatros de catro compañías residentes portuguesas. Un total de 23 actuacións desenvolvidas en Galicia (Narón, Tui, Ourense e Santiago de Compostela) e en Portugal (Braga, Évora, Coimbra e Porto), de xaneiro a decembro de 2013, destinadas ao público xeral, cunha achega da Agadic de 24.000 euros.

Na liña de fomento das relación bilaterais no eido teatral nos dous países, para potenciar o intercambio escénico entre Galicia e Portugal, favorecendo a comunicación intercultural e a proxección dramática no ámbito da lusofonía, a Agadic, en colaboración co Concello de Santiago de Compostela, programou funcións de *Gil Vicente na horta*, a cargo do Teatro Nacional Dona María II de Lisboa no Teatro Principal de Santiago os días 25 e 26 de outubro.

Bienal de Pintura Eixo Atlántico

A Bienal de Pintura Eixo Atlántico, desenvolvida coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura, é a única exposición pictórica itinerante e transfronteriza entre dous países na Unión Europea. Trátase dun importante acontecemento artístico que, ademais de promocionar os artistas da eurorrexión, consolídase como unha das mellores exposicións itinerantes de pintura da Península Ibérica. Na última edición concorreron preto de 300 obras.

Proxecto Proamare

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria adheriuse este ano ao proxecto Proamare, no marco deste programa europeo de cooperación transfronteiriza España-Portugal, que ten por obxecto a creación dunha estratexia turística conxunta asentada na valoración do patrimonio marítimo común de Galicia e Norte de Portugal, que se trata no CAPÍTULO 4 desta memoria, no apartado de turismo cultural.

ANEXO 1

Área de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Xesús Vázquez Abad · CONSELLEIRO

Secretaría Xeral Técnica da consellería
Jesús Oitavén Barcala · SECRETARIO XERAL TÉCNICO

Secretaría Xeral de Cultura
Anxo M. Lorenzo Suárez · SECRETARIO XERAL DE CULTURA

Dirección Xeral do Patrimonio Cultural
María del Carmen Martínez Insua · DIRECTORA XERAL

Axencia Galega das Industrias Culturais
Jacobo Sutil Nesta · DIRECTOR

Fundación Cidade da Cultura
Beatriz González Loroño · DIRECTORA-XERENTE

SUBDIRECCIÓNS XERAIS

Subdirección Xeral de Xestión e Coordinación Cultural
Cristina Fabeiro Varela · SUBDIRECTORA XERAL

Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural
Juan Antonio Naveira Seoane · SUBDIRECTOR XERAL

Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais
Manuel Chaín Pérez · SUBDIRECTOR XERAL

Subdirección Xeral de Bibliotecas
Cristina Rubal González · SUBDIRECTORA XERAL

Subdirección Xeral de Arquivos
Marina García Pita · SUBDIRECTORA XERAL

XEFATURAS TERRITORIAIS

Xefatura territorial da consellería na Coruña
Indalecio Cabana Leira · XEFE TERRITORIAL
Manuel Varela Rey · COORDINADOR DA ÁREA CULTURAL

Xefatura territorial da consellería en Lugo
José Jesús Ramos Ledo · XEFE TERRITORIAL DA CONSELLERÍA EN LUGO
Yolanda Gómez González · COORDINADORA DA ÁREA CULTURAL

Xefatura territorial da consellería en Ourense
M.ª Mercedes Gallego Esperanza · XEFA TERRITORIAL
Gerardo Pumar Pumar · COORDINADOR DA ÁREA CULTURAL

Xefatura territorial da consellería en Pontevedra
César A. Pérez Ares · XEFE TERRITORIAL
José Jesús Ramos Ledo · COORDINADOR DA ÁREA CULTURAL

BIBLIOTECAS

Biblioteca de Galicia

Biblioteca nodal da Coruña Miguel González Garcés
M.ª Mar Lauroba Sánchez · DIRECTORA

Biblioteca nodal de Lugo
M.ª Sol González Regal · DIRECTORA

Biblioteca nodal de Ourense
Rosa M.ª Díaz Naya · DIRECTORA

Biblioteca nodal de Pontevedra Antonio Odriozola
Pilar Fernández Ruiz · DIRECTORA

Biblioteca nodal de Santiago de Compostela Ánxel Casal
Carina Fernández Faya · DIRECTORA

Biblioteca nodal de Vigo Juan Compañel
Inmaculada Serrano Plaza · DIRECTORA

ARQUIVOS

Arquivo de Galicia

Arquivo Central da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Arquivo Territorial da Xunta de Galicia en Lugo

Arquivo Territorial da Xunta de Galicia en Vigo

Arquivo do Reino de Galicia
Gabriel Quiroga Barro · DIRECTOR

Arquivo Histórico Provincial de Lugo
Dolores Pereira Oliveira · DIRECTORA

Arquivo Histórico Provincial de Ourense
Pablo Sánchez Ferro · DIRECTOR

Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra
Carmen Luisa Corgo Solleiro · DIRECTORA

CENTROS DE AGADIC

Centro Dramático Galego e Salón Teatro
Manuel Guede Oliva · DIRECTOR

Centro Coreográfico Galego
Mercedes Suárez Rodríguez · DIRECTORA

Centro Galego de Artes da Imaxe
Guillermo Escrigas Rodríguez · DIRECTOR

MUSEOS E FUNDACIÓNS

Cidade da Cultura de Galicia. Acción Cultural
María Pereira Otero · DIRECTORA

Centro Galego de Arte Contemporánea
Miguel von Hafe Pérez · DIRECTOR

Museo de Belas Artes da Coruña
Ángeles Penas Truque · DIRECTORA

Museo Etnolóxico de Ribadavia
Xosé Carlos Sierra Rodríguez · DIRECTOR

Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro
José Manuel Rey García · DIRECTOR

Museo das Peregrinacións e de Santiago
Bieito Pérez Outeiriño · DIRECTOR

Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
Xulio Rodríguez González · DIRECTOR

Museo do Castro de Viladonga
Felipe Arias Vilas · DIRECTOR

Museo Massó
M.ª Covadonga López de Prado Nistal · DIRECTORA

Museo do Mar de Galicia
Marta Lucio Gómez · DIRECTORA

Fundación Pública Camilo José Cela
Covadonga Rodríguez del Corral · XERENTE EN FUNCIÓNS

Casa da Parra

Illa de San Simón

ANEXO 2

Principais convocatorias de axudas públicas da área de Cultura da Xunta de Galicia en 2013

Subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais en lingua galega

Dirixida a empresas produtoras, a convocatoria está destinada a apoiar a fase de desenvolvemento de longametraxes (ficción, animación, documentais) e películas e miniseries para televisión, para mellorar as posibilidades financeiras, técnicas e artísticas do proxecto.

Modalidades: a. Longametraxes de ficción; *b.* Longametraxes documentais; *c.* Películas para televisión; *d.* Formatos innovadores para televisión; *e.* Pilotos de series de animación para televisión.

ORGANISMO: Agadic
DATA PUBLICACIÓN: 17/09/2013
INVESTIMENTO EN 2013: 50.000 euros

Subvencións plurianuais para producións ou coproducións audiovisuais en lingua galega con decidido contido artístico e cultural

Liñas vixentes de axudas públicas dirixidas a empresas produtoras polas que se apoia a creación de longametraxes (ficción, animación, documental) e series e películas para televisión, co fin de fomentar a produción e a coprodución de películas que contribúan a ampliar a diversidade da cinematografía galega, promovan o talento e consoliden a industria audiovisual (iniciadas en 2010, 2011, 2012 e 2013)

Modalidades: 1. Longametraxes: *a.* Cinematográficas (animación, ficción ou documental); *b.* Ópera prima; *c.* Películas para televisión; 2. Longametraxes documentais: *a.* Longametraxes de creación; *b.* Longametraxes de difusión cultural.

ORGANISMO: Agadic
DATA PUBLICACIÓN: 7/05/2010, 30/05/2011, 19/05/2012, 16/09/2013
INVESTIMENTO EN 2013: 3.290.000 euros

Subvencións de creación audiovisual para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego

Liña de axudas destinada a promover a creación cultural no campo do sector audiovisual realizada por creadores indiviuais.

Modalidades: 1. Escrita de guións; 2. Realización de curtametraxes ou longametraxes dixitais de decidida vocación artística e cultural.

ORGANISMO: Agadic
DATA PUBLICACIÓN: 1/07/2013
INVESTIMENTO EN 2013: 66.000 euros

Subvencións a festivais artísticos en Galicia

Convocatoria dirixida ao financiamento de festivais artísticos (escénicos e musicais) de carácter profesional, celebrados en Galicia e que teñan un interese estratéxico para o sector. O obxectivo é contribuír á celebración e á progresiva profesionalización destes festivais, así como á configuración dun mapa galego coordinado que facilite a participación cidadá.

ORGANISMO: Agadic
DATA PUBLICACIÓN: 12/06/2013
INVESTIMENTO EN 2013: 360.000 euros

Subvencións a festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado

Liña de subvencións destinada a contribuír á celebración de encontros de artes escénicas e musicais no ámbito afeccionado.

ORGANISMO: Agadic
DATA PUBLICACIÓN: 4/07/2013
INVESTIMENTO EN 2013: 40.000 euros

Subvencións ás industrias culturais para fomento da actividade escénica

Axudas dirixidas ao fomento da actividade escénica mediante a produción de espectáculos, ao funcionamento de salas privadas de exhibición e á distribución interior e exterior, para consolidar unha industria cultural competitiva e a alta calidade da oferta cultural galega.

Modalidades: 1. Actividade escénica: *a*. Empresas de nova creación; *b*. Produción de espectáculos de pequeno formato; *c*. Produción de espectáculos de mediano formato; *d*. Produción de espectáculos de gran formato; *e*. Produción de espectáculos de novas tendencias, contemporáneos ou de autor; 2. Crédito Cultura (só na convocatoria de 2012); 3. Salas de teatro e artes escénicas de titularidade privada; 4. Distribución: *a*. Distribución interior; *b*. Asistencia a feiras e outras plataformas de distribución; *c*. Distribución interior; 5. Asociacionismo profesional (só na convocatoria 2012).

ORGANISMO: Agadic
DATA PUBLICACIÓN: 19/04/2012, 17/09/2013
INVESTIMENTO EN 2013: 1.480.000 euros

Subvencións a fundacións, asociacións e institucións culturais sen ánimo de lucro, para promover a programación cultural

Axudas destinadas a fundacións e entidades sen fin de lucro para o desenvolvemento de programacións culturais (festivais de música e baile tradicional, certames para a promoción da cultura, concursos e mostras de pintura, ciclos de conferencias etc.) e dos gastos de funcionamento derivados desa actividade.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura
DATA PUBLICACIÓN: 24/04/2013
INVESTIMENTO EN 2013: 350.000 euros

Subvencións a concellos de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais

Axudas destinadas á mellora e equipamento dos locais das corporacións locais e as súas entidades públicas para mellora do equipamento e das dotacións técnicas dos locais culturais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura
DATA PUBLICACIÓN: 31/05/2013
INVESTIMENTO EN 2013: 400.000 euros

Subvencións a asociacións, fundacións e entidades culturais sen ánimo de lucro para o equipamento e mellora dos seus locais

Cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), esta orde está destinada á mellora dos locais das asociacións, fundacións e entidades culturais sen ánimo de lucro, no que atinxe ao equipamento e mellora dos seus locais.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura
DATA PUBLICACIÓN: 27/06/2013
INVESTIMENTO EN 2013: 250.000 euros

Programa de mellora das colecciónsbibliográficas da rede de Bibliotecas de Galicia

Liña de adquisición de fondos bibliográficos con destino ás bibliotecas ou axencias de lectura públicas municipais de Galicia, á Biblioteca de Galicia e ás bibliotecas nodais no ano 2013.

Modalidades: 1. Cofinanciamento de fondos bibliográficos; 2. Promoción do libro en galego.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura
DATA PUBLICACIÓN: 2013
INVESTIMENTO EN 2013: 816.000 euros

Plan de mellora de bibliotecas escolares

Axudas destinadas á actualización dos fondos da biblioteca, en formato impreso ou electrónico, e á renovación de mobiliario e outros equipamentos necesarios para a prestación dos servizos propios da biblioteca escolar de centros públicos non universitarios de titularidade desta consellería para o curso 2013/14.

ORGANISMO: Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de Educación
DATA PUBLICACIÓN: 19/05/2013
INVESTIMENTO EN 2013: 795.000 euros

Programa de dinamización da lectura nas bibliotecas Ler conta moito

Programa de dinamización da lectura a través da Rede de Bibliotecas de Galicia, para achegar a cidadanía aos libros e á información dunha maneira lúdica, en colabo-

ración cos concellos vinculados á Rede de Bibliotecas de Galicia, que asumen o 25% do custo das actividades.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura
DATA PUBLICACIÓN: 20/03/2013
INVESTIMENTO EN 2013: 140.000 euros

Axudas á tradución ao galego e desde o galego a outras linguas en 2013

Convocatoria de axudas para o libro galego, no que se refire á tradución para outras linguas de obras publicadas orixinariamente en galego e á tradución para o galego de obras publicadas orixinariamente noutras linguas.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura
DATA PUBLICACIÓN: 6/12/2013
INVESTIMENTO EN 2013: 200.000 euros

Axudas plurianuais destinadas á colaboración no financiamento en materia de arquivos

Axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos (organización dos fondos documentais, equipamento, mellora dos locais de arquivo; restauración de documentos e dixitalización de documentos) nos anos 2013-2014. Poden optar a estas axudas as universidades, entes locais e entidades sen fin de lucro galegas.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura
DATA PUBLICACIÓN: 31/07/2013
INVESTIMENTO EN 2013: 148.000 euros

Axudas destinadas á colaboración no financiamento de intervencións arqueolóxicas

Axudas destinadas a promotores particulares para intervencións arqueolóxicas. Poden optar calquera tipo de obras que afecten un conxunto histórico, zona arqueolóxica ou xacementos catalogados ou inventariados, nos casos en que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria determine a necesidade de realizar intervencións arqueolóxicas.

ORGANISMO: Dirección Xeral de Patrimonio
DATA PUBLICACIÓN: 16/09/2013
INVESTIMENTO EN 2013: 50.000 euros

Convocatoria de bolsas de formación en biblioteconomía

Convocatoria vixente en 2013 de bolsas de formación en biblioteconomía mediante colaboración titorizada na organización e descrición de fondos e actividades de biblioteconomía en bibliotecas, baixo a dirección dos técnicos da Secretaría Xeral de Cultura.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura
DATA PUBLICACIÓN: 22/03/2012
INVESTIMENTO EN 2013: 238.790,64 euros

Convocatoria de bolsas de formación en arquivos

Convocatoria vixente en 2013 de 20 bolsas de formación en materia de arquivos para organización, descrición e tratamento técnico dos fondos custodiados nos arquivos municipais de Galicia e outros arquivos de interese galego, baixo a dirección do persoal técnico dos arquivos xestionados por esta consellería.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura
DATA PUBLICACIÓN: 21/05/2012
INVESTIMENTO EN 2013: 111.660,32 euros

Convocatoria de bolsas de formación en museos en materia de patrimonio moble galego

Programa 2012/2013 de bolsas de formación en materia de patrimonio moble en museos propios e xestionados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, nos que os bolseiros realizan a súa actividade dirixidos e coordenados polos servizos técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

ORGANISMO: Dirección Xeral de Patrimonio
DATA PUBLICACIÓN: 21/05/2012
INVESTIMENTO EN 2013: 40.000 euros

Bolsas de formación en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Convocatoria de nove bolsas de formación nos proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, co fin de contribuír á especialización na súa formación académica, profesional ou investigadora no período 2013-2015.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Política Lingüística
DATA PUBLICACIÓN: 18/06/2013
INVESTIMENTO EN 2013: 26.730 euros

Programa de lectorados de lingua, literatura e cultura galegas en universidades de fóra de Galicia

Programa de lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para a Universidade Autónoma de Barcelona, a de Estremadura, a de Salamanca, a Cristiá Albertina de Kiel, Universidade de Heidelberg, Universidade de Leipzig, Universidade de Gales-Bangor, Universidade de Varsovia, Universidade de Berlín, Universidade Nova de Lisboa, Universidade de Zádar, Universidade do Estado de Río de Xaneiro e Universidade de São Paulo, mediante convocatoria de bolsas de profesores-lectores e unha programación anual de actividades culturais dos Centros de Estudos Galegos.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Política Lingüística
DATA PUBLICACIÓN: 13/06/2013, 16/07/2013
INVESTIMENTO EN 2013: 632.614,06 euros

Créditos fotográficos

Páx. 8: Mark Ritchie; páx. 46a: Adolfo Enríquez e 46b: Xulio Villarino, cedidas por Turismo de Galicia; páx 48: cedida por Escoitar.org; páx. 52: cedida por Turismo de Galicia; páx: 53: cedida por Turismo de Galicia; páx 58a: Margen Fotografía, cedida por Turismo de Galicia; páx. 59: Santos-Díez, cedida por Turismo de Galicia; páx. 60: Enrique Touriño Marcén, cedida por Turismo de Galicia; páx. 66: fotografías cedidas por Sirgo Torcendo; páx. 69: Fernando Maestro, cedida por Brinquedia; páx. 71: cedida por Turismo de Galicia; páx. 72: Manuel Lemos; páx. 80: cedida pola Asociación Diversos; páx. 97: Tino Viz, cedida por Turismo de Galicia; páx. 98: Tino Viz, cedida por Turismo de Galicia; páxs. 103 e 104: Xurxo Lobato, cedidas pola Orquestra Sinfónica de Galicia; páxs. 114, 115 e 116a: Mark Ritchie; páxs. 116b e 116c: Paco Rocha; páx. 117a: Paco Rocha, páx. 117b: Xoán Crespo; páx. 117c: Mark Ritchie; páx. 118d: Manuel G. Vicente; páx. 123: Mark Ritchie; páx. 121a: Luis Gabú; páx. 125: Miguel Ángel Fernández; páx.127, cedida por Turismo de Galicia; páx. 129a: Ana Varela; páx. 132: Tino Viz; páx. 133: Miguel Ángel Fernández; páx. 134c: Tino Viz; páx. 135: Ana Varela; páxs. 137 e 138: Manuel Lemos; páx. 142: fotograma do filme *Costa da Morte* de Lois Patiño; páx. 147: Miguel Ángel Fernández; páx. 148: Vicente Domínguez, cedida por Turismo de Galicia; páxs. 150-151: Miguel Ángel Álvarez Alperi: cedida por Turismo de Galicia; páx. 151: cedida por Turismo de Galicia; páx. 155: Vicente Domínguez, cedida por Turismo de Galicia; páx. 162: Charles Brewer-Carías; páx. 182a: Luis Gabú, e páx. 182b: cedida polo artista Manuel Ferreiro Badía.

galicia

DE ASÍS A COMPOSTELA · 1214 · 2014 ·

XUNTA
DE GALICIA